



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 88

Sesión Plenaria
25 de marzo de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 692 (12/PNP-000055)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro regulamento de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 37014 (12/PNP-002726)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f1, do 22.10.2025

4.3 51915 (12/PNP-003448)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no referido á tramitación das axudas destinadas a paliar os danos nas explotacións agrarias, gandeiras e apícolas producidos polos incendios forestais do pasado verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2026

4.4 52432 (12/PNP-003481)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir unha maior eficacia do Bono Concilia Familia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

4.5 52748 (12/PNP-003498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE UU e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026



4.6 53014 (12/PNP-003509)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante as ameazas que supón para o tecido produtivo galego a guerra de EE UU e Israel contra Irán

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

Punto 5. Interpelacións**5.1 27455 (12/INT-001073)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a postura do Goberno galego ante a demanda da actualización da Lei de normalización lingüística de 1983

Publicación da iniciativa, BOPG nº 214f2, do 25.06.2025

5.2 45650 (12/INT-001533)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as políticas que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de que a transición enerxética se faga desde unha óptica social e inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

5.3 50801 (12/INT-001715)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f1, do 26.02.2026

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 53532 (12/POPX-000075)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre os problemas e as dificultades de acceso que se veñen producindo no Sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

6.2 53539 (12/POPX-000076)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego ante a suba dos prezos e o seu agravamento coa guerra en Oriente Medio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 45405 (12/POP-006409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de implementar unha tarxeta de transporte público intermodal con tarifa plana

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3, do 22.01.2026

7.2 53540 (12/PUP-000203)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e dez deputados/as máis

Sobre a valoración do impacto nas actividades asentadas no litoral galego dos cambios introducidos no Anteproxecto de real decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.3 51618 (12/POP-007221)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a apertura dun diálogo formal coa representación das persoas residentes e co persoal técnico da residencia das Gándaras, de Lugo, verbo do seu proxecto de reforma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f3, do 04.03.2026

7.4 49746 (12/POP-006962)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e oito deputados/as máis

Sobre as consecuencias do atraso na aprobación do Plan estatal de vivenda 2026-2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.5 50442 (12/POP-007042)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a calidade das actuais condicións asistenciais do Servizo de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.6 53527 (12/PUP-000201)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a postura do Goberno galego no que concirne ao papel que deben asumir as institucións galegas na recuperación, reparación e restauración da memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026



7.7 53531 (12/PUP-000202)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a postura da Xunta de Galicia no que concirne á sentenza do Tribunal Supremo sobre o pazo de Meirás e ao recoñecemento do dereito da familia Franco a unha indemnización
Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.8 49543 (12/POP-006935)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e dous deputados/as máis**

Sobre as accións previstas pola Consellería do Medio Rural para evitar a forte baixada dos prezos do leite en orixe que se prevé na sinatura dos contratos de finais de marzo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f3, do 11.02.2026

7.9 52004 (12/POP-007288)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Cendán Gayoso, María Nazaret e oito deputados/as máis**

Sobre as axudas postas en marcha coas ordes do 16 e 18 de decembro de 2025 para os proxectos colectivos de restauración da biodiversidade e recuperación de hábitats mariños e costeiros
Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f3, do 11.03.2026



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez horas e catro minutos da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os problemas e as dificultades de acceso que se veñen producindo no sistema sanitario público de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 12.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 15.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego ante a suba dos prezos e o seu agravamento coa guerra en Oriente Medio. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela*. (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante as ameazas que supón para o tecido produtivo galego a guerra de EE. UU. e Israel contra Irán. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica a autoemenda presentada polo propio grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Brais Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 27.) e *Cristina Sanz Arias (P)* (Páx. 29.).

Nova intervención do deputado Brais Ruanova Vilas-Boas (BNG). (Páx. 32.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro regulamento de costas: *aprobado por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións.* (Páx. 33.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as: *aprobada por 63 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.* (Páx. 34.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no referido á tramitación das axudas destinadas a paliar os danos nas explotacións agrarias, gandeiras e apícolas producidos polos incendios forestais do pasado verán: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir unha maior eficacia do Bono Concilia Familia: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

A deputada Olalla Rodil Fernández (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado do punto 1 desta proposición. (Páx. 35.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE. UU. e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE. UU. e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional: *rexeitados por 23 votos a favor, 47 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 35.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante as ameazas que supón para o tecido produtivo galego a guerra de EE. UU. e Israel contra Irán: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Interpelación da deputada Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante a demanda da actualización da Lei de normalización lingüística de 1983. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Mercedes Queixas Zas (BNG). (Páx. 36.)

Contestación da Xunta: conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos). (Páx. 39.)

Réplica da autora: Mercedes Queixas Zas (BNG). (Páx. 42.)

Réplica da Xunta: conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos). (Páx. 44.)



Interpelación do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de que a transición enerxética se faga desde unha óptica social e inclusiva. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 46.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 50.)

Réplica do autor: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 55.)

Interpelación do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Aitor Bouza Manso (S)*. (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 61.)

Réplica do autor: *Aitor Bouza Manso (S)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 67.)

Pregunta dos deputados Paulo Ríos Santomé e Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de implementar unha tarxeta de transporte público intermodal con tarifa plana. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Paulo Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 71.)

Réplica do autor: *Paulo Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 73.)

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do impacto nas actividades asentadas no litoral galego dos cambios introducidos no anteproxecto do Real decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de costas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María Dolores Hermelo Piñeiro (P)*. (Páx. 74.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 75.)

Réplica da autora: *María Dolores Hermelo Piñeiro (P)*. (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 76.)



Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a apertura dun diálogo formal coa representación das persoas residentes e co persoal técnico da residencia das Gándaras, de Lugo, verbo do seu proxecto de reforma. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 78.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 79.)

Réplica da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 81.)

Pregunta do deputado Moisés Rodríguez Pérez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as consecuencias do atraso na aprobación do Plan estatal de vivenda 2026-2030. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Moises Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 82.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Moises Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 85.)

Pregunta da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a calidade das actuais condicións asistenciais do Servizo de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 87.)

Réplica da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 89.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura do Goberno galego no que concirne ao papel que deben asumir as institucións galegas na recuperación, reparación e restauración da memoria democrática. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 93.)



Pregunta do deputado Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia no que concirne á sentenza do Tribunal Supremo sobre o pazo de Meirás e ao recoñecemento do dereito da familia Franco a unha indemnización. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 98.)

Pregunta da deputada Ariadna Fernández González e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as accións previstas pola Consellería do Medio Rural para evitar a forte baixada dos prezos do leite en orixe que se prevé na sinatura dos contratos de finais de marzo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Ariadna Fernández González (BNG)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Ariadna Fernández González (BNG)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 102.)

Pregunta da deputada María Nazaret Cendán Gayoso e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as axudas postas en marcha coas ordes do 16 e 18 de decembro de 2025 para os proxectos colectivos de restauración da biodiversidade e recuperación de hábitats mariños e costeiros. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María Nazaret Cendán Gayoso (P)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 104.)

Réplica da autora: *María Nazaret Cendán Gayoso (P)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 106.)

Remata a sesión ás tres horas e catorce minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez horas e catro minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión. Xa coñecen que esta é a continuación do pleno de onte.

Permítanme que, en primeiro lugar, saúde a quen nos acompañan na tribuna, especialmente os alumnos de 3º e 4º da ESO do centro IES Rafael Puga Ramón da Coruña. Benvidos ao Parlamento todas e todos.

Comezamos coa orde do día de hoxe, en concreto co punto sexto: preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta. Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os problemas e as dificultades de acceso que se veñen producindo no sistema sanitario público de Galicia

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

O nome que recibe hoxe a sanidade pública en Galicia é un nome que é o do abandono. O barómetro sanitario no ano 2016 falaba de que o 75 por cento dos galegos e galegas dicían que había que introducir cambios e que estaban preocupados polo sistema sanitario no noso país. Dez anos despois, no ano 2026, esa porcentaxe subiu ao 90 por cento. É dicir, practicamente todos os galegos e galegas consideran preocupante a situación da sanidade pública no noso país. A situación empeora, a preocupación medra, a confianza no público diminúe, e iso implica unha fuga cara ao sector privado en materia sanitaria.

Estamos asistindo a unha demolición programada do sistema de saúde público no noso país. ¿Que facían vostedes no ano 2016? Cando as listas de espera se disparaban, o que facían era suprimir a información. É un método moi democrático e moi transparente. No ano 2016, por lei, permitían que a Xunta de Galicia suprimise información pública ao respecto das listas de espera. ¿Que pasou no 2018, cando había colapsos e denuncias de profesionais? Era cando dimitiran aqueles xefes de servizo —¿recórdao?— na provincia de Pontevedra porque consideraban que a situación era insostible. Daquela, tamén gobernaba Mariano Rajoy, pero o Goberno da Xunta de Galicia non mencionaba a Mariano Rajoy. Foi un ano despois, no ano 2019, cando a Xunta de Galicia empeza a utilizar o argumento de que a culpa é de Pedro Sánchez. Constituiron, naquel ano unha comisión técnica de atención primaria. Constituiron ata quince comisións dentro dese consello técnico. ¿Solucións? Ningunha clara no día de hoxe. Saltamos ao ano 2023, e no ano 2023 xa hai un «plan Rueda» para poñer fin ás listas de espera e diminuílas. Cifrabas incluso nalgunha cifra, nalgúns extremos, en menos 26 por cento a redución desas listas de agarda. Poñían en marcha un plan de intensificación asistencial no ano 2023, pero no ano 2025 nin se reduce un 26, nin un 20, nin un 10, nin un 1 por cento, senón que aumentan todas as listas de agarda.



Xa estamos no ano 2026, no que neste mes se confirma que o 43 por cento dos pacientes que queren chegar á atención primaria non cumpren con ese obxectivo de lexislatura que marcou vostede de atender os pacientes en atención primaria antes de catro días. O 43 por cento non reciben esa atención neses catro días que din vostedes. Iso foi cunha folga, pero, antes da folga, ¿que acontecía? No ano 2022, eran un 18 por cento os pacientes que non recibían esa atención, e no ano 2025, flutuaba entre o 32 e o 38 por cento. En todo caso, incrementábase. Iso é sen folga. Dígoo para evitar xa as xustificacións de: un, a culpa é de Pedro Sánchez, e dous, a culpa é da folga sanitaria.

Todo iso témolo cos datos da Xunta, porque, se escoitamos a cidadanía, o que di o barómetro sanitario é que as esperas medias son de 9 días. Se imos ás probas diagnósticas e médicas, aí xa se abre un limbo de duración, onde están, en moitos casos, pacientes preocupados porque, si, xogan entre a vida e a morte con esa dilación nas listas de espera para esas probas diagnósticas. Todo iso ocorre cunha debilitación xeneralizada do sistema de saúde pública, cun incremento dos seguros privados de máis dun 20 por cento nos últimos anos, e con noticias que se mesturan na sanidade pública, como eses 470 millóns de sobrecostos no hospital de Vigo, como esas situacións indecentes en materia de saúde mental ou como esas fraudes que se producen no concerto da sanidade.

Todo iso témolo despois de dezasete anos de goberno ininterrompido do Partido Popular. Por iso, despois dese desenvolvemento e dese proceso de desmantelamento programado da sanidade pública, a pregunta é: ¿como vai tomar medidas para resolver os problemas de acceso á sanidade pública que hoxe viven, en realidade, todos os galegos e as galegas do noso país? *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Un saúdo para os alumnos que hoxe nos visitan e nos están escoitando.

Señor Besteiro, para empezar, vostede que colle o barómetro do CIS, diga un dato fundamental, diga que a valoración da sanidade pública polos galegos, por suposto, aproba, e que, por suposto, é superior á media nacional de valoración de todas as sanidades públicas que hai en España. *(Aplausos.)*

Vostede, que é tan de tremendismos —«abandono», dixo; «hospital de Kosovo» chamáronlles algunha vez aos hospitais galegos—, sexa un pouco obxectivo e sexa un pouco valente tamén. ¡Había máis dun ano que non me preguntaba pola sanidade! Que casualidade que agora, que hai... Dicía: a culpa é de Pedro Sánchez. Oia, é que temos unha folga de todos os médicos de España contra unha medida que non quere facer Pedro Sánchez, señor Besteiro. Vostede xa non é o último mohicano do sanchismo, xa non defende a Pedro Sánchez; está defendendo unha ministra que non pisou Galicia en tres anos, por certo, e que —¡coitado!— é das que se sublevaron o outro día no Consello de Ministros. ¡A ver se vai ter problemas por esa defensa!



Fala das listas de espera e o primeiro que fai é meter os datos das listas de espera dos días de folga, e despois di: ben, e antes da folga, tamén. ¿Dáse conta? A xente non é parva. Das listas de espera cirúrxicas, por exemplo, ¿por que non di que a media en Galicia son 72 días e a media nacional, 126 días? ¿E por que non di que a media nas comunidades que goberna o Partido Socialista está moi por enriba da media galega, señor Besteiro? ¡Postos a dicir, dígaos todo! ¡Diga a verdade! Paréceme increíble, sinceramente.

Eu creo que esta pregunta faina de xeito preventivo. Cando a formulou a semana pasada, había dúas folgas. Por certo, acabamos de solucionar unha delas. Supoño que se alegrará, supoño... Hai outra que non solucionamos. ¿Sabe por que? Porque non podemos, porque depende dun ministerio que non lles fai absolutamente ningún caso aos médicos —a todos médicos de España, tamén aos galegos—. Isto é importante e incide na calidade da sanidade. Logo, sen ningún problema, falamos do barómetro do CIS. Vostede xa o citou, polo tanto supoño que lle dará validez, pero temos unha folga convocada agora mesmo por un ministerio ausente que non quere negociar.

A semana pasada preguntábame pola vivenda e dicíame que todas as competencias eran da Xunta. Eu preguntaba, entón, para que servía un ministerio de vivenda e vostede encollíase de ombros, ría e sinalábame co dedo. Pois, eu teño que preguntar para que serve un ministerio de sanidade. Á parte de para que a ministra pasee en coche oficial e non veña nunca a Galicia, ¿para que máis serve? Iso é o «estilo Sánchez»: de problemas que se crean a nivel nacional, as culpables somos as comunidades autónomas.

Eu alégrome moito de poder solucionar problemas. Claro que a sanidade ten problemas e claro que a xente ten todo o dereito do mundo a dicir que hai que facer cambios, permanentemente. Dirao sempre, e nós facémolos. Por iso, aprobamos e, por iso, o nivel de satisfacción, con moitas cousas que mellorar —nunca o neguei—, está por enriba da media nacional. ¡Alá vostedes con estas comparacións e alá vostede con este tremendismo!

Dígolle unha cousa con todo o orgullo: a sanidade pública galega, con todas as eivas, con todas as cousas que hai que corrixir e con todos os fallos de todo o mundo, incluída a Administración e incluída a Xunta de Galicia, é unha sanidade de enorme calidade que non merece os seus cualificativos, señor Besteiro. É moitísimo mellor —¡onde vai parar!— do que era cando vostedes gobernaban. (*Aplausos.*) É mellor do que era hai dous anos, porque hai que mellorar sempre, e estou seguro de que ten que ser mellor dentro de dous anos. A iso nos adicamos. Defendemos dende a Administración, incluso fronte aos médicos, aquilo que cremos que hai que defender con firmeza, con principios e pensando nos recursos públicos, pero tamén chegamos a acordos. Esa é a diferenza. Se temos un problema, intentamos solucionalo.

Vostede vén defender hoxe aquí unha ministra e un goberno que levan meses negándose a negociar con absoluta soberbia. Eu fágolle unha recomendación: sexa un pouco menos de Más Madrid e sexa un pouco máis de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Para a réplica, o señor Besteiro.



JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu véñolle defender aquí os pacientes, ¿sabe? (*Aplausos.*)

Vostede poderá facer as valoracións que considere oportunas. Ademais, fíxeno facendo un relato histórico —para que non pense vostede que quedo coa cifra do último mes ou do último ano— do que fai o Partido Popular en materia sanitaria. Xa hai ameazas tamén noutras comunidades autónomas. É dicir, esta demolición programada non acontece soamente en Galicia; acontece noutras partes do territorio. É o que eu veño denunciar aquí, pero baseado nos datos, neses dezasete anos do Partido Popular dos que vostede formou parte como Goberno, unhas veces como conselleiro e outras veces como presidente da Xunta de Galicia. Esa é a denuncia que nós facemos.

E defendemos a posición dos pacientes e a situación dun sistema que queremos preservar: un sistema público sanitario forte, sen desviacións cara á actividade privada, que cubra todo o mundo, cun escudo social sanitario para todo o mundo, forte e de calidade. Iso é o que prima na nosa acción política.

Precisamente hoxe, no Congreso dos Deputados, hai un presidente do Goberno que está defendendo un escudo social e que vai ao Congreso dar a cara e explicar o que está facendo. En sanidade é o que ten que facer vostede. Por iso lle fixen ese relato histórico desde o ano 2009; non desde o 2009 —fíxese—, senón desde o 2016. E os datos son os que son, ¿que lle imos facer?

Os datos dese barómetro son que en atención primaria Galicia está á cola, nese marco no que vostede dicía que en catro días ían atender todos os pacientes do noso país, pero non é certo. Antes da folga, os datos eran que case o 40 por cento —o 38 por cento— deses pacientes non recibían esa atención en catro días; e iso cos seus datos, porque, cos datos da xente que opina libremente, sabe que a asistencia sanitaria en atención primaria en moitos casos é dunha media de nove días, en moitos casos. ¿E a realidade cal é? Que hai 378.749 persoas en lista de espera, é dicir, case 400.000; iso son case 50.000 máis que na última oleada.

Son as peores cifras da década aquí, en Galicia: todos os indicadores en vermello —a vostede pódelle dar igual—; case 98 días para probas diagnósticas; 72 días —case 73 días— para operacións; e, se xa imos a situacións extremas, teñen que esperar ou agardar máis de seis meses para obter o resultado desas probas diagnósticas. Esa situación de preocupación que viven os pacientes en moitos casos supón a situación de vivir á expectativa entre a vida e a propia morte. Ese é o sistema.

O que nos preocupa é esa debilitación constante da saúde pública. En moitas especialidades a xente xa non está pensando en acudir á saúde pública; están pensando en ir á privada. Hai moitas especialidades nas que iso se produce así. ¿O incremento dos seguros privados non lle chama a atención? Esa situación de debilitación é constante.

Por iso, a preocupación, e o que eu espero dun presidente da Xunta que estea á altura, é como defende e protexe o sistema sanitario público que nos protexe a todos, os que teñen máis e os que teñen menos. (*Aplausos.*) E as excusas...



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: ...vense no momento da tradución aos propios orzamentos. (*Aplausos.*) Nós planteamos opcións e diferentes medidas nos orzamentos para mellorar a sanidade pública. Todas foron rexeitadas porque vostedes non se queren comprometer coa sanidade pública, vostedes non se queren comprometer cos pacientes en Galicia. Vostedes queren pasar de rondón e seguir nesa programación de desmantelamento da sanidade pública en favor da privada. Ese é o seu obxectivo político...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: ...aquí, en Galicia, e no resto do Estado. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, di que vén aquí defender os pacientes. ¿Si? Pois, se quere defendelos, dígalle á ministra que os médicos galegos e os de toda España —non; pon esa cara...— están en folga contra un acordo do Ministerio e a ministra non os quere nin recibir. (*Aplausos.*) Dígalle iso, señor Besteiro.

É que eu lle digo sempre o mesmo —perdoe—: axúdeme a axudalo. Se quere ter unha mínima credibilidade, non pode vir aquí dicir que defende os pacientes, e a folga que está atrasando miles de actos médicos e de operacións contra unha decisión do Ministerio e unha ministra que non os quere nin recibir vostede nin a menciona. ¿Por que? ¿Non se atreve? ¿Teme molestar? ¿Dálle igual? Señor Besteiro, sexa minimamente coherente e sexa consciente da situación.

Mire, fala da privada. ¡Pero se vostedes en catro anos metéronlle máis cartos á privada que os gobernos do Partido Popular desde o ano 2009, señor Besteiro! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si! Efectivamente.

Fala do escudo social —o que se está debatendo hoxe—, o que está explicando Pedro Sánchez. Ao que pagamos os galegos non se refire. (*O deputado José Ramón Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, non o pagamos os galegos. Ao mellor, vostede non o paga; o resto si que o imos pagar. Non pagamos os galegos o escudo social, moi ben.

Sinceramente —para centrar un pouco a miña resposta—, vostede, cando compara a sanidade galega —os seus hospitais— cos hospitais de Kosovo e di que está en total abandono, ¿díu sinceramente? Cando fala do CIS e o manexa... (*O deputado José Ramón Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non dixu que está en total abandono... ¡Pero se acaba de dicilo na primeira intervención, señor Besteiro! O do hospital de Kosovo ao mellor



non o dixo vostede, pero díxoo calquera dos que o rodean; (*Murmurios.*) pero, ¡claro!, vostede non ten nada que ver co seu grupo. Esa é a impresión que nos dá moitas veces, señor Besteiro. (*Aplausos.*)

Mire, xa llo dixen: claro que hai que mellorar as cifras das listas de espera, pero estamos, afortunadamente, moi por enriba, para ben, da media nacional, e xa non nos comparemos coas comunidades socialistas, algunhas absolutamente disparadas. Polo tanto, señor Besteiro, un pouco de coherencia.

E, se quere falar do CIS, fale do que lle dicía antes: aproba a primaria, con mellor valoración que a media nacional; o 82 por cento dos galegos aproban as consultas con especialistas e incluso melloran a súa valoración desde a última consulta; medra en 10 puntos a porcentaxe de galegos que din que non teñen problemas para ser atendidos polo seu médico de familia; a satisfacción coa medicina primaria aproba, cun 6,15 por cento; a valoración da asistencia en hospitais públicos supera o 7 e xa está por enriba da media nacional, un ano máis.

Estes son os datos do CIS, señor Besteiro. Claro que nos gustaría que fosen mellores, e para iso traballamos, pero son datos moi bos. Vostede non os vai ler; loxicamente, collerá os dous parámetros que cre que lle conveñen. Xa lle digo que nunca neguei que había problemas. Por iso estamos investindo en sanidade máis que nunca, estamos negociando nas partes que nos corresponden e estamos denunciando que hai un ministerio que parece ser que atopa algún tipo de rédito político en que nos desgastemos os demais pensando que eles non se desgastan, pero o que se desgasta é a sanidade pública, señor Besteiro. Nós seguiremos traballando.

Mire, non lle vou dar as cifras de investimento —que coñece de sobra e que lle dan igual—, que son absolutamente siderais comparadas coas que tiñan vostedes, sen ningunha dúbida. A única que era maior é o investimento en sanidade privada; a súa, en proporción, era moitísimo maior que a nosa, jesa si! (*Aplausos.*)

Pero mire —e remato xa, señor presidente—, voulle dar un exemplo de como queremos seguir sendo pioneiros: estamos á cabeza en vacinación infantil, e non de España nin de Europa, senón do mundo. Imos poñer en marcha unha nova vacina —xa temos dúas— contra a meninxite, que agora está tristemente de actualidade outra vez. Imos introducir unha nova vacina fronte ao meningococo B, que se lles vai administrar a todos os nenos e nenas galegas cando teñan 12 anos. E os nenos e nenas galegas, cunha sanidade pública de calidade, serán os mellor protexidos do mundo, señor Besteiro —unha proba máis—. (*Aplausos.*) Todo isto sen soflamas, con rigor, sen soberbia, con recursos e con traballo.

Mire, ao final, cando falamos de «Galicia calidade», eu sempre digo que é moito máis que o que a xente pode identificar nunha primeira instancia. Das cousas máis importantes, os servizos públicos —fundamentais—. Por iso, seguiremos traballando, a pesar dunha ministra, dun ministerio, dun goberno e dun portavoz da oposición do Partido Socialista aquí en Galicia totalmente ausentes, para que a sanidade pública galega sexa o mellor expoñente de «Galicia calidade».

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de dona Ana Pontón, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego ante a suba dos prezos e o seu agravamento coa guerra en Oriente Medio

O PRESIDENTE: Cando queira.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Permítanme darlle tamén a benvida ao alumnado da Coruña do IES Puga Ramón.

Señor presidente do Parlamento, señor Rueda, a última guerra dese tándem criminal Netanyahu–Trump xa provocou miles de persoas asasinadas e centos de miles de persoas desprazadas. Esta é a cara máis terrible desta barbarie que nos está poñendo en perigo a todos e a todas. Por iso, unha vez máis —e as veces que faga falta—, volveremos dicir «non ao imperialismo», «non á OTAN» e «non á guerra». (*Aplausos.*)

Pero esas bombas que caen en Oriente Medio tamén están golpeando os galegos e as galegas en forma de suba de prezos, facéndolles máis difícil aínda o seu cada día. Porque esta guerra que o Partido Popular xustifica é un gran negocio para unha presa de multinacionais do petróleo, pero é, desde logo, un desastre para as familias e para as maiorías sociais do noso país. Encher o depósito, por exemplo, dun tractor chegou a ser un 50 por cento máis caro, e estamos falando de 24 millóns de litros de gasóleo agrícola cada mes. Pense, señor Rueda, nunha explotación de leite ou de carne: ten que pagar máis caro o combustible, máis caros os fertilizantes e pensos máis caros, e este mes vai ter a noticia de que lle baixan o prezo do leite. Pense tamén, señor Rueda, nas familias: estalles subindo a luz e o gas, e cada día custa máis encher a neveira, porque calquera que vaia facer a compra sabe o que está subindo a carne, o que está subindo o peixe, o que están subindo os ovos ou o que están subindo as verduras.

Señor Rueda, eu pídolle que bote contas, porque aos gandeiros e á xente do mar do noso país non lles dan as contas e ás familias tampouco lles dan os salarios e cada vez teñen máis dificultades para poder chegar a fin de mes.

E a cuestión, señor Rueda, é: mentres pasa todo isto e as familias do noso país teñen cada vez máis dificultades, ¿que fai o presidente da Xunta?, ¿onde están as súas medidas, señor Rueda? Non hai nada de nada. Un mes despois dos bombardeos, vostede segue aquí cruzado de brazos e botando balóns fóra —que supoño que é o que virá facer unha vez máis a esta sesión de control—. ¿E sabe o máis dramático? Que a ninguén lle sorprende, porque, neste país, cando hai un problema, o presidente da Xunta nin está nin se espera. (*Aplausos.*)

Desde o BNG, como goberno alternativo, traemos a este Parlamento medidas a favor das familias e das pemes, propoñendo que se mobilicen 700 millóns de euros nun paquete de medidas onde queremos axudar a xente e os sectores produtivos, con propostas como axudas



directas para os sectores afectados, liñas de crédito para as pemes e os autónomos ou poñer en marcha un escudo social galego que contemple medidas como un bono de transporte universal por 30 euros, duplicar o complemento das pensións máis baixas ou levantar as peaxes das autoestradas da Xunta.

Estas son algunhas das propostas do BNG. A cuestión, señor Rueda, é cales son as súas. ¿Ou vai seguir deixando na estacada os galegos e as galegas? *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, para centrar a cuestión, ¡eh!, vostede fala de banda criminal e do impacto que teñen as súas accións contra as familias. Moi ben, de acordo, pero recórdolle que, cando foi a guerra de Ucraína, as familias galegas tamén sufriron, como mínimo, como están sufrindo agora, e vostedes foron incapaces de condenar a invasión de Ucraína por Rusia. *(Aplausos.)* ¡Foron incapaces!

¡Oia!, de verdade, dicir a palabra «criminal» nestes momentos que estamos vendo as excarceracións de asasinados de ETA, apoiadas por Bildu... *(Murmurios.)* ¡Si, si, poñan esa cara! Van de ganchete con eles a todas as partes e, polo tanto, son cómplices desas cousas tamén, ¡por suposto que si! *(Aplausos.)*

Unha vez feitas estas reflexións, que eu considero necesarias para saber onde está un e onde estamos os outros, vostede di do seu «gobierno alternativo»; pois nada, siga con iso. Aparece de vez en cando —está moi ben—; o noso aparece cada vez que hai eleccións. Esa é a dife-
renza. *(Aplausos.)*

Pero, se quere outra reflexión, que creo que vén ao caso, vouna facer. ¿Que estaría dicindo vostede? Xa llo digo eu: como hai guerra en Irán, os orzamentos que temos este ano van ser os deste ano, os do que vén, os do outro, os do outro... Porque, como hai guerra en Irán, ¿que estaría dicindo vostede? Pois supoño que nada, porque é o que di o «puto amo», como lle chaman algúns do seu partido de Madrid, e vostedes aplauden coas orellas, non din absolutamente nada, ségueno apoiando.

Menos mal que aquí non facemos iso, señora Pontón. Somos confiables, somos fiables, temos orzamentos e por iso podemos reaccionar fronte a este tipo de situacións.

Mire, a semana pasada no Senado o Partido Popular presentou unha serie de medidas para amortecer os efectos da guerra: baixada de impostos, apoio ás industrias, apoio ás familias deflactando o IRPF... ¿Que fixeron vostedes? Por suposto, acompañar o Goberno socialista e votar en contra. Si, faláron moito de Netanyahu, do felices que están os cubanos coa súa ditadura, do felices que eran os venezolanos antes de invasión, todo iso, *(Murmurios.)* pero ao final votaron



que non, como sempre. Fixeron o que mellor saben facer, señora Pontón: votar que non e agachar as orellas, o de sempre. ¡Tan bravos aquí (*Aplausos.*) e tan mansiños en Madrid!

E agora o seu aliado Pedro Sánchez decide, sen consultar ningunha comunidade autónoma, poñer un escudo social, que dicía o señor Besteiro, repetindo a ladaíña que lle mandaron repetir. Vale, pois moi ben, pois case dúas terceiras partes vanse pagar con ingresos dos galegos, que en teoría viñan aquí para soste servizos públicos. Que non digo que non houbera que facelo, pero había que consultar. ¡Vaia independentistas son vostedes, que non dixeron nada por iso! (*Murmurios.*)

E, ao final, xa unha parte importante das medidas de urxencia que hai que tomar —supoño que se aprobarán— xa as estamos pagando os galegos. Sexa coherente co seu nacionalismo. Poña iso en valor, como mínimo, e despois vaíamos ao resto que hai que facer.

Xa nos puxemos a traballar. Hai dúas semanas xa analizamos no Consello da Xunta de Galicia os primeiros impactos. Fomos a primeira comunidade autónoma en falar cos clústeres para ver que medidas hai que facer, e xa lle anuncio que no seguinte Consello da Xunta de Galicia levaremos un plan de máis de 150 millóns de euros para atender especialmente aos sectores industriais que crean emprego, que peor o están pasando, para sumalo a ese escudo social que pagan os galegos (*Aplausos.*) para que a xente o pase un pouco menos mal.

Agora na réplica voulle explicar, no tempo que teño, moi breve, unhas pinceladas de en que consiste. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa sei que dá igual. Vostedes van facer o de sempre, sen coñecelo: descualificalo, dicir «non» e intentar tiralo; o seu «non» por sistema. Xa lle digo que menos mal...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): ...que aquí hai estabilidade, sentidiño, e, por moito ruído que haxa, os galegos saben que non lles imos fallar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor bulopresidente, unha mentira (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) repetida mil veces segue sendo unha mentira. (*Aplausos.*) O BNG condena todas as guerras e todos os ataques á soberanía doutros países, incluída a de Ucraína. Veremos hoxe, señorías do Partido Popular, se condenan ou non a invasión de Irán, e se se poñen do lado correcto da historia ou seguen sempre do lado equivocado, nesa foto fixa dos Azores; veremos hoxe que fan, señorías. Tamén veremos que votan nas medidas que hoxe trae a este Parlamento o BNG.

Mire, señor Rueda, o escapismo de hoxe creo que xa é algo ao que nos ten acostumados, pero é que cada vez vai a máis. Eu preguntolle polas medidas que vai tomar para poder axu-



dar as familias, para poder axudar os gandeiros, para poder axudar a xente do mar, ¿e vostede fálame de ETA, que leva unha década desaparecida? *(Aplausos.)* Señor Rueda, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡por favor!, parece que a botan de menos; parece que a botan de menos, señorías do Partido Popular. *(Murmurios.)*

E é unha mágoa, porque o que nos tiña vostede que responder, señor Rueda, é que vai facer. O Partido Popular, cando o señor Sánchez anunciou as medidas, dixo que llas copiaran. Agora parece que non lle gustan. E o señor Rueda pois tamén nos acaba de aclarar algo que está moi ben, ¿non? Ao señor Rueda só lle gustan os agasallos fiscais que lles fan aos máis ricos. Esas son as únicas rebaixas fiscais *(Aplausos.)* que lle gustan ao señor Rueda.

E, ante a situación que teñen, o que nos di é que para a semana que vén. Mire, señor Rueda, en momentos críticos é cando se ve se un goberno está á altura e se é capaz de axudar as familias, e as familias deste país non poden seguir agardando. Fíxese: o Goberno de Cataluña aprobou 400 millóns en axudas para mitigar o impacto da guerra; o Goberno vasco activou un escudo industrial de 1.047 millóns de euros para facer fronte ao conflito de Oriente Medio; o Goberno de Murcia contemplou 877 millóns de euros en axudas, xa o fixo a mediados de marzo; e vostede dinos a ver a semana que vén se activa 140 millóns de euros, que non van chegar absolutamente para nada.

Mire, señor Rueda, vostede non está nin se lle espera, chega sempre tarde, vén aquí arrastrando os pés e —o máis grave— deixando na estacada as familias deste país, os sectores produtivos que están pasando por unha situación máis difícil, que lles complica moito máis esta guerra que se está producindo en Oriente Medio, e que o seu partido apoia e xustifica.

Eu o que lle pido é que, por unha vez, por unha vez, señor Rueda, estea á altura do seu cargo e que se aproben medidas. E mire, se non ten ideas, se aínda as están pensando, ten un paquete que hoxe traemos a este debate no Parlamento galego que pode apoiar e poñer en marcha, porque isto será bo para o país. Cópieas, señor Rueda, porque non nos preocupa; será bo para os galegos e as galegas. E, sobre todo, deixe de arrastrar os pés e pense que vostede é presidente da Xunta de Galiza e que ten que estar á altura dun momento tan difícil como este. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Bulopresidente, señora Pontón. E ¿agora que fago? ¿Vítimízome? ¿Oféndome, como fai vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Digo que me falta ao respecto? Non vale a pena, sinceramente. ¡Como lle doe o de Bildu, eh, cada vez que llo dicimos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ¡que va!, ¡como lle doe!

Mire, o que máis lle doe é a verdade, e vostedes, igual que son incapaces de condenar a ditadura comunista, de condenar a ditadura venezolana, de ser amigos do Partido Comunista de Vietnam, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* foron incapaces... —Si, si, ríase moito;



ben, vostede non, os seus xefes, os que mandan, vostede non o sei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* ¡Ah! Ben, os que mandan, os que mandan, os que mandan, os que deciden—..., e quedará para a historia deste Parlamento, de condenar a Rusia pola invasión de Ucraína, e isto é o que hai, señora Pontón, *(Aplausos.)* e isto é o que hai.

E seguen sen entender nada. Ese nacionalismo excluínate, ese nacionalismo do «non» dita sentenza outra vez. A ver que fan respecto das nosas propostas. Se non as apoian, por suposto estaremos equivocados e non teremos dereito nin a respirar, porque só vostedes teñen razón, e así levan moitísimo tempo. O totalitarismo é iso: se non están de acordo comigo, é que están equivocados; non hai ningunha posibilidade de que nós poidamos tamén ter razón, ou algo de razón, e así lles vai. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señora Pontón, ¿sabe que? Cando todo isto que está pasando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Rodil, non se poña tan nerviosa, déixeme falar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sabe que pasa? Que este tipo de situacións pónenos aínda máis en evidencia, destapan máis as vergonzas.

Esa dependencia enerxética, que está subindo os prezos, contra a que hai que reaccionar, é a que vostedes queren para Galicia, opoñéndose a calquera proxecto; esa pobreza, esa Galicia gris, esa Galicia do «non» que quere o nacionalismo, vese claramente cando chega un conflito. Esa potencia que lle queremos dar a Galicia, esa suficiencia de recursos para non depender destes impactos, é pola que traballa e traballará o Partido Popular, *(Aplausos.)* e estou de acordo en que está de acordo a maioría do pobo galego.

E, mentres, seguimos traballando. Resulta que sobre as medidas que presentou o Partido Socialista —que insisto en que as pagamos os galegos— non lle escoitei unha soa palabra. Póñao en valor, señora Pontón, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que son máis de 120 millóns de euros que van directamente a axudar as persoas; primeira aportación que fan os orzamentos da Xunta de Galicia, que son os orzamentos de todos os galegos. Resulta que esas medidas son as mesmas que presentou o Partido Popular no Senado. Entón, ¿por que non as apoiaron, señora Pontón, nese momento, e as van apoiar agora? Polo de sempre, por esa bravura que teñen aquí e que non teñen en Madrid. Alí, *si bwana* ao «puto amo», *(Aplausos.)* e isto é o Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E, mentres, mire, eu xa sei, eu xa sei, señora Pontón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Di vostede que imos presentar o luns as medidas. É que antes xa estivemos falando e queremos que sexan efectivas. *(Murmurios.)* Xa sei que, cando non se gobernou na vida, como é o caso de vostede, en tres décadas que leva aí sentada, é moi fácil propoñer medidas ao tuntún; total, non vai ter que manexar o orzamento, e cre que o orzamento é inesgotable e se pode manexar como sexa e que dá todo igual. Pero nós temos a responsabilidade de gobernar e de falar coa xente e de escoitala, porque non estamos na verdade absoluta. E por iso, eses 150 millóns... Por certo, que tomen nota os empresarios: resulta que axudar as empresas que crean postos de traballo e riqueza é axudar os máis ricos. É o que acaba de dicir vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, que non o merecen en absoluto, e téñoos aquí apuntado. Ben, non vale a pena nin lelo, pero ben... Os insultos, os insultos de sempre aos empresarios; intentar que as empresas que agora mesmo están comerciando con



Oriente Medio, que o están pasando francamente mal, que supoñen decenas de miles de postos de traballo en Galicia, o pasen un pouco mellor, iso non vale de nada. Ou que non o pasen tan mal, porque o pasan mal os seus traballadores, que non son inimigos de ninguén, señora Pontón. Iso é o nacionalismo: inimigos, calquera que crea riqueza que non está na Galicia pobre e gris que vostedes queren é un inimigo para o BNG. A xente ten que sabelo as veces que faga falta, señora Pontón, *(Aplausos.)* as veces que faga falta.

Mire, imos axudalos —e remato xa, señor presidente— con circulante —porque o necesitan agora mesmo—, con créditos rápidos —en dez días váiselles responder—, porque o están pedindo as empresas que comercian con esa zona especialmente. Por suposto o sector primario, acelerando todas as axudas a aqueles que fixeron grandes investimentos e que agora necesitan ese apoio económico. Tamén ao sector marítimo lle daremos axudas importantes. Por suposto adiantaremos as PNC e as Risga, e o que faga falta á xente que o estea pasando mal. Daremos axudas compensatorias ao transporte que se lle fai á Xunta de Galicia, pola subida do fuel. Faremos todo aquilo que sexa necesario dentro das posibilidades orzamentarias. Prometer por prometer non vale de nada.

E unha última diferenza, señora Pontón. Mire, eu podo vir aquí criticar a quen sexa, se creo que ataca os intereses de Galicia, e isto é moi importante, porque condiciona moitos discursos. Se Trump está facendo disparates, como creo que está facendo, bastantes disparates, hai que dicilo; se a Unión Europea ten que reaccionar máis do que está reaccionando, hai que dicilo; se o réxime de Irán é un réxime ditatorial que despreza os homosexuais e as mulleres, e é un réxime terrorista, hai que dicilo tamén, señora Pontón, hai que dicilo. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Remate.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): ¿Sabe cal é o problema? Que eu podo dicilo sen ningún problema, porque teño a liberdade e o apoio da xente e defendendo Galicia. Vostede, se critica...

O PRESIDENTE: Remate.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): ...un minuto calquera ditadura comunista das que lles gustan aos seus verdadeiros xefes da UPG...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): ...non dura aí nin cinco minutos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* aínda o tempo que leve, je mire que leva tempo!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día: proposicións non de lei.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante as ameazas que supón para o tecido produtivo galego a guerra de EE. UU. e Israel contra Irán

O PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Brais Ruanova Vilas-Boas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a poñer en marcha un Escudo Social Galego para facer fronte á crise derivada da guerra iniciada polos EUA e Israel en Oriente Medio que conteña, como mínimo, as seguintes medidas:

- 1. Duplicar o complemento autonómico para as pensións non contributivas, para garantir que as persoas maiores e en situación de vulnerabilidade non vexan minguado o seu poder adquisitivo ante a subida de prezos.*
- 2. Pór en marcha un Bono de Transporte Social que permita o uso ilimitado de todos os transportes públicos de titularidade autonómica por 30 euros ao mes, facilitando a mobilidade das clases traballadoras e reducindo a presión sobre os orzamentos familiares.*
- 3. Crear liñas de crédito e avais do 100% a través do IGAPE para PEMES e persoas autónomas afectadas polo encarecemento de custos, con períodos de carencia de ata catro anos e tipos de xuro bonificados, priorizando empresas con capital maioritariamente galego.*
- 4. Establecer un Fondo de Garantías Loxísticas para exportadores, destinado a cubrir sobrecostos imprevistos en fretes internacionais e gastos de almacenaxe derivados da reconfiguración de rutas polo conflito.*
- 5. Ampliar e simplificar os programas de apoio á liquidez para PEMES, microempresas e persoas autónomas, con procedementos áxiles e resolución en prazo máximo de 15 días.*
- 6. Conceder axudas directas aos sectores máis expostos á subida dos combustíbeis: transporte de mercadorías e viaxeiros; pesca, especialmente a frota artesanal e sector mexilloeiro; e sector agrogandeiro, mediante compensacións proporcionais ao consumo e á actividade real.*
- 7. Levantar as peaxes das autoestradas de titularidade da Xunta así como demandar o mesmo das autoestradas titularidade do Estado (AP-9 e AP-53) para reducir os custos loxísticos e de desprazamento das familias e empresas galegas.*



8. *Extremar o papel da Comisión Galega da Competencia para investigar e sancionar prácticas especulativas ou abusivas nos prezos dos combustíbeis, da electricidade, do gas e dos produtos de primeira necesidade.*

9. *Crear un Fondo Extraordinario de Apoio aos Concellos, para compensar o incremento dos custos na prestación de servizos públicos básicos (recollida de lixo, auga, transporte escolar, etc.) derivado da escalada de prezos.*

10. *Impulsar unha Mesa de Avaliación de Crise do Escudo Social Galego, como órgano permanente de diálogo e seguimento con representación da Administración, organizacións empresariais (con presenza garantida das PEMES), sindicatos, universidades e entidades do terceiro sector, para avaliar o impacto das medidas, propor axustes e canalizar demandas sectoriais en tempo real.>>*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Brais Ruanova.

BRAIS RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidente.

Entendemos que os feitos son menos importantes que os anuncios. Por iso o Goberno marcha cando imos debater dez medidas para a cidadanía. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se quere intervir, veña aquí, señora deputada.

Hai dúas cuestións que foron bastante relevantes da intervención do presidente Rueda. A primeira, que só fixo anuncios, e as galegas, se comeramos de anuncios, estaríamos máis que servidas, porque é o único que sabe facer o Goberno galego. (*Aplausos.*) A segunda é que en máis de seis minutos de intervención do presidente, o xefe do Executivo dun país como Galiza foi incapaz de condenar unha guerra ilegal en Oriente Medio; (*Aplausos.*) lamentable, lamentable, nun Partido Popular tirado ao monte, lamentable.

E eu quero comezar a intervención aproveitando un pouco o carácter técnico e falar de que no mundo da industria e no mundo da seguridade hai un principio que se chama o da redundancia. A redundancia é un principio que nos di que, cando hai un sistema principal, se crea como un sistema paralelo para garantir a seguridade e o bo funcionamento dese sistema principal. Por poñer un exemplo, se estamos operando unha máquina e o sistema de protección principal falla, o sistema de seguridade redundante entra en acción e garante que esa máquina poida ser operada de xeito seguro por calquera persoa.

O problema sería que a redundancia pasara a ocupar un primeiro plano no que ten a ver coa xestión dunha planta. Un equipo directivo dunha empresa redundante que soamente actúe cando o equipo directivo principal falle ou non estea é un xeito moi pouco óptimo de levar unha empresa. Estou seguro de que as deputadas e deputados que estamos nesta Cámara, se esa empresa fose nosa, estaríamos exixindo responsabilidades a ese equipo directivo *fake*. Pero é que, precisamente, isto é o que está pasando neste momento en Galiza: estamos ante un goberno galego *fake*, un goberno galego redundante que prefire que, ante un momento de crise e de alarma social, as decisións sobre o que nos afecta en Galiza as tomen outros. (*Aplausos.*)

E a alarma social xorde porque hai unha verdade moi incómoda que o Goberno do Partido Popular se nega a aceptar. Hai unha verdade moi incómoda e é que as guerras imperialistas



non se libran só no Líbano ou en Gaza; as guerras imperialistas acábanas librando as familias e os fogares galegos, as nosas empresas, as nosas mariscadoras e pescadores e o noso campo. Mentres os bombardeos continúan feitos polos estados terroristas de Israel e dos Estados Unidos, asolagando Gaza e o Líbano, os prezos do combustible, da luz e das materias primas dispáranse. E, mentres tanto, o Goberno redundante de Galiza segue caladiño ante unha crise que parece que non vai con nós.

Pero, por desgraza, esta crise, señorías, tamén é nosa. Esta crise é das familias, que ven como a cesta da compra se encarece semana tras semana; esta crise é das pemes galegas e das autónomas, que non poden asumir os sobrecustos do combustible; esta crise é das persoas pensionistas, que ven como o seu poder adquisitivo, unha nova vez, se ve minguado; esta crise é dos nosos pescadores, das nosas transportistas, dos nosos gandeiros e gandeiras, cuxos custos de produción se disparan. E, ante isto, ¿que fai o Goberno do Partido Popular?

Primeiro, silencio, logo inacción e unha deixadez absoluta de funcións. Mentres outros territorios, como Euskadi, moven ficha, o Goberno de Galiza ponse de perfil e, mentres tanto, as maiorías sociais deste país acaban pagando os pratos rotos dunha guerra que non provocaron pero que o Goberno do Partido Popular aplaude. (*Aplausos.*)

Por iso hoxe, señorías, o Bloque Nacionalista Galego presenta ante este Parlamento unha proposta clara, concreta e urxente, un escudo social propio, o escudo social galego; un escudo que non é un desexo, ningunha declaración de intencións; é un plan de dez medidas concretas, urxentes e aplicables de maneira inmediata para protexer as persoas e tamén o tecido produtivo fronte ás graves consecuencias económicas desta guerra ilegal.

En primeiro lugar, poñendo as persoas no centro das decisións, asumindo as competencias que ten o Goberno galego e marcándonos como obxectivo protexer a quen é máis vulnerable, duplicando o complemento autonómico para as pensións non contributivas, poñendo en marcha un bono de transporte social que faga da mobilidade un dereito e non un luxo, extremando o papel da Comisión Galega de Competencia, para non permitir que esta crise sexa unha escusa para o enriquecemento ilícito duns poucos á conta do sufrimento de moitas familias.

En segundo lugar, desenvolver as competencias plenas que temos neste país no que ten a ver co plantexamento económico industrial, poñendo aqueles organismos que ten a Administración galega, como o Igape por exemplo, a protexer o noso tecido produtivo, prestando atención a tres cuestións esenciais. En primeiro lugar, protexer os sectores máis expostos á subida dos combustibles: o transporte, a pesca, especialmente a frota artesanal e o sector mexilloeiro, o sector agrogandeiro, que son sectores estratéxicos para a nosa economía; en segundo lugar, protexendo ese 99 por cento do tecido empresarial galego que son as pemes e as persoas autónomas, a través de liñas de apoio específicas e reforzando as existentes como o reaval; nun momento de incremento de custos loxísticos e de incerteza nas cadeas de subministración hai que poñer en marcha un fondo de garantías loxísticas que tamén atenda aos sobrecustos derivados de fretes cos que non contaban ou da almacenaxe de produtos industriais, así como levar a cabo o levantamento das peaxes das autoestradas que son titularidade do Goberno galego. E, en último lugar, como as políticas públicas non se fan nos despachos; senón que se fan escoitando a quen as vive, vemos fundamental colaborar



cos concellos, especialmente con aqueles máis pequenos, porque son os que van asumir o sobrecusto na prestación de servizos tan básicos como o lixo ou como a auga. Se queremos uns servizos públicos de calidade, temos que financiarlos, e, por iso, propoñemos mobilizar un fondo extraordinario que apoie estes concellos para garantir que ningún galego e nin-gunha galega quede atrás nesta crise, independentemente do concello no que viva.

Estas dez medidas, señorías, non son un catálogo de boas intencións, son unha folla de ruta clara. Teñen tres características fundamentais. En primeiro lugar, que son urxentes, porque cada día de inacción da Xunta é un día máis de incerteza para milleiros de familias e de em-presas. Son viables, porque non requiren de reformas lexislativas; só requiren vontade po-lítica, orzamentos propios e competencias. En terceiro lugar, porque son xustas. Non se trata de rescatar bancos; trátase de poñer no centro as persoas, as clases populares e os sectores produtivos estratéxicos deste país. *(Aplausos.)*

E nós preguntámonos por que o Partido Popular se nega a actuar, por que o Partido Popular anuncia, anuncia e anuncia cando apertamos dende o Bloque Nacionalista Galego, pero né-gase a actuar. Non é por falta de competencias; teñen as competencias para poñer en marcha hoxe mesmo estas dez medidas que pon enriba da mesa o BNG. Non é por falta de recursos; cada oportunidade que teñen lémbra-nos que Galiza ten orzamentos propios. Mobilícenos para protexer a cidadanía deste país.

A inacción do Partido Popular só ten unha lectura, e é que é unha inacción ideolóxica: a con-cepción da política priorizando os intereses duns poucos sobre os dereitos das clases popu-lares e das maiorías sociais. Xa non vale a escusa de que ten que ser o Estado quen tome e quen tutele solucións para este país. ¿Quen ten as competencias en servizos sociais? O Par-tido Popular. ¿Quen decide sobre as peaxes das autoestradas galegas? O Partido Popular. ¿Quen pode activar liñas de crédito específicas no Igape? O Partido Popular. ¿Quen pode fi-nanciar os concellos? O Goberno do Partido Popular. As competencias están, señorías; o único que lles falta é vontade política para gobernar.

Por iso hoxe o Bloque Nacionalista Galego non só presenta aquí unha proposta que, como digo, é ampla, concreta e urxente, presenta unha necesidade para este país. Necesitamos que o Go-berno galego deixe de pospoñer as súas funcións de goberno, de mirar para outro lado, e exi-ximos que active xa este escudo social galego, porque Galiza merece un goberno á altura das circunstancias, un goberno que anticipe as crises, non que acabe chegando tarde, un goberno que defenda os intereses deste país e que non se limite a xestionar a resignación que nos queda.

Por iso chamamos a todos os grupos parlamentarios a apoiar esta iniciativa, que, como digo, pon por diante a defensa das maiorías sociais galegas, porque o que temos que facer é de-mostrarlle á cidadanía que, cando a crise chama á porta, Galiza sabe responder.

Moito obrigado. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señorías, hai momentos na política en que non vale agocharse detrás de palabras baleiras, non vale manter posturas equidistantes; o que vale é situarse do lado correcto da historia. É o momento de manter principios, de manter valores, manter e defender o Estado de dereito internacional e loitar por que non se impoña a lei da selva. E este é un deles.

Porque estamos falando dunha guerra, estamos falando dunha guerra ilegal, dunha guerra que mata civís, que mata nenos e nenas, desestabiliza o mundo enteiro, que volve poñer en cuestión algo que custou moitas décadas construír tras a Segunda Guerra Mundial: o respecto ao dereito internacional. E hai que hai que dicilo alto e claro: «non á guerra», sempre «non á guerra», (*Aplausos.*) sen matices, sen ambigüidades, sen equidistancias inexplicables, señorías.

Mentres uns falamos claro, outros non, porque o Partido Popular decidiu situarse nun terreo moi perigoso: o da ambigüidade calculada; ambigüidade que lle vai pasar factura, porque os galegos e as galegas, con valores, con principios, están en contra dunha guerra ilegal. Mentres os líderes europeos aplauden e seguen o liderado de Pedro Sánchez, mal que lles pese, porque está condenando unha guerra ilegal sen matices, o PP, instalado na ambigüidade.

E iso, señorías, non é neutralidade; é escoller bando, sen dicilo, é mirar para outro lado cando se vulnera o dereito internacional, e iso é profundamente irresponsable en política.

E o máis preocupante é que esa mesma posición do Partido Popular, liderado por ese líder desnortado, é o que se produce aquí no Partido Popular de Galicia, potenciándose cada vez esa ala máis dura do partido sen despeinarse; é incomprendible. Ata teñen tentáculos para forzar a mobilidade forzosa dun maxistrado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Fronte a iso, o Partido Socialista de Galicia non dubida, nunca dubidou, en ningún conflito, nin o de Ucraína, nin o xenocidio de Gaza, nin o que se está acometendo no Líbano, nin en condenar a guerra ilegal de Oriente Medio. Dixémolo sempre, volvo dicilo hoxe: «non á guerra» e «si» á paz, «si» á diplomacia e «si» ao dereito internacional.

Pero nós non quedamos só en palabras, porque gobernar é actuar con medidas concretas. Hoxe o presidente Pedro Sánchez está dando a cara no Congreso dos Deputados, está falando alto e claro contra unha guerra ilegal, que mata inocentes e que xa está afectando os galegos e as galegas, afectando a pesca, o agro, agricultura, a subida do combustible dos consumidores, a cesta da compra dos galegos e galegas.

E, mentres tanto, temos que aguantar declaracións do señor Rueda, na miña opinión, moi ruíns e fóra de testo, que criticaba esa baixada de impostos, que, á parte, se pediu polo Partido Popular en España, baixada de impostos da enerxía, dos combustibles, do IVE e que aprobou o Goberno de España, con 5.000 millóns de euros que se van mobilizar, en oitenta medidas. E dicía que realmente pois afectaba e criticaba eses 120 millóns que tiñan que aportar os galegos e as galegas. Realmente son unhas declaracións absolutamente ruíns, cando



están axudando os galegos e galegas ante a subida dos prezos. Eu pregúntome quen asesora o señor Rueda para facer estas declaracións, cheas de cinismo e de falta de sensibilidade.

Porque eu digo que, se queren financiar a sanidade, a educación, os servizos sociais, o agro, a pesca, deixen de facer agasallos fiscais, que teñen un impacto nos orzamentos de 2026, que deixarán de ingresar nas arcas públicas 797 millóns de euros —797 millóns de euros— e xa nos tirou Airef das orellas por esa irresponsabilidade fiscal; ou deixen de bonificar o imposto de patrimonio, que pagan os que teñen un patrimonio neto de máis dun millón de euros aquí en Galicia. Fagan o seu traballo e deixen de facer agasallos fiscais aos máis ricos deste país. (*Aplausos.*) Ou acepten 587 millóns de euros que se poñen enriba da mesa do sistema de financiamento polo Goberno de España; ou acepten a quitación de 4.000 millóns de euros que se ofrece polo Goberno de España para mellorar a solvencia financeira de Galicia. Confrontación e prexuízo directo aos galegos e ás galegas; hipocrisía de libro.

Mentres, evidentemente, o Goberno de España xa tomou decisións de calado, como dixen. Aprobouse o pasado 20 de marzo no Consello extraordinario de Ministros e Ministras un paquete integral para responder á crise ante a guerra ilegal de Oriente Medio, con máis de 5.000 millóns de euros que se van mobilizar e oitenta medidas. Estamos falando de medidas para limitar a subida dos prezos da enerxía e dos combustibles, medidas de emprego e empresa, liñas de financiamento e liquidez para as empresas no ICO, medidas tipo ERTE para evitar despedimentos, protección ás familias, conxelación de alugueiros, contención do impacto da inflación, descontos extraordinarios no Bono Social Térmico —ese do que eliminou o complemento autonómico a Xunta de Galicia—, prohibición de cortar subministracións de auga e enerxía a familias vulnerables ata finais do 2026 e medidas fiscais, medidas fiscais que se pedían: o IVE reducido do 10 por cento para electricidade, o gas, a biomasa, os carburantes; imposto especial de electricidade, imposto de hidrocarburos e potenciación das enerxías renovables por parte do Goberno de España. ¿Por que? Porque nos dá autonomía enerxética e fai que no noso país o impacto polo petróleo desta guerra sexa moito menor que noutros países e noutros estados membros. Ademais, dáse apoio ao campo, á pesca, ao transporte, co gasóleo bonificado de 20 céntimos por litro e axudas a fertilizantes.

Señorías, isto é facer política útil, isto é gobernar, é unha resposta inmediata pero tamén de futuro. E, agora, miremos para Galicia. ¿Que está facendo o Goberno galego? Cri, cri, cri; silencio. Ou peor tamén, ruído sen contido: titulares, notas de prensa, anuncios e máis anuncios, como o que anunciou hoxe o señor Rueda de cento... Xa perdín a conta dese anuncio, 140 millóns de euros. Chega tarde, cando comunidades autónomas como Murcia ou como Cataluña xa mobilizaron plans de continxencia para responder contra unha guerra ilegal. Evidentemente, está chegando tarde. Faga un plan galego complementario ás medidas estatais que responda á realidade galega, ao noso agro, ao sector gandeiro, ao sector da pesca, aos sectores e ás persoas máis vulnerables nesta crise dunha guerra ilegal.

Xa remato. Evidentemente é máis cómodo facer oposición ao Goberno de España —todo é culpa do malvado Pedro Sánchez— que asumir responsabilidades propias; evidentemente, é máis doado que gobernar. Practican política de inacción, de brazos caídos; política de non facer. O Partido Popular exige ao Goberno de España todo, pero en Galicia non se exige nada a si mesmo e chegan tarde sempre con anuncios e máis anuncios.



Ao mesmo tempo dubidan ante unha guerra ilegal, pero critican a quen actúa. Señorías, nun mundo inestable, nun momento doloroso, ante unha guerra cruenta e ilegal que está matando civís e matando nenos e nenas, a cidadanía precisa certezas, precisa paz. E hoxe hai dúas formas de facer política, é moi simple: estar á altura e ser valentes ou mirar para outro lado. O Partido Socialista de Galicia escolle estar á altura, apoiando un plan integral de máis de 5.000 millóns de euros, con medidas fiscais, sociais e económicas para axudar os sectores e as persoas máis afectadas. As socialistas de Galicia escollemos estar á altura defendendo a paz, protexendo a xente. Outros nin condenan con claridade unha guerra ilegal nin actúan onde gobernan e onde teñen competencias. E Galicia, señorías, merece máis que todo iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos dos ciclos formativos de Afundación da Coruña, que hoxe visitan o Parlamento. Desexámoslles unha boa estancia.

E agora continuamos co debate. Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Sanz.

CRISTINA SANZ ARIAS: Ben, moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Moi bo día a todos os alumnos. Esperemos que desfrutedes da vosa estancia na casa de todos os galegos, que é o Parlamento de Galicia.

Durante estas semanas, o sanchismo e os seus socios envolvéronse na bandeira do «non á guerra», amosando sen disimulo que estamos ante unha estratexia electoral baixo un slogan populista, falso e manipulador. Ao longo destes días, Sánchez dedicou máis tempo aos slogans que ás solucións e intentou dividir, como outras veces, este país, en lugar de traballar en protexer os cidadáns das consecuencias da guerra. Eu dígollelo alto e claro, señor Ruanova e señora Iglesias: o Partido Popular non está a favor da guerra. Non á guerra. Así que ambigüidade ningunha. (*Aplausos.*)

Pero, con todo, o obxectivo era disimular unha realidade evidente, porque, desde que a esquerda goberna, a xente vive peor, a xente vive máis afogada e a xente está máis desesperanzada. É unha realidade que ás familias cada vez lles custa máis chegar a fin de mes. A inflación acumulada sobre bens esenciais, como alimentos; o encarecemento da vivenda e da enerxía; o estancamento da produtividade, ou o aumento da presión fiscal sobre o traballo están erosionando de xeito continuado a renda dispoñible de millóns de fogares. Os bos resultados a nivel macroeconómico, o crecemento agregado da economía non se traduciu na mellora do benestar nin nos petos dos españois. España crece nas estatísticas pero non na renda dos cidadáns, e a esquerda aplica unha política fiscal que usa a inflación como instrumento recadatorio, castigando especialmente a quen traballa, a quen aforra, a quen emprende ou a quen sostén co seu esforzo as súas familias.



A esta deterioración previa únese agora un novo factor de risco, que é a inestabilidade internacional derivada da guerra en Irán. Desde o mesmo día que estalou o conflito en Irán, o Goberno galego traballou arreo, mantendo contacto permanente cos sectores afectados e planificando accións para paliar os efectos negativos que esta guerra en Oriente Medio ten para as galegas e os galegos. Lamentablemente, non podemos dicir o mesmo do Goberno de Sánchez que, tras menosprezar o plan de choque proposto polo Partido Popular, acabou copiándonos 22 días despois de que estalase o conflito moitas das medidas que nós propoñiamos; iso si, tras un bochornoso espectáculo no seo do seu Consello de Ministros o pasado venres, tras unha posta en escena esperpéntica que deixou claro unha vez máis que as decisións que se adoptan en Madrid son froito da chantaxe e da improvisación do último minuto e que temos un país sen goberno.

Este é un plan de choque necesario e esperado pero que chega tarde e que é manifestamente insuficiente, porque, por exemplo, se se tivese reducido de xeito inmediato o IVE dos combustibles, non levaríamos pagando o diésel durante todo este tempo a case a dous euros, ou a máis de dous euros o litro. Claro que tampouco Sánchez se tería aproveitado da guerra que tanto critica pero que utiliza para facer caixa, porque, por exemplo, só a suba dos combustibles pola guerra de Irán eleva a recadación en máis de 100 millóns de euros ao mes. Esa é a única política económica deste goberno: recadar máis á custa do que sexa e a custa de quen sexa, e tamén ter a dubidosa honra de ser os últimos en tomar medidas entre todos os países da Unión Europea.

E, por se fose pouco, aplican esa máxima de «Moncloa invita, Galicia paga», porque as medidas anunciadas por Sánchez adoptáronse sen ningún tipo de diálogo coas comunidades autónomas a pesar de que terá algún impacto directo nas arcas autonómicas por afectar varios impostos cedidos. Sexamos claros cos galegos: Galicia achegará máis de 120 millóns de euros durante este período —40,2 millóns de euros ao mes— para financiar as rebaixas fiscais fronte á crise enerxética, porque Sánchez decide baixar o IVE cando o IVE é un imposto cedido nun 50 por cento á Comunidade Autónoma, ou porque Sánchez decide baixar os impostos especiais, cando o 58 por cento están cedidos á Comunidade Autónoma. Polo menos, teñan a valentía de non apropiarse e valorar o esforzo dos galegos, porque non son cartos de Sánchez, señora Iglesias; son cartos dos impostos dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Pero, visto que o Goberno de España non fixo os seus deberes e as medidas son insuficientes, o Goberno galego, como acaba de anunciar o presidente, impulsará un plan de apoio propio, específico e complementario para facer fronte á situación. A Xunta mobilizará 150 millóns de euros adicionais —o próximo luns— que se suman a estes 120 millóns de euros que xa achegamos polas medidas aprobadas polo Goberno. Estes 150 millóns de euros irán aos sectores industriais —preferentemente— que xeran emprego; a facilitar circulante ás empresas que traballan na zona; á resolución de peticións en dez días; a axudas coa máxima celeridade no sector primario, agrícola e marítimo, e tamén á resolución con urxencia das axudas de inclusión social.

Pero, en calquera caso, temos que dicir alto e claro que o plan estatal de medidas é insuficiente. Botamos en falta, por exemplo —e non oín ningún dos voceiros que me precederon no uso da palabra—, a necesaria deflactación da tarifa do IRPF nos seus tramos medio e



baixo para que corrixa o perverso efecto que a inflación está tendo neste tipo de rendas. (*Aplausos.*) E botamos en falta, por exemplo, medidas que afectan Galicia e que son especialmente importantes, como pode ser, sobre todo para o sector primario, a cuestión crucial da baixada do IVE dos alimentos: a rebaixa do IVE de peixe, do IVE da carne e o do IVE das conservas. Nas numerosas ocasións en que o Partido Popular defendeu esta demanda, vostedes votaron contraditoriamente. Algunhas veces votaron a favor, outras veces votaron en contra e outras abstivéronse, o que amosa que non teñen ningún criterio, pero, sobre todo, que non teñen ningunha vontade de cumprir. Nós si: reclamamos a rebaixa do IVE do peixe, das conservas e da carne para apoiar os sectores produtivos e para apoiar as familias na súa cesta da compra, cada vez máis inalcanzable. (*Aplausos.*)

As medidas estatais son insuficientes pero non porque o digamos nós; é o que trasladan os propios sectores, e vou poñer só algún exemplo porque non teño tempo. ¿Que din os transportistas? Pois cualifican as medidas de moi decepcionantes, tardías e claramente insuficientes. ¿Que din os agricultores e gandeiros? Pois que non están á altura da gravidade da situación, e reivindicán medidas como a rebaixa fiscal en insumos clave ou a rebaixa do IVE dos produtos agrarios. ¿Ou que din as asociacións de autónomos? Pois que non serán suficientes e que requirirán de medidas adicionais.

En definitiva, medidas si, pero con negociación coas comunidades e cos sectores e con maior ambición. E, agora, o BNG demanda un escudo social contra a crise. ¿Cal tería sido o mellor escudo social? Pois que Ana Pontón non apoiase a Pedro Sánchez como presidente do Goberno. Ou, ¿cal tería sido o mellor escudo social? Pois que o nacionalismo galego non se pregue, votación tras votación, aos intereses do sanchismo e do socialismo en Madrid, como fixeron, por exemplo, (*Aplausos.*) a semana pasada, cando non apoiaron unha iniciativa no Senado de axudas ás familias ante esta situación. ¡Que incoherencia! Aquí piden e alí calan. En calquera caso, por outra banda, tampouco ten sentido que o BNG pida aquí unha mesa de avaliación da crise, posto que esa mesa xa se reuniu o pasado 10 de marzo e, incluso, se convocou antes de que vostedes rexistrasen esta iniciativa.

Esa interlocución do Goberno galego cos sectores non se limita á convocatoria desta mesa, senón que é permanente coas máis de 600 empresas que operan na zona e coa Antena do Igape en Dubai, o que permite analizar as repercusións sobre aspectos clave como os custos loxísticos, os custos enerxéticos ou a estabilidade das cadeas de abastecementos.

Ben, remato xa con tres ideas. Primeiro, Galicia xa está concedendo 120 millóns de euros en apoios para paliar os efectos da crise a través dos impostos que deixamos de recadar. Segundo, o propio presidente, vista a insuficiencia das axudas estatais, acaba de anunciar un plan autonómico para apoiar o tecido económico, e non teñan ningunha dúbida de que o Goberno de Alfonso Rueda estará á altura. Terceiro, actúa en contraste co Executivo central, que utiliza a inflación como instrumento de recadación e a avaricia fiscal, a asfixia fiscal, como forma de goberno. Grazas a Sánchez e aos seus socios —entre os que están as señorías do BNG—, cada día estanse empobrecendo máis os cidadáns, os autónomos, as empresas e os traballadores deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Brais Ruanova.

BRAIS RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidente.

Quero saudar tamén os alumnos e alumnas que marchan do debate. Benvidas e benvidos ao Parlamento.

Gustárame intentar resumir a intervención que acaba de facer o Partido Popular aquí con cinco palabras: medidas si, pero non así. Iso é o que nos acaba de dicir a señora (*Aplausos.*) Sanz na súa intervención, e nós por primeira vez coincidimos co Partido Popular. Coincidimos moitísimo nunha afirmación que fixo: estamos nun país sen goberno, de verdade; estamos nun país sen goberno. Galiza neste momento deixou as súas funcións de goberno e dedicouse exclusivamente aos anuncios. (*Aplausos.*) Benvido tamén, por certo, o Goberno ao final deste debate.

Vexo moi preocupado o Partido Popular agora cos impostos que deixa de recadar en Galiza. Non miraba tan preocupado ao Partido Popular cando o Bloque Nacionalista Galego traía aquí iniciativas que ían no sentido de ter nós a chave dos nosos cartos, recadando todos os impostos. (*Aplausos.*) Se cadra deberían tamén mirar cales son as súas derivas neste sentido. Falan do transporte, de que se queixan moito das iniciativas que hai postas enriba da mesa, e nós é verdade que consideramos que son insuficientes. O Goberno galego ten capacidade para actuar sobre estes sectores económicos: levanten as peaxes que son titularidade da Xunta de Galiza; dirixan os recursos que ten o Igape, no lugar dunha chuvia de subvencións, cara aos sectores que están sufrindo esta crise importante.

Porque falamos de datos; datos que por certo bailaron dende a intervención do presidente ata a súa intervención, porque falaban de 120 millóns de compromiso, de 140 millóns, sumados a 150 millóns... A verdade é que non nos quedou claro; faremos como con todo e teremos que esperar ás notas de prensa do Goberno galego para enterarnos de que é realmente o que está facendo. Pero voulle dar outro dato: 120 millóns de euros comprometidos polo Goberno galego. ¿Sabe cal é o compromiso do Goberno galego coa industria militar neste momento? 900 millóns de euros. Está moi ben vir aquí dicir «non á guerra» para todo, pero o seu Goberno está comprometendo 900 millóns de euros das galegas e dos galegos en industria militar. (*Aplausos.*) ¿Que é máis importante para este país? ¿Protexer os nosos sectores produtivos ou seguir alimentando o monstro que forman ese binomio Israel-Estados Unidos e OTAN?

Propoñen máis de cen medidas. Sinceramente, como sexan como as medidas do Plan director da automoción e teñan a mesma efectividade, a verdade é que para botarnos para chorar, señora Sanz, de verdade. Falou de que esa mesa de negociación que nós propoñemos na nosa iniciativa xa se reuniu. Realmente aí falaban dun informe que o BNG pediu polo artigo 9 no momento no que coñecemos da existencia dese informe e aínda non nos chegou. Se cadra o Goberno galego ten un problema bastante importante co que ten a ver con darnos información e con prestar documentación ás deputadas e deputados desta Cámara.



As medidas que propoñemos dende o Bloque Nacionalista Galego son tres eixos claros e asumibles: protexer as persoas, protexer as empresas e dialogar cos concellos e cos sectores. Porque non falamos de números abstractos; falamos de empregos, de empresas que pechan, de familias que non chegan a fin de mes e de pensionistas que non se poden nin quentar, señorías. As guerras imperialistas como a que hoxe asola Oriente Medio sempre teñen dous campos de batalla: o das bombas e o das economías. E nós, por desgraza, non podemos deter os mísiles que lanza o terrorismo de Israel e de Estados Unidos en Oriente Medio, pero si podemos protexer as galegas e aos galegos dos seus efectos. Esa é a responsabilidade dun Goberno ausente, esa é a obriga tamén do poder lexislativo, a través deste Parlamento. Esa é a proposta que trae aquí o Bloque Nacionalista Galego: un escudo social forte, inmediato e solidario. Porque, cando a crise chama, Galiza non debe renderse; cando a crise chama Galiza organízase, Galiza loita e Galiza, coa proposta que trae aquí o BNG, tamén gaña.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos ás votacións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de Carmen María Pomar.

Pero levouno o señor Fidalgo, teño entendido. Levouno o señor Fidalgo, ¿non? Si, vale, vale.

Hai unha autoemenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular, que é a que se somete a votación deste texto.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro regulamento de costas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto autoemendado desta proposición non de lei.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O PRESIDENTE: ¿Perdón? ¿Hai unha abstención? Non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) (*Risos.*) Confundiuse, quería dicir «abstención» e saíu «si». Pois entón subimos un na abstención, que son 34, e baixamos un no de si, que son 38.



O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de Cristina Sanz Arias, que levou Noelia López. Hai dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Bloque Nacionalista Galego, que non se aceptan.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Hai unha autoemenda de adición de dous puntos, 6 e 7, polo que o que se somete a votación é o texto resolutivo orixinario coa engádega destes dous puntos.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no referido á tramitación das axudas destinadas a paliar os danos nas explotacións agrarias, gandeiras e apícolas producidos polos incendios forestais do pasado verán.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto autoemendado desta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de Silvia Longueira.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir unha maior eficacia do Bono Concilia Familia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que creo que defendeu a señora Rodil.

Non se presentaron emendas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Si, señora Rodil? ¿Para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano...

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Si, quixera solicitar eu mesma a separación do primeiro punto, de condena expresa da guerra, dos outros dous. Entón, a votación separada do primeiro punto, de condena da guerra, e o dous e o tres noutro bloque.

O PRESIDENTE: Grazas. Iso está contemplado no Regulamento, pódese facer. Non, non, por iso, imos someter a votación, en primeiro lugar, entón o punto número 1.

Votamos.

(Balbordo.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE. UU. e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votamos.

Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE. UU. e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 47; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 2 e 3 da proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de Brais Ruanova.

Hai unha autoemenda de substitución; polo tanto, é o texto que se vai votar.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante as ameazas que supón para o tecido produtivo galego a guerra de EE. UU. e Israel contra Irán.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto autoemendado desta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día. Neste caso, interpelacións.

Interpelación da deputada Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego ante a demanda da actualización da Lei de normalización lingüística de 1983

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Mercedes Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Teño que recoñecer o meu desacougo neste momento, porque nunca pensei ter que volver ver na miña vida o Partido Popular defender un «si á guerra» tan rotundo como o que acabo de ver aquí como deputada. (*Aplausos.*) É difícil comezar así esta intervención, recoñezoo.

Señor conselleiro de Lingua, moi bo día. Como esta é unha interpelación, eu vou comezar facéndolle unha pregunta persoal: ¿recorda vostede como era en 1983? Seguro que si, cun pequeno exercicio rápido mental, seguro que si. Eu era unha adolescente de catorce anos á que a vida aprendeu axiña a repartir o tempo entre o coidado dos irmáns máis novos, un avó —o avó paterno— enfermo na casa, axudar no negocio familiar e, por suposto, estudar; sacar sempre tempo para estudar e superar aquel segundo de BUP no instituto de Monelos



na Coruña —para as caras máis novas, equivalente a 4^o de ESO do currículo actual—. Estudar, sobre todo, para descubrir, e recordo dúas descubertas daquela altura: a primeira, descubrir que o galego era unha lingua que se podía escribir grazas á lectura das *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. Algo inédito para min, porque ata aquel momento pensei que era unha lingua ágrafa, porque nunca a vira escrita, só era para min unha lingua oral. E outra descuberta eran aquelas fantásticas clases de matemáticas do profesor Poncho impartidas en galego, algo absolutamente sorprendente para min tamén naquel momento, nunca tal cousa vira; igual que, despois, as de Física e Química do profesor Paco Pernas, que tamén as impartía en galego. Fíxese vostede como avanzaron as cousas —ou como retrocederon—, porque eu tiven máis clases en galego das que tiveron as miñas fillas, vítimas do decreto da vergoña do Partido Popular; (*Aplausos.*) ou das que neste momento neste curso teñen os meus sobriños, tamén nun colexio de primaria e nun instituto da Coruña.

Do que recoñezo que non fun consciente aquel ano, nin moito menos o 15 de xuño de 1983, é de que no Parlamento os deputados e as deputadas daquela altura estaban a debater unha lei que era transcendental para o autogoberno de Galiza, a terceira lei do 1983, aquela Lei de normalización lingüística que o que facía era regular os dereitos lingüísticos dando resposta ao mandato do Estatuto de autonomía. Recoñezo que quen lle ía dicir a aquela adolescente, a aquela mocíña de 14 anos, que hoxe, 43 anos despois, ía estar aquí tendo a honra —e tamén a responsabilidade— que me concederon os galegos e as galegas de debater nesta Cámara sobre aquela lei que, dende logo, á vista do tempo transcorrido, era unha esperanza para un tempo novo para o galego.

Aquela lei chegaba a esta Cámara como unha proposición de lei impulsada por un deputado nacionalista, Camilo Nogueira, quen accedeu de forma xenerosa a non continuar coa tramitación parlamentaria de parte —partidaria— e aceptar a proposta dos diferentes grupos da Cámara de traballala través dunha ponencia conxunta, para tentar chegar a consensos e que fose aprobada por unanimidade, como finalmente foi. Eu quero poñer en valor isto, quero poñer aquí en valor esta demostración da vontade dialogante, do talante conciliador a favor da nosa lingua coa que sempre, sempre, sempre traballamos e seguiremos traballando desde o nacionalismo galego.

Evidentemente, 43 anos despois nin vostede nin eu somos os mesmos. Galiza non é a mesma. A realidade e o uso social do galego tampouco é o mesmo. E, sen embargo, a lei que regula os pasos para avanzar na normalización da lingua galega é a mesma de hai 43 anos. Creo que é a única lei que non sufriu ningún tipo de modificación en 43 anos. Unha cuestión bastante sorprendente, aínda que si foi solicitado nalgún momento nesta Cámara. Unha lei, por certo, que naceu antes de case —polo que estiven comprobando— o 25 por cento dos deputados e deputadas desta Cámara, nin máis nin menos. Por iso é imposible non aceptar, non admitir que todo mudou. A pregunta é: ¿como pode seguir vixente a día de hoxe unha lei que non dá resposta á realidade social nin á realidade lingüística actual? ¿Como pode adaptarse á realidade actual —insisto— un traxe que foi feito á medida doutro tempo e doutro uso social do galego moi diferente? Porque claro que todo mudou. En 1983, o galego era a lingua maioritaria da sociedade, que acaba de deixar de selo en 2024; xa non o é, e así o verificou o Instituto Galego de Estatística en outubro do 2024. Desde 1983, o galego perdeu; perdeu usos e perdeu falantes en todos os parámetros que son analizados. En 2026, o galego



é a única lingua do Estado que segue perdendo falantes. En 2026, só o 7 por cento das crianzas empezan a falar en galego, teñen o galego como lingua inicial. Só o 7 por cento. En 2026, o Goberno do Partido Popular impide por decreto aprender, poder aprender, ter o dereito de aprender en galego como lingua vehicular desde a educación infantil. E en 2026 confirmamos que o único que avanza en Galiza é o monolingüismo en castelán.

Por iso, a pregunta é: ¿como chegamos até aquí tendo unha Lei de normalización lingüística, señor conselleiro? Evidentemente, hai moitas variábeis, hai moitas causas, moitas razóns, pero hai unha na que todo o mundo concorda: porque non tivemos un goberno dende a Xunta que estivese á altura e que empezase por dar exemplo cumprindo a Lei de normalización. Toda unha anormalidade democrática que nos deixa como herdanza a emerxencia lingüística que temos nesta altura e que ninguén cuestiona, agás o Goberno do Partido Popular. Ao longo destes case corenta anos de Goberno do Partido Popular desde a Xunta, no que traballou foi en negarse a desenvolver a Lei de normalización lingüística. Non quixo temporalizar a súa aplicación. Unha lei que —xa se dixo o mesmo desde o ámbito xurídico— era excesivamente prescritiva. Evidentemente, tampouco quixo orzala. Renunciou, pola súa ideoloxía lingüística, a deseñar unha política lingüística normalizadora que verdadeiramente estivese comprometida con dar pasos adiante para o galego. E si, cando o fixemos desde o Bipartito, cando implementamos a Lei de normalización lingüística, cando desenvolvemos o Plan xeral de normalización da lingua galega, todos eses acordos, consensos aos que se chegou sempre por unanimidade, porque sempre sempre traballamos con pactos pola lingua, ¿que fixo o Partido Popular? Facer voar polos aires todos eses consensos, todas esas unanimidades e todos eses acordos e pactos pola lingua. Ese é o legado que deixa o Partido Popular: confrontar a sociedade e romper a cohesión social agredindo a lingua dos galegos e das galegas. (Aplausos.)

Corenta e tres anos despois, o obxectivo central que marca a Lei de normalización segue vixente e segue pendente. Esta lei nacía para asegurar a normalización da lingua galega e, se lemos a Lei de normalización, decatámonos de que, evidentemente, como poder e autoridade pública, os gobernos do Partido Popular non cumpriron coas obrigas e cos mandatos desta lei. Vexamos algúns exemplos, atinxindo ao que di a lei. ¿Garántese os dereitos lingüísticos da cidadanía na relación coa Administración? Non. ¿Garántese o uso do galego na Administración de Xustiza? Non. ¿Garántese a capacitación no uso do galego do persoal que traballa na Administración? Non. ¿Garántese a competencia en galego oral e escrita igual que en castelán no fin dos estudos obrigatorios? Non. ¿Garántese o uso normal do galego no ensino universitario? Non. ¿Garántese o emprego progresivo do galego nos medios de comunicación privados financiados con diñeiro público? Non. ¿Garántese a produción, dobraxe, lexendaxe e exhibición do audiovisual en galego? Non. ¿Garántese o fomento do libro en galego, promovendo a produción editorial e a súa difusión? Non. ¿Garántese os dereitos lingüísticos dos galegos e galegas que están fóra do país? Non.

Señor conselleiro, corenta anos de goberno do Partido Popular entregado á lenta desaparición do galego, incumprindo a Lei de normalización lingüística, ¿non lle parecen suficientes? Dezaseis anos de franquismo lingüístico prohibindo aprender en galego desde infantil, ¿non lle parecen suficientes, señor conselleiro? Dous anos como o conselleiro de Lingua, vostede, co galego na peor situación da historia, con todas as institucións, con todos os movementos



sociais en defensa da lingua, e axentes sociais pedíndolle que abandone xa esta política agresiva e lesiva contra o galego, ¿non lle parecen suficientes, señor conselleiro? Quince meses escondido vostede como conselleiro de Lingua detrás dun opaco proceso de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega e negándose a poñer en marcha ningunha das medidas vixentes no actual Pacto pola Lingua, que é o Plan xeral de normalización da lingua galega, ¿non lle parece suficiente, señor conselleiro? Cinco meses faltando á súa propia palabra, anunciando o resultado do traballo desas comisións de avaliación e actualización do Plan xeral sen que sigamos aínda sen coñecer absolutamente nada dese traballo —insisto, cinco meses despois de ter vostede anunciado que as presentaría—, ¿non lle parece suficiente ese silencio, señor conselleiro?

¿Vai comezar a cumprir a Lei de normalización lingüística actual? ¿Vai actualizala? ¿Vai empezar a mirar dunha vez pola lingua dos galegos e das galegas? ¿Vai deseñar unha política nova a favor da recuperación do galego como o conselleiro de Lingua ou vai resignarse a ser o actual escribán dunha nova páxina do *Libro negro da lingua galega*?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura e Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moi bo día.

Moitísimas grazas, señor presidente.

Señores e señoras deputados.

Señora Queixas, pois si, lembro con alegría e lembro con ilusión eses anos do principio dos anos oitenta. Nese ano vostede dicía que estaba estudando nun colexio na Coruña. Eu non tiven esa sorte; eu nacín nunha contorna rural da que estou totalmente namorado e da que desfruto todos os días. Xa daquela lía algo —aínda que vostede poña en cuestión algunhas veces a miña capacidade de lectura—, porque tiña a sorte de ter un pai que era mestre de galego; un pai que, ademais, amaba a nosa lingua, que a quería e que a defendía. Eu estudaba nun colexio público, nun colexio rural, o colexio do Foxo, un colexio nunha contorna eminentemente rural, onde practicamente todas as materias, a inmensa maioría das materias, se daban en galego. Tiven contacto desde moi pequeniño, desde o meu berce. Eu nacín nunha familia galegofalante, orgullosa neses anos de ter unha lingua propia. Como dicía antes, un pai que era mestre de galego, que nas súas horas libres se dedicaba a facer as primeiras traducións das sentenzas xudiciais en galego —creo que foi unha das primeiras persoas que o fixo en Galicia—. Ademais tamén se aventuraba, naquel novo mundo, a aperturar os cursos de galego ao resto da sociedade, aquelas primeiras acreditacións de galego; moito antes seguramente de que vostede —como dixó antes— tivera sorte de ter o primeiro contacto co noso idioma. Polo tanto, creo que eu me criei, nacín, vivino dende o berce e síntome especialmente orgulloso. Iso permítame —permítame a expresión— que me custe ás veces recibir leccións de moralidade de determinadas formacións políticas. (*Aplausos.*) Creo que iso me dá



certa lexitimidade para poder falar con algo de criterio en relación co amor, co cariño e coa defensa da nosa lingua. Non, sinceramente, non me afectan para nada as súas cuestións ou as súas dúbidas sobre o meu compromiso co noso idioma. Eu creo que está máis que acreditado. Mameino desde que nacín e creo que iso é máis que garantía de que sinto, defendo e creo firmemente na importancia da defensa do noso maior patrimonio, que é o galego.

Estráñame tamén, resúltame certamente curioso, que veña vostede aquí cuestionar, por exemplo, a vixencia dunha lei que foi aprobada por consenso —como ben dicía vostede— no ano 1983 pero que cuestione, non entenda, non participe, non queira ser parte dun proceso de actualización dun documento que desenvolve esa propia lei. Creo que hai un marco normativo que foi acordado nese ano 1983 por un consenso maioritario, unánime de todas as forzas políticas. Existe un instrumento que a desenvolve no ano 2004, que é o Plan xeral de normalización da lingua galega. Resulta certamente curioso que vostede fale ou defenda —nas súas manifestacións así o fai— a vixencia absoluta, total, básica, dese Plan xeral de normalización da lingua galega, que vostedes din que non é preciso, non é necesario actualizar, e que se opoña a participar nese proceso, e, que, sen embargo, veñan vostedes aquí con total impunidade falar de que o que si que entenden é que o que hai que modificar é a propia lei, que dá amparo e que é o paraugas que despois permite desenvolver o Plan xeral. Se hai unha ferramenta que permite implementar as políticas derivadas dunha lei —que, posiblemente, non discuto que poida ser obxecto dunha actualización—, creo que é o instrumento máis directo e o instrumento máis axeitado para poder implementar de facto as políticas lingüísticas é o Plan xeral de normalización da lingua galega, documento no que vostedes se negan por activa e por pasiva a participar. E non é que non participen nese proceso; é que o tentaron boicotear dende o primeiro momento.

¿Por iso di vostede se nós entendemos que non é o momento de falar dunha actualización da Lei de normalización da lingua galega do ano 1983? Dígolle que non, non é o momento. ¿E por que non é o momento? Porque neste momento, ano 2026, temos o Bloque Nacionalista Galego máis radical, máis reaccionario e máis antisistema da historia da democracia de Galicia. (*Aplausos.*) E, polo tanto, entendemos neste momento —e estano demostrando vostedes neste proceso de actualización do Plan xeral— que non temos con quen falar, non hai absolutamente ninguén con quen sentar para poder establecer un proceso mínimo de negociación que nos permita chegar a acordos nun documento, nun texto lexislativo, tan importante como é a Lei de normalización da lingua galega.

Creo sinceramente que esa radicalidade lle fai un fraco favor ao noso idioma; dígollo sinceramente, creo que esa radicalidade e esa utilización partidista do idioma, ese sentimento que teñen vostedes de considerarse os propietarios, os defensores a ultranza da nosa lingua é o maior inimigo que ten a lingua galega; o maior, sen ningún tipo de dúbida. O noso idioma, a nosa maior creación cultural colectiva, ponse en perigo, e o noso patrimonio común está en risco cando o Bloque Nacionalista Galego —cando unha parte minoritaria da sociedade, que é a que representa o Bloque Nacionalista Galego— intenta impoñer o seu modelo único, o seu modelo autoritario, a unha maioría social que cre na liberdade, unha maioría social aberta e unha maioría social plural. Ese é o gran risco que corre a nosa lingua e non calquera outro; evidentemente, sabendo e sendo coñecedores de que hoxe a lingua, igual que outros ámbitos e outros sectores da nosa sociedade, se enfrenta a un escenario complexo e difícil.



Por iso, creo que non podemos interpretar a finalidade desta interpelación. Sinceramente, non dou chegado a entender cal é a súa finalidade. Creo que posiblemente sexa que vostedes están necesitados de volver recuperar outra vez algún escenario de conflito e de crispación cara ao Goberno galego. Acabóuselles xa un dos seus grandes mantras, que é Altri, e, como xa non pode falar do franquismo industrial, falou vostede do franquismo lingüístico. Empezan a evolucionar. Os mantras sempre son os mesmos, os adxectivos cualificativos sempre son os mesmos, e vostedes vanos cambiando en función do conflito que queiran iniciar. Cando queren falar da sanidade, palabras grosas contra a sanidade; cando queren falar de educación e alterar e acelerar os procesos revolucionarios, tamén empezan con palabras grosas, e, agora, acábese o franquismo industrial e empezaremos seguramente a tirar do mantra do franquismo lingüístico do Partido Popular. Necesitan vostedes enlazar ese tipo de esquemas mentais que seguramente non veñen derivados da capacidade oratoria de quen aquí os di, senón que evidentemente isto é unha cuestión moito máis profunda. A UPG é a que os obriga a subir un pouco o lume e intentar caldear o debate en temas nos que creo que a sociedade está bastante aliñada con políticas de equilibrio lingüístico e con políticas, dende logo, de normalidade lingüística.

Non soporta unha argumentación rigorosa —minimamente rigorosa— a demanda de actualizar o marco normativo, a propia Lei, que digamos que é unha lei bastante xenérica que permite desenvolver a través do instrumento que a desenvolve, que é a ferramenta máis axeitada, que é o Plan xeral de normalización da lingua galega. Non soporta ningún argumento que vostedes traian aquí a colación agora a modificación da Lei, cando se negan por activa e por pasiva a abrir un proceso de diálogo, aberto, transparente, fluído co Goberno en relación co Plan xeral de normalización da lingua galega.

Dígolle, ademais, que vostedes van a contracorrente absolutamente en todo. Porque houbo entidades que nin sequera participaron neste proceso. Entendemos que era un proceso aberto e plural —como dicía—, un proceso acreditado que vostede pon en dúbida, pero no que máis de 130 profesionais incuestionables, de incuestionable prestixio, participaron e participan na elaboración deste Plan xeral de actualización. Outras entidades, ás que vostedes lles gusta tanto referirse, como, por exemplo, o Consello da Cultura Galega, tiveron a ben iniciar un proceso participativo no que as súas achegas, por suposto, foron remitidas ao equipo que está á fronte desa actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega. ¡Vostedes non! Vostedes, a través das súas marcas brancas, de todo ese espectro nacionalista con distintas marcas que teñen espallado no territorio, montan un proceso, un refrito absoluto —porque, ao final, eu tiveron a oportunidade de determe a ler ese documento de Lingua Vital—, infumable, co que pretenden vir aquí intentar levar a iniciativa nun proceso no que perderon, por suposto, calquera tipo de iniciativa, e agora a única alternativa que lles queda a vostedes é disparar para outro lado. É dicir, non falemos do Plan xeral de normalización; falemos da Lei e desviemos o asunto.

Non, vostedes teñen unha responsabilidade, señora Queixas. Vostedes si que están poñendo en perigo a lingua galega coa súa estratexia de criminalizar aqueles que non pensan como vostedes. E dígolle que ou volven ao consenso ou o BNG vai quedar realmente retratado para a historia como un partido antisistema, que é o que demostran constantemente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Señor conselleiro, antisistema será o Partido Popular, porque leva corenta anos incumprindo a Lei de normalización lingüística, digo eu. *(Aplausos.)*

Ben, a min agrádame que vostede tivese a sorte de ter un pasado tan positivo vivido en galego. O que non entendo é como pode seguir asinando políticas que renegan claramente del. Iso é o que non entendo, porque agora vostede é a máxima autoridade en política lingüística.

E, mire, despois de escoitar moi atentamente a súa intervención, dígolle o seguinte: se todo o tempo e todo o esforzo que lle dedica a facer oposición ao BNG o dedícase a facer unha política a favor do galego, moito mellor nos iría e moito máis o agradecerían os galegos e as galegas.

Di vostede que este non é o momento de actualizar a Lei de normalización lingüística. Como me soa iso. Iso xa o dixeron aquí nesta Cámara, xa sendo eu deputada e moito antes noutras lexislaturas, cando defendiamos a necesidade —e sometiamos a votación— de actualizar o Plan xeral de normalización da lingua galega. E o que nos dicía o Partido Popular era que non tocaba, que non facía falta, e votaban en contra. Logo asumiron vostedes esa proposta e empezaron con ese traballo opaco de actualización do que non sabemos nada. Pois agrázolle moito que copiase a medida que propoñiamos o BNG, porque evidentemente facía falta. Copien todas as que queiran, porque, desde logo, vai ser bo para o galego. *(Aplausos.)*

Mire, vostede leva dous anos como conselleiro de Lingua —o merlo branco que nos anunciaba Rueda nesta lexislatura— aplicando unha política deliberadamente lesiva, ideoloxicamente reaccionaria contra o galego. Así que non veña aquí descualificando o BNG para intentar disimular o que é a súa ideoloxía totalmente reaccionaria. Leva vostede como conselleiro de Lingua case un ano e medio sen dar ningún tipo de resposta, sen dar a cara ante unha situación de emerxencia lingüística sen precedentes; case un ano e medio, señor conselleiro. Así que non veña aquí falar mal dos galegos e das galegas que se manifestan a favor da lingua dicíndolle que queremos galego, porque simplemente exercen o seu lexítimo dereito a manifestarse, *(Aplausos.)* aínda que non lle guste ao Partido Popular. Porque as manifestacións que lle gustan ao Partido Popular *(A deputada Mercedes Queixas Zas amosa unha fotografía.)* son aquelas que canonizou o señor Rueda en contra da lingua galega, *(Aplausos.)* naquela manifestación dunha minúscula representación do pobo galego chamada «Galicia Bilingüe» e que agora se chama xa, sen caretas, «Hablamos Español». Estas son as manifestacións que lle gustan a vostede.

Leva vostede, ademais —díxenllo antes—, cinco meses escondéndose detrás dun traballo dunhas comisións —que seguro que traballaron con todo o seu bo facer e poñendo todo o seu coñecemento á disposición; iso non o dubidamos no BNG—, sen facer propostas, deixando que corra o tempo da lexislatura, a ver se acaba dunha vez e non teño que facer absolutamente nada.



Ese é o problema: que vostede leva dous anos dimitindo das súas funcións como conselleiro de Lingua. ¡E iso é gravísimo, (*Aplausos.*) e é un escándalo e é unha fraude! Leva dous anos, ademais, conselleiro, calado; calado mentres o seu partido, o Partido Popular, segue avanzando na lexislación en contra do galego. Vímolos na Lei de acompañamento e vímolos na Lei de medios. Vemos o Grupo Parlamentario do Partido Popular, que quedará, por suposto, retratado para a historia no *Diario de Sesións*, votando en contra do uso do galego; sexa aquí, de novos usos en Galiza; sexa no Congreso; sexa no Senado, ou sexa na Unión Europea. Ou vémolos aplaudindo cando o Goberno galego di que non ten ningún interese en que Galiza estea representada na UNESCO defendendo a súa lingua e a súa cultura. Ese é o conselleiro de Lingua deste goberno.

¿E sabe o que pasa?, ¿sabe por que se enfada vostede cando intervén aquí e por que me pretende descualificar a min? Porque se deu conta de que xa non engana a ninguén, non engana a ninguén. Vostede xa non ten ningunha credibilidade, perdeu toda a credibilidade. Mire, eu pregunteille hai dous anos na súa primeira comparecencia neste Parlamento se vostede tiña liberdade para mudar a política lingüística que viña aplicando o Partido Popular desde o ano 2009. E vostede non respondeu. Agora xa vemos por que. Porque vostede está atado de pés e mans a Rueda.

Aquí están os dous modelos. Mentres os 25 deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego —si, do goberno alternativo, porque ese é o noso aval e a nosa lexitimidade: o voto de case medio millón de galegos e galegas, que vostede chamou algo así como «residual»— estamos aquí para defender o galego por mandato dese case medio millón de galegos e galegas, vostede actúa deliberadamente en contra do galego por mandato de Rueda, que é quen o nomeou a vostede dixitalmente. Para iso o nomeou, para manter a política contra o galego que inaugurou —como dixen— o señor Rueda detrás daquela pancarta en contra do galego. (*Aplausos.*) Por iso vostede nega sistematicamente a emerxencia lingüística e por iso nega vostede calquera posibilidade de facer algo para que o galego avance e avance a normalización.

E, efectivamente, a sociedade xa traballou. Todo o mundo se puxo mans á obra, porque realmente se compromete de palabra e de obra co galego. O Consello da Cultura Galega fixo un exemplar e, sobre todo, público e transparente —por iso é exemplar— traballo arredor do foro Un país coa súa lingua. E aí temos desde outubro do ano pasado as propostas enriba da mesa. O proceso Lingua Vital tamén fixo o mesmo, o propio, público e transparente. E aí están as propostas enriba da mesa; alégrome moito que vostede xa as lese.

¿Que fixo o conselleiro de Lingua?, ¿que fixo o Goberno da Xunta do Partido Popular? Nada. Mentir, enredar con andrómenas para disimular o servilismo, a ideoloxía reaccionaria de Rueda e o franquismo lingüístico. (*Aplausos.*) Si, señor, porque no franquismo se prohibía o galego, igual que coa política do Partido Popular desde o ano 2009. Por iso, se nega vostede a derrogar o decreto da vergoña. ¿Non lle dá vergoña recoñecer que vostede puido estudar toda a súa formación en galego e que agora os nenos e as nenas non poden? ¿Non lle dá vergoña iso? ¿Por que segue renegando dese idioma, señor conselleiro?

Os galegos témolo moi claro. Non lle pagan a vostede o soldo...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.



MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...para servir a Rueda e para traballar contra o galego. Eu comecei hoxe esta intervención convidándoo a pensarse como era vostede no 1983. E agora vou rematar convidándoo a pensarse como quere verse vostede dentro de dous anos, cando remate esta lexislatura e vostede cese. ¿Que legado vai deixar? ¿Por que labor vai pasar vostede á historia?

O PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Remato, presidente. No BNG temos moi claro que aí fóra hai unha sociedade que lle quere ao galego e que se compromete co galego. Desde o BNG, desde logo, acompañámola sempre, porque sabemos que o galego é a chave que abre o mundo e é o amor máis grande, que reforza a cadea vital de orgullo ao noso idioma.

E remato xa —agora si— coas palabras que vostede igual ca min escoitou de Xoán Fórneas ao recoller o Mestre Mateo á mellor interpretación protagonista masculina polo seu papel no filme *Antes de nós*, representando a Castela: «Se deixamos de usar o noso idioma nas nosas historias, calquera día nós acabaremos desaparecendo delas».

Desde logo, no BNG non imos desaparecer, igual que a inmensa maioría da sociedade galega...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...porque, co galego, somos semente de vencer.

O PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Grazas, presidente.

Moi bo día de novo, señoras e señores deputados.

Ben, creo que hai varias cuestións que son relevantes e importantes.

O primeiro, creo que é importante que o Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas, non pretenda reescribir constantemente a historia. Falou vostede antes de que o Partido Popular era o que dinamitara todas as pontes de consenso no ámbito lingüístico, e —como ben sabe vostede— é radicalmente falso. E non porque o repita constantemente eu creo que ten que confrontar aquí. Isto, ao mellor, válelle para enardecer as masas neses actos multitudinarios, nesa manifestación na que, como di vostede... Hoxe non repetiu unha cuestión, o cal me pareceu interesante. Non repetiu que a maioría social reivindica, que exige ao Partido Popular



que mude as súas políticas lingüísticas, porque, se a maioría social eran os que estaban o outro día na praza da Quintana, pouca maioría lle queda ao Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Non sei se contaría aproximadamente que había douscentos paraugas ese día na praza da Quintana, e non sería porque non mobilizaron autobuses desde os lugares de costume. Isto era como aquela antiga discoteca, Dona Dana, que todos as fins de semana mandaba os autobuses desde os lugares de costume. Vostedes tamén teñen esa ruta de autobuses fretados cada quince días no «manifestódromo» de Santiago para intentar reivindicar que a maioría social está co Bloque Nacionalista Galego nas políticas, e en contra das políticas da sanidade, da educación... Cando se lle acaba o tema de Altri, reviven o tema da lingua. Non é que lle preocupe, non; queren manter a intensidade.

Vostedes no ámbito lingüístico teñen un patrimonio que non poden entregar, e esta é a gran pobreza do Bloque Nacionalista Galego, porque iso lle impide ser quen de sentar nunha mesa a establecer un proceso de diálogo. E por iso insisto: non é que o Partido Popular diga que non teñamos que plantexarnos a actualización dunha lei; é que non se dan as condicións, a realidade política actual non permite que nos poidamos chegar a sentar co Bloque Nacionalista Galego para negociar absolutamente nada. Son vostedes incapaces no día de hoxe de poder establecer nin un só canal de diálogo co Partido Popular e co Goberno de Galicia.

Polo tanto, di vostede que estamos elaborando un proceso opaco na actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega e que eu estou escudado e escondido detrás deste proceso. Señora Queixas, eu xa sei que a vostede lle custa moito entender que hai un proceso que ten absoluta liberdade para poder traballar e o tempo necesario para poder acordar un documento fundamental para a actualización das políticas en materia lingüística. Sei que lle custa moito entender esta cuestión. ¿Que diría vostede, que estaría dicindo vostede se eu, en vez de estar esperando a que ese equipo de traballo independente entregase os seus resultados, estivese interferindo no proceso?, ¿que é o que diría vostede? Diría: ¡unha vez máis, o Partido Popular interferindo no proceso de actualización dun documento que tiña que levar unha garantía de independencia...! (*Aplausos.*) Estaría dicindo vostede exactamente o contrario. ¿Que diría vostede se eu non permito e se este goberno non permite a liberdade total a ese grupo de traballo para que faga as súas aportacións? Entendo que para o BNG é difícil de entender.

Creo que eu en ningún caso a descualifiquei. Falaba vostede de que veño aquí descualificar. En ningún caso. Eu creo que aquí os únicos que utilizan palabras certamente grosas son vostedes cando falan de «franquismo industrial», cando falan de «bulopresidente» ou cando intentan provocar coas súas cuestións, que —xa lle digo— lles serven moito para enardecer as súas bases e as súas masas nesas minimanifestacións que fan, que —xa lle digo— cada día son menos e nas que, ademais, sempre son os mesmos: ese ecosistema nacionalista, esas marcas brancas que teñen vostedes distribuídas no ámbito sindical, no ámbito asociativo; esa que hai que chamar polo seu nome, esa marca branca que teñen vostedes, que convoca ese manifesto ou que provoca ese manifesto que —xa digo— non deixa de ser un refrito mal feito, moi mal feito. Efectivamente, quixeron andar ás présas. Este é o problema que ten a andar as présas: que, ao final, as cousas nin se fan ben nin se fan a tempo e presentan un documento que, dende logo, non aporta absolutamente nada novo.



E dígolle que nós actuamos —digamos— sempre con base nun contrato, nun programa que temos coa sociedade galega. Creo que nós defendemos, defendemos e seguimos defendendo unha sociedade plural, unha sociedade aberta, unha sociedade con todas as liberdades. E, por suposto, esa estratexia tamén a aplicamos á nosa lingua, e fomos clarísimos.

Vostedes intentan agochar... Creo que neste documento falan do maior número de clases en galego; xa lle teñen pánico á palabra «inmersión». Saben o desgaste que isto lles supón. Só o falan nos seus foros internos, pero cando queren sacar a pel de cordeiro, falan dese proceso, de intentar... Falan neste documento tamén de facer guetos lingüísticos, é unha cuestión singular. Levaban vostedes moito tempo sen falar deste asunto e falan xa de crear guetos lingüísticos de inmersión lingüística nas cidades onde menos se fala galego. Este é un tema interesante que, seguramente, á sociedade galega lle vai gustar moito. Falan vostedes de procesos de inmersión, de guetos, naqueles espazos onde, por circunstancias... A xente, en liberdade, elixe, dende logo, a lingua, con total liberdade, e a Xunta de Galicia ten que seguir facendo os seus esforzos para que o galego estea máis vivo que nunca.

Remato cunha frase do querido, recordado e añorado escritor e intelectual galego —que vostedes teñen completamente deostado— que falaba de que o problema do BNG é que, ás veces, de tanto querer algunhas cousas, acababa abafándoas. Sabe vostede de quen falo, de Xesús Alonso Montero. Vostedes nunca máis puideron volver escoitar nin puideron volver ter cerca a don Xesús Alonso Montero, pero el, como presidente da Real Academia Galega dicíao moi claro. O BNG ten un problema, ten un problema grave: patrimonializa un ben que é de todos. O galego e os galegos non son o BNG nin son do BNG; os galegos e as galegas son da liberdade, son da libre elección da súa lingua e son de querer e de amar o noso maior patrimonio e a nosa maior obra colectiva a nivel cultural, que é o noso idioma. E, nesa liña, o Partido Popular sempre estará do seu lado.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de que a transición enerxética se faga desde unha óptica social e inclusiva

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, conselleira. Benvida a este Parlamento unha vez máis.

A transición enerxética é unha realidade ineludible para Galicia, e ten que asumila como tal; é unha oportunidade de transformación económica e social. Non obstante, a experiencia histórica demostra que, sen regulación pública específica, as condicións do mercado crean máis pobreza enerxética, máis desigualdades territoriais e máis desigualdades sociais.



O desenvolvemento da transición enerxética, tal e como está planificada actualmente, supón un incremento das desigualdades sociais, e isto é así e podemos constatalo. Pretender electrificar os consumos enerxéticos obriga a moitos cambios nos ámbitos industriais, mais tamén obriga no ámbito doméstico e, nomeadamente, na mobilidade. As economías das clases traballadoras non teñen capacidade para adaptarse a estes cambios, esta é unha realidade. Para unha familia de clase obreira, cambiar a vella caldeira por una bomba de calor, ou substituír o vehículo de combustión por un vehículo eléctrico ou un vehículo enchufable non é máis que unha pequena ou unha grande utopía; sobre todo, cando estes cambios chegan nun momento en que vemos unha carestía da vivenda sen precedentes ou co cesto da compra máis caro da historia.

Hoxe falamos da transición enerxética, pero, para milleiros de familias galegas, o que viven non é unha transición; é unha carreira de obstáculos á que sempre chegan tarde e sen forza. A transición, tal como está deseñada, fai que quen ten menos pague máis e pague antes. Porque, se analizamos como se están a artellar as subvencións que de diferentes administracións públicas se formulan para acadar os obxectivos globais da transición e para facilitar a electrificación de consumos —estoume a referir ás subvencións que vemos publicadas no *Diario Oficial de Galicia* moi a miúdo: subvencións para o autoconsumo individual, subvencións para a instalación de bombas de calor ou, mesmamente, as que dan para vehículos de baixas emisións—, todo este compendio de axudas públicas, todo este compendio de subvencións publícanse sen criterio de renda ningún, polo que temos incentivos fiscais para quen xa ten capacidade de investimento ou para quen ten a opción física de levar a cabo estes investimentos, porque non todo o mundo pode montar na súa vivenda unha instalación de autoconsumo, por exemplo. Por tanto, temos un sistema público de axudas que expulsa a quen non ten posibilidade económica de facer un investimento para pór módulos fotovoltaicos ou mercar un vehículo eléctrico. Esta é unha das primeiras eivas que a transición enerxética está a levar á sociedade, e moito me temo que a súa consellaría algo de responsabilidade terá en todo isto.

A dispersión poboacional de Galicia xoga en contra da transición enerxética. Temos un rural envellecido, aínda que temos un rural vivo, e temos un rural cun transporte público insuficiente ou moitas veces inexistente e cun parque móbil dominado polo vehículo diésel. Trasladar esta realidade, incluso con estas políticas de subvención, é non coñecer a realidade en si. É aplicar un tratamento que pode funcionar nunha metrópole, onde hai un transporte público adaptado, onde pode haber unha liña de buses ou unha liña de metro, mais que estamos vendo que non é efectiva no noso país. E neste punto tamén nos atopamos con outra medida, a medida das zonas de baixas emisións, que, se ben é unha oportunidade para descarbonizar o centro das cidades galegas, aplicada tal e como se está a facer hoxe en día, xera exclusión de quen vive nas vilas periféricas e precisa dun vehículo para entrar nas cidades para traballar ou para facer calquera tipo de xestión.

E, para seguir co debate, coido que é importante ampliar o contexto deste debate, enmarcalo e poñer dous fitos que deben achegar unha visión completa do problema.

Por unha banda, está a influencia que ten nos mercados enerxéticos a agresión imperialista a Irán. A escalada bélica na zona do estreito de Ormuz dispara o novo prezo internacional do petróleo e do gas.



Por certo, non sei se vostede estaba atenta ao debate que se acaba de producir neste Parlamento. Hai escasa media hora tivemos unha votación onde os seus compañeiros do Partido Popular acaban de dar un apoio explícito á agresión imperialista de Irán, algo co que non podíamos contar, porque o pobo galego — polo menos, o pobo galego que nós coñecemos — é un pobo galego que defende a paz sobre todas as cousas, e vostedes acaban de retratarse aquí publicamente defendendo a guerra de Irán. (*Aplausos.*)

Como lle dicía, esta escalada bélica inflúe no prezo internacional do petróleo e o gas, abrindo, sobre todo, unha nova vaga á especulación. Onte mesmo coñeciamos un estudo que fixo a BBC sobre o que pasou momentos antes de lanzar o primeiro mísil sobre Teherán, quince minutos antes. Rexistráronse centos de movementos especulativos arredor do mercado do petróleo que provocaron algo así como 580 millóns de dólares de beneficio a eses especuladores. Esta vaga especulativa provoca que os mercados enerxéticos rexistren cifras récords de cotización e que os resultados se noten nas gasolineiras e nas facturas eléctricas. En poucas semanas, o barril de Brent pasou de arredor de 60 a 110 dólares, e iso traducíuse case inmediatamente nun incremento da gasolina dun 20 por cento e do gasóleo de máis dun 30 por cento. Este efecto dos carburantes chega nun país, Galiza, onde o coche diésel segue a ser imprescindible para milleiros de traballadoras e traballadores que viven no rural ou nas vilas periféricas das cidades e que non teñen unha alternativa clara do transporte público. Ao mesmo tempo, o encarecemento do gas nos mercados europeos está a empurrar cara arriba o prezo da electricidade, porque seguimos cun sistema, a pesar de estar descarbonizándose, onde o gas marca o prezo do mercado horario, e isto leva a rexistrar picos de arredor dos 130 euros megavatio/hora.

Esta é a mellor demostración de que unha transición enerxética ordenada polo mercado —ía dicir pola lóxica do mercado, pero este mercado vese que non ten lóxica; o único que ten é un claro sentido especulativo— deixa a maioría social totalmente exposta a crises internacionais. Cada conflito, cada bloqueio, cada operación militar imperialista tradúcese en máis pobreza enerxética no noso país. ¿Como lle podemos explicar a unha familia galega que ve como a súa factura eléctrica vai *in crescendo* e que ve como cada vez que vai á gasolinera custa máis encher o tanque do combustible que se pretenda montar un parque eólico no patio traseiro?

E esta é a segunda cuestión que hai que introducir no debate da transición: o paradoxo de ser un país excedentario en produción de electricidade —levamos cinco anos aportando unha media do 35,43 por cento da electricidade— que xogamos un papel de fornecedor de enerxía para o resto do Estado, para o resto da Meseta, e de non ter un retorno xusto, non ter unha tarifa propia nin mecanismos de protección, de modo que exportamos electricidade e importamos prezos altos e incerteza.

Sobre esta base histórica, chega agora unha nova vaga de proxectos ao país. É unha vaga cualitativamente distinta: grandes parques eólicos terrestres, macroproxectos de eólica mariña flotante nas nosas costas que hai por aí e proxectos de almacenamento por bombeo hidráulico que volven poñer enriba da mesa o de sempre: ocupación do territorio, persoas sobre o medio e ameaza ás actividades preexistentes. A pregunta de fondo é sinxela: ¿esta nova onda vai corrixir a inxustiza histórica ou vai profundar no modelo extractivo e colonial que xa coñecemos?



E, ao fío desta panorama, non me podo negar a sorprendeme de escoitala a vostede, señora conselleira, e de escoitar tamén o presidente Rueda esta pasada fin de semana reclamar, case como nun acto de fe, que Galicia sexa o primeiro lugar onde se instale a eólica mariña flotante, que as costas galegas sexan as primeiras en recibir proxectos de explotación eólica. E isto, tendo en conta que o propio Goberno do Estado recoñece que non dispón de estudos serios e completos sobre o impacto desta tecnoloxía nos ecosistemas mariños e no sector pesqueiro. É difícil atopar un exemplo máis claro do que é unha transición enerxética mal gobernada. O sector pide compatibilidade, o Goberno do Estado lanza unha poxa e vostedes recollen a luva sen ter nin sequera un estudo socioeconómico serio e completo.

E non podemos falar dos efectos negativos da transición sen recordar os colectivos máis vulnerables, os perceptores do bono social, tanto térmico como eléctrico. Somos un país con excedente de enerxía —como dixen antes—, un país que exporta o 35,3 por cento da electricidade, pero que no día de hoxe conta con case 300.000 persoas en situación de vulnerabilidade enerxética: 95.000 familias perceptoras do bono social eléctrico. Non podemos seguir como se non pasase nada, non podemos actuar como se isto non existise. Temos que tomar cartas no asunto e, nese contexto, é no que lle formulamos hoxe esta pregunta, señora conselleira: ¿cales son as políticas desenvolvidas pola Xunta para abordar a transición enerxética dende unha óptica socialmente xusta e inclusiva?

Eu non podo adiviñar a súa resposta porque no *Diario Oficial de Galicia* non vemos que haxa indicio ningún ao respecto, pero voume aventurar. Vou ser ousado e aventurarme a que posiblemente unha das cartas que nos poña enriba sexan os beneficios do parque eólico de Mondigo. É unha proposta, esa de Mondigo Beneficia, que ten certos tintes ao que eu lle veño demandando agora aquí, ten certos tintes semellantes aos da tarifa eléctrica galega. Home, a unha tarifa eléctrica galega mal copiada, de xeito resumido. E, por certo, estrearon onte —se non estou trabucado— a páxina web en que se explica como vai funcionar a proposta de Mondigo Beneficia, pero sobre esa páxina web temos máis dúbidas que certezas porque, a pesar de que intentan copiar a nosa proposta da tarifa eléctrica galega, vemos aí serias dúbidas que cómpre aclarar.

Por exemplo, ¿como van garantir que unha familia con bono social que vive na zona afectada de Mondigo Beneficia se vexa beneficiada —valla a redundancia— polos beneficios deste parque eólico? ¿Como van garantir que as comercializadoras de referencia asuman ese convenio de que vostedes falan na súa páxina web? Eu creo que podemos lanzar hoxe un anuncio dende acó: creo que lles podemos dicir ás familias que están na zona de influencia de Mondigo Beneficia e que teñen bono social que van ser excluídas dos beneficios deste parque eólico, é dicir, non van contar con ese desconto do oitenta por cento que menciona Recursos de Galiza nesa páxina web porque a Consellería de Industria se esqueceu de incluír as comercializadoras de referencia dentro deses acordos.

En fin —como lle dicía—, é unha mala copia do que é a nosa proposta da tarifa eléctrica galega; é unha mala copia de como se aplican os beneficios sociais, pero é un paso adiante; é un paso adiante no cal vostedes recoñecen, primeiro, que o parque eólico ten afeccións negativas, o cal é un avance; segundo, que é un parque eólico que xera riqueza, o cal tamén está ben, e terceiro, que comparten esa riqueza coa veciñanza —¡bueno!, cunha mínima parte da veciñanza— afectada, porque terá que estar de acordo comigo con que a [...].



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...—remato, señor presidente—... dun parque eólico vai moito máis aló dos metros que vostedes formulan ao redor desta proposta.

Nós propoñemos alternativas; puxemos propostas enriba da mesa —como vería vostede— na formulación desta interpelación. É unha alternativa clara: planificar a transición, dunha óptica social; un plan social de información, de formación e de recualificación; uns mecanismos de equidade, como a dividendo social do CO₂; unha participación real da cidadanía e dos sectores afectados, e unha tarifa eléctrica galega que converte o noso papel de país exportador de enerxía...

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...nunha vantaxe para a xente e para as empresas galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Ben, bo día.

Moitas grazas, presidente.

Señor Golpe: ¡que difícil o ten agora o BNG coa política enerxética da Xunta de Galicia!; ¡que difícil o ten!, ¡que difícil!

Mire, escoitei, de verdade, con interese e lin a interpelación que vostede fixo por escrito. No que creo que si estamos de acordo é na diagnose; a diagnose, evidentemente, é o escenario actual e está moi ben descrito.

Eu coincido —e creo que o digo sempre publicamente— en que é imposible levar, ao ritmo en que o estamos levando, a electrificación de todos os consumos enerxéticos, tanto no ámbito industrial como no ámbito doméstico e no ámbito da mobilidade, e coincido nas dificultades que teñen as empresas e que teñen os fogares. Comparto absolutamente que é imposible que Galicia, e tamén España —isto non é unha cuestión territorial da nosa comunidade—, poida electrificar todo o transporte en tan pouco tempo. Agora ben, sendo esta a diagnose, o que é imposible é a incoherencia con que vostedes desenvolven despois todos os instrumentos, as medidas e a planificación que temos que ter as administracións —e creo que tamén os partidos políticos— para afrontar a transición enerxética.

E digo que o teñen moi difícil, porque, en primeiro lugar, soamente solicitan —dío o presidente Rueda continuamente á señora Ana Pontón— con esa vehemencia neste Parlamento as medidas de transición, cando vostede sabe, exactamente igual ca min, e tamén o sabe o



seu grupo, que a transición enerxética en España require unha serie de elementos que teñen que ser adoptados polo Goberno central. Eu creo que vostede concordará comigo en que é imposible que esa transición e esa electrificación teñan lugar se non somos capaces de reforzar as redes de transporte.

Eu non vin nunca que vostedes se dirixan ao Goberno central reclamando isto, cando é un dos maiores problemas económicos e sociais que ten agora mesmo o Estado español. Creo que concordará comigo en que os atrasos nos nós de transición xusta son tamén un problema gravísimo para a transición que vostede reclama. E a eólica mariña é necesaria. Agora vou seguir falando do tema das enerxías renovables.

É certo que creo que os dous grupos coincidimos en que as transicións non poden ser bruscas, pero, despois disto, vostedes non son coherentes en apoiar, precisamente, os mecanismos que van permitir que as transicións poidan facerse dun xeito progresivo e con sentido común. A realidade é que vostedes se opoñen de maneira total a calquera iniciativa de calquera proxecto industrial que poida permitir avanzar na descarbonización, e temos moitísimos exemplos do seu grupo parlamentario e de como vostedes moven as súas distintas ramificacións para obstaculizar calquera proxecto industrial. *(Aplausos.)* O seu partido só se atreve a apoiar publicamente pequenos proxectos empresariais ou industriais necesarios, que teñen por suposto o seu valor, pero que non son proxectos tractores que poidan, de ningún xeito, soste o país nin facer crecer a economía e levar a cabo a transición da cal vostedes falan. Vostedes teñen medo a apoiar os grandes proxectos industriais de descarbonización. Iso é como llo estou dicindo.

En segundo lugar, vostedes opoñense a todo tipo de infraestruturas enerxéticas; en particular, opoñense a implantación de novas instalacións renovables. Creo que non é necesario dar exemplos aquí de como se levan opoñendo, de maneira constante, á instalación de calquera renovable. Vostede falou de «modelo extractivo colonial que xa coñecemos». Non, non o coñecemos, estamos empezando a coñecer agora o modelo enerxético da Xunta de Galicia.

¿En que quedamos?; ¿en que é unha copia do BNG, pero, en cambio, votamos en contra da Lei de beneficios sociais e económicos? ¿Non estamos de acordo co modelo extractivo e colonial do Partido Popular, pero, sen embargo, a súa alcaldesa, do BNG, está traballando con nós para implantar ese modelo no seu concello? Fale coa xente que está no territorio. Vostedes saben perfectamente que este modelo vai funcionar.

Vostedes están reclamando que cheguen os beneficios á cidadanía. Falou dos veciños que teñen un parque eólico no seu patio traseiro con este modelo. Coa Lei de beneficios da que vostedes votaron en contra, os veciños que están preto dese parque eólico van ter unha enerxía máis barata. *(Aplausos.)* Os cidadáns teñen que saber que vostedes, o BNG, votaron en contra da lei que permite... —¡iso é así!, *(Aplausos.)* e creo que o teñen que explicar... ¿Por que vostedes votaron en contra, precisamente, dun dos instrumentos que permite a transición enerxética xusta?, ¿por que o fixeron?

Señor Golpe, eu preguntolle: ¿como se descarboniza a economía, se non hai xeración renovable?, ¿como é posible? ¿Como se electrifica o transporte ou a industria se non hai redes



eléctricas? ¿Como se crea o emprego industrial do cal vostede tanto fala se se bloquea calquera proxecto que xera riqueza no territorio? ¿Como se chega ese 25 por cento de aportación da industria ao PIB? É unha pura contradición o que está facendo o seu partido. ¡Non se pode defender a transición enerxética e votar, sistematicamente, contra todos os instrumentos que a fan posible! Vostedes son incapaces de defender calquera proposta que veña do Partido Popular. ¡Isto é así! ¡A única razón pola cal vostedes votaron en contra da Lei de beneficios sociais e económicos é porque era unha proposta do Partido Popular! (*Aplausos.*) Prefiren poñer a cidadanía en peores condicións enerxéticas que votar a favor e recoñecer un éxito do Partido Popular. Ese é o BNG, (*Aplausos.*) ese é o BNG.

Para que as transicións sexan graduais, non se poden adoptar posturas dogmáticas, que é o que está facendo o Goberno central, e vostedes están aplaudindo as decisións do Goberno central. Nós somos capaces de defender o mesmo que estou apoiando aquí en Madrid, en Bruxelas e onde faga falta, pero vostedes non. Vostedes veñen aquí interpelarme sobre a transición xusta e, despois, non son capaces de presentarse no Congreso dos Deputados e dicir o mesmo ao Goberno central. ¡Non son capaces!

Vostedes son os que promoven posturas radicais como, por exemplo, urxir o peche das centrais de carbón; vostedes son os que están a favor do peche das centrais nucleares, pero tamén están en contra do desenvolvemento renovable. Todas estas medidas, señor Golpe, que quedan moi ben cando está aí sentado e cando está detrás da pancarta, non son gratuítas nin son inocuas. Pechar as centrais de carbón ou pechar as centrais nucleares inflúe no recibo eléctrico da clase traballadora —como vostede di reiteradamente— e inflúe no emprego. ¡Claro que inflúe!, pero a vostede dálle igual porque están nese dogmatismo, segundo o que hai que facer unha transición, e vostedes non queren que sexa xusta. O único que están é a defender a súa ideoloxía. Eu tamén defendo a transición enerxética —¡por suposto!— e a loita contra o cambio climático, pero o que non vou defender é a transición enerxética á custa de facer o pobo galego máis pobre, que é o que vostedes están defendendo.

Estamos totalmente a favor de descarbonizar a economía, pero as transicións teñen que ser graduais; non poden levar a que unha parte da poboación non chegue a fin de mes ou a que as empresas non poidan sufragar os seus custos enerxéticos. A transición cara á neutralidade climática ten que ser compatible, en todo o caso, coa viabilidade económica, tanto das familias como dos sectores económicos.

A Xunta leva anos apoiando con esas medidas —que a vostede non lle gustan, parece ser— do Inega, entre outros. Mire, nos últimos catro anos, o Inega investiu case trescentos millóns de euros en fomentar a transición enerxética en distintos eidos. E chamoume a atención, por exemplo, que vostede falaba aquí especificamente das axudas para a mobilidade eficiente. Esas axudas están concibidas pola Xunta de Galicia, dende o punto de vista da neutralidade tecnolóxica. E volvo ao mesmo, vostedes seguen cos seus dogmatismos: soamente vehículo eléctrico. Pois o que está ocorrendo é que as axudas da Xunta de Galicia están permitindo que Galicia sexa, actualmente, a comunidade autónoma onde máis vehículos se renovan. Isto débese, en gran medida, á planificación da Xunta de Galicia e en como están concibidas estas axudas á mobilidade, recoñecidas mesmo pola Asociación Nacional. (*Aplausos.*) E vostede vén



aquí, precisamente —cando este é un caso de éxito; é un exemplo a nivel nacional—, criticar especificamente as axudas á mobilidade da Xunta de Galicia.

E xa para rematar, en relación co parque de RDG, en Mondigo, agora mesmo está o equipo de RDG traballando cos veciños para resolver calquera das dúbidas que vostede aí, dende o escano ten, pero que, sen embargo, seguramente a súa alcaldesa —e vólvolle dicir: fale con ela— xa as ten todas aclaradas. RDG ofreceu un convenio de colaboración con todas as compañías comercializadoras de electricidade da zona e, no caso de que esas compañías non queiran adherirse, RDG ten unha comercializadora propia, co cal, ningún veciño que queira adherirse a estes descontos vai quedar sen descontos por culpa da súa comercializadora. Cando vostede vén aquí dicir que copiamos a tarifa eléctrica galega —eu creo—, non sabe nin sequera o que estamos facendo porque non ten ningún tipo de interese en coñecer as medidas da Xunta. O único que vostede quere é simplemente criticar e opoñerse porque son medidas do Partido Popular.

Como dicía —e con isto remato— ao principio: ¡que difícil o ten agora mesmo o BNG para opoñerse á política enerxética da Xunta de Galicia!; (Aplausos.) ¡que difícil!

Nada máis e grazas, señoría. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidente.

É difícil facerlle a réplica á señora conselleira, non pola altura do discurso e non pola altura das medidas que nos veu explicar aquí, senón polo deslavazado que foi. Vostede lanzou pedras para todos os lados, pero, do que eu lle preguntei na nosa interpelación, non houbo nin unha soa resposta.

Eu si que quero dar resposta a todas as acusacións que acaba de lanzar vostede aquí. Eu non sei se vostede segue os debates do Parlamento, pero hai quince días, no anterior debate, eu explicáballe ao interventor do Partido Popular, nunha das súas iniciativas sobre enerxía, o que era unha *falacia ad verecundiam*, é dicir, a que se lanza dende unha posición de poder ou de suposta veracidade; e vostede hoxe tamén botou man dela, pero reforzouna cunha *falacia ad hominem*, que é a que se lanza contra a persoa e non contra as ideas que lanza a persoa. Entón imos empezar polo principio.

Vostede achacou que un dos problemas da transición enerxética no noso país é o colapso das redes de transporte. É certo. Non hai máis que comprobar os mapas de Rede Eléctrica de España para ver que non temos onde evacuar megavatios nin temos onde conectar máis megavatios. Pero a iso hai que engadirlle un chanzo máis: temos un problema coa rede de distribución, temos un problema coa rede de 20.000 volts, temos os polígonos industriais do país todos paralizados e, ¿quen ten as competencias en distribución? Non sei, ¡hágaselo mirar!



E por certo, a respecto diso, nós trouxemos iniciativas a este Parlamento sobre temas de transporte e sobre temas de infraestrutura; se non, repase o *Diario de Sesións*. É máis, temos unha iniciativa bastante fresquiña: na anterior Comisión 6^a, apoiamos unha iniciativa do Partido Popular para demandar ao Estado que declare como nó de transición a futura subestación da Maciñeira —por certo, coa crítica do Partido Socialista, dicindo que faciamos a pinza do BNG (*O deputado José Manuel Golpe Acuña representa cos dedos índice e polgar unha pinza.*) (*O deputado José Manuel Golpe Acuña ri.*) co Partido Popular. En fin..., ver para crer.

Diciános vostede que, por un lado, nós demandamos transición enerxética e, logo, movemos as nosas ramificacións para loitar contra calquera tipo de proxecto de enerxía renovable que se monte no noso país. ¡Bueno!, cada un fai o que pode. Outros moven xuíces (*Aplausos.*) de salas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. (*Aplausos.*) (*O deputado José Manuel Golpe Acuña ri.*) Nós non podemos facer máis que mover este pobo galego que nos acompaña a pesar de que o conselleiro de Educación nos acaba de dicir que había unha ducia de paraugas na manifestación da lingua. Eu quero recordarlle as imaxes de Altri, por exemplo, ¿eh?; enchemos varias veces a praza do Obradoiro —aí queda iso—.

Vostedes moven os xuíces do Tribunal Superior de Xustiza. ¡Ai, perdón!, ¡que a vostede iso non lle corresponde agora!; ¡que non ten as competencias en tramitación de novos proxectos! *¡Cachis!*—. A pesar de que ten vostede moito *hooligan* por aí que lle di que o mérito non é seu por ser tan boa, senón de quen a puxo aí —¡que vaia coa *frasecita* tamén, ¿eh?—. Iso é para recoller nunha hemeroteca e repetila en bucle. «É vostede moi boa, pero o mérito non é seu». ¿Deulle as grazas cando acabou?, porque non vin esa parte do discurso.

En fin, dende logo que falaremos coa nosa alcaldesa de Barreiros, porque é bonito o discurso que nos deu sobre o parque eólico Mondigo e os beneficios que van chegar ao territorio, ¿non? É que, a ver, isto, loxicamente, afecta tres concellos: Trabada, Barreiros e Ribadeo. Barreiros leva gobernado polo BNG unha longa primavera. É normal que teñan que chegarlle tamén os beneficios, se llelos están dando aos concellos limítrofes.

Falando de Mondigo, voulle responder que de nada; de nada, porque, grazas ao BNG e grazas a unha iniciativa pioneira neste país, aceleraron vostedes a posta en marcha desta medida, e sacárona vostedes publicamente, ás présas e correndo. Estoulle falando do que fixo o noso compañeiro Manolo Requeijo en Muras, porque iso si que é un verdadeiro acordo de máximos. Un concello de pouco máis de seiscentas persoas está poñendo o vento de Muras para o beneficio da poboación de Muras e para o beneficio das empresas que alí radican; por certo, empresas que non teñen conexión á rede de media tensión e que vostedes, unha e outra vez, lles denegan ampliar o polígono industrial. (*Aplausos.*) E despois fálannos a nós de coherencia.

En fin, mire, eu poñía no eixo central das nosas demandas a tarifa eléctrica galega e seguirémola poñendo porque sabemos que se pode realizar e que custa ben pouco. De feito, voulle poñer un exemplo: o Real decreto lei 7/ 2026, que se vai debater mañá no Congreso dos Deputados, leva unha medida na cal se modifican as peaxes de acceso da industria electrointensiva para incrementar a súa competitividade. Pois é exactamente o mesmo que pedimos nós: que se modifiquen os cargos do sistema, que se modifiquen as peaxes do sistema, aos códigos postais do noso país. ¡Mire que difícil sería!, e aí pódese recoñecer a nosa natureza



como terra de sacrificio e como terra que leva fornecendo de enerxía eléctrica a bo prezo á meseta e a parte de Europa.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Remato, señora presidenta, non sen antes lanzarlle unhas ideas, visto que vostede non nos deu ningunha resposta máis que a de que están dando subvencións. E eu, o que lle critiquei das subvencións —volvo repetirillo— non é que saquen liñas de axudas —non—, senón que se saquen liñas de axudas sen criterios de renda. Iso é o que nos parece grave, e iso é subsanable.

Pero voulle dar unhas cantas ideas: a creación dunha rede pública de información á cidadanía, na cal se informe de como funciona a transición enerxética e de que concellos ten; o fomento do autoconsumo compartido das comunidades enerxéticas de base social...;

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...o deseño de iniciativas orientadas a reciclar todas as persoas que están caendo do sistema produtivo por culpa da transición enerxética; a programación de capacitación e de reciclaxe profesional; a posta en marcha do dividendo social do CO₂, que está dentro do texto da nosa iniciativa; a introdución, no ensino galego, da transición enerxética ou a formación en transición enerxética, tanto nos ciclos formativos de formación profesional como en mestrados...;

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...e, como non —e demándoa xa, por última vez, hoxe—, a creación ou a demanda ao Estado das modificacións necesarias para crear a tarifa eléctrica galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten novamente a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señor Golpe, ¿vostede cre que a Xunta de Galicia (*A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana Somoza, ri.*) ten as competencias para decidir sobre o investimento que se fai na rede de distribución e sobre a metodoloxía de solicitude á rede de distribución...? ¿Acaba de dicir isto? Eu non sei se realmente o pensa, en cuxo caso é grave, ou, se non o pensa, ¿como é posible que acabe de vir aquí, a este Parlamento, dicir que a rede de distribución está colapsada porque a Xunta de Galicia non fai o seu traballo? Lea vostede, por favor, artigos 4 e seguintes da Lei do sector eléctrico; (*Aplausos.*) léaos vostede, por favor... (*Pausa.*) (*Aplausos.*)



As propias distribuidoras —en Galicia, fundamentalmente, Unión Fenosa, como vostede sabe— están fartas de trasladar ao Estado que a metodoloxía de solicitudes non funciona. Actualmente é imposible para a Xunta de Galicia, cando chega un proxecto, saber onde existe capacidade na rede de distribución e onde non, polo sistema que ten deseñado o Estado; entón, que vostede veña aquí dicir que isto o podía solucionar eu..., en fin.

En canto a un plan social de información, de sensibilización, de capacitación e de recualificación, que posibilite a participación activa, consciente e crítica, individual e colectiva, na transición enerxética, estou absolutamente de acordo coa capacitación e coa recualificación, e —creo— niso estamos traballando na Xunta de Galicia, nos concellos e nas organizacións sindicais. Agora, que vostedes, no BNG, falen de información e de sensibilización..., o partido en Galicia, xunto con, efectivamente, todas esas ramificacións, que ten por principal obxectivo a desinformación da cidadanía, veña aquí propor un plan social de información e de sensibilización... (*Aplausos.*) O que lle dicía: ten que ser moi complicado defender agora mesmo a súa postura.

En canto ao plan social, o mellor plan social que se pode propoñer é que existan industrias onde vaian as persoas traballar, pero, ¿que fai o BNG? Díxenllo antes: oporse de maneira sistemática a calquera proxecto industrial de natureza tractora. Iso si, reclaman un plan social, é dicir, traballadores sen industrias.

Mire, puxo como exemplo o parque eólico de Muras. E falaba na anterior intervención do necesario efecto incentivador das axudas, co cal estou completamente de acordo. As axudas teñen que ter un efecto incentivador. Pois, mire, o plan de Muras, o proxecto de Muras, ten unha importantísima axuda do Goberno central para a repotenciación, e non vai investir, nin sequera un mínimo da porcentaxe da axuda, que lle está dando o Estado, a dar axudas —porque eu denominaría así: axudas— da enerxía ás persoas que están na súa contorna. Eu voulo dicir, por unha soa vez: ¿de verdade, para o BNG, o modelo social de parque eólico e de beneficios sociais é Muras? Pénsese ben (*José Manuel Golpe Acuña: ¡Si!*) e analice ben. A porcentaxe dos beneficios de Mondigo que vai para a cidadanía e a porcentaxe de Muras, porque realmente ten, ou teñen vostedes, un problema se quere que Muras sexa o exemplo.

¡Nada dixeron vostedes, (*Aplausos.*) —absolutamente nada— sobre o recurso presentado polo señor Pedro Sánchez contra a Lei de medidas que prevé a repotenciación e os beneficios sociais e económicos á cidadanía galega! (*Aplausos.*) Nada dixeron vostedes sobre a opinión do Partido Socialista, tanto en Madrid como en Galicia, de que as repotenciacións se teñan que facer con axudas. E logo vén aquí, na súa interpelación, falar dos beneficios das eléctricas, ¡interpelándome a min! Eu estou de acordo con vostede, o que non sei é o que vostedes pensan sobre esas axudas que se están dando á repotenciación. Veñen criticar as axudas que damos, dende a Xunta de Galicia, á mobilidade de baixas emisións máis eficiente; veñen criticar as axudas que estamos dando aos fogares para que poidan mellorar os seus sistemas de calefacción eléctricos; veñen criticar todo iso, pero, sen embargo, ¡non critican nin un só momento as axudas millonarias que está dando o Partido Socialista en Madrid ás eléctricas! ¿Esa é a súa tese?! (*Aplausos.*)—¿esa é a súa tese?—. E vén aquí poñer de exemplo —e vén aquí poñer de exemplo— un parque eólico que utiliza as axudas de repotenciación para dar unha pequena cantidade aos veciños. (*Pausa.*)



Mire, eu só lle digo, e con isto remato, que, por favor, apliquen un pouco de coherencia e, se realmente vostedes queren defender que haxa beneficios para a poboación galega; se vostedes queren defender que a poboación sexa capaz de afrontar a transición enerxética; se queren defender que os recursos que hai en Galicia se aproveiten para os galegos..., sexan coherentes e preparen vostedes unha interpelación ao Goberno de España, no Congreso dos Deputados. Ou pregúntelle ao señor Besteiro por que o Goberno de España, do Partido Socialista, non defende estes obxectivos e por que enche de axudas proxectos que non as necesitan. De verdade, ínstolle a que presente unha interpelación ao Goberno de España.

Mentres tanto, o Goberno da Xunta de Galicia, do Partido Popular, garántolle que imos continuar traballando nunha transición xusta e, dende logo, non é o BNG o que pode vir, hoxe en día, darlle ningunha lección ao Partido Popular sobre como facer unha transición enerxética xusta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar paso á seguinte interpelación, doulles a benvida —e tamén saúdo— aos alumnos e alumnas do quinto curso de primaria do colexio de educación infantil e primaria Rosalía de Castro do Grove. Benvidos ao Parlamento.

Interpelación do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten a palabra o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, hoxe falamos de infraestruturas escolares, das infraestruturas educativas. E a verdade é que pretendemos, dentro da nosa intervención, ou desta interpelación que hoxe traemos aquí, ser construtivos e construtivas. Dende o Partido Socialista así o levamos sendo en materia educativa e, sobre todo, co que ten que ver cos centros educativos, nas nosas emendas dos orzamentos —con escaso éxito—, sempre co voto en contra do Partido Popular, e tamén a través das iniciativas que traemos a este Parlamento e que o Partido Popular apoia no territorio, pero vota en contra en cada unha das comisións ou no pleno correspondente.

A verdade é que digo o de ser proactivos e positivos, porque unha das cuestións que sempre se abordaron neste Parlamento é que subimos a criticar. Pois mire, eu hoxe o que lle plantexo, xustamente, é que fagamos o contrario, é dicir, que sumemos en positivo e que traballemos por que o caos existente, no día de hoxe, en infraestruturas educativas poida ser corrixido, xustamente, polo departamento que vostede dirixe.

E hoxe nós traemos esta interpelación facéndolle unha pregunta directa e clara, que é se dispón a Xunta de Galicia dunha avaliación técnica actualizada do estado das infraestruturas



dos centros educativos. E a pregunta, ademais, vai relacionada coa falta de información que este grupo parlamentario ten, por causa de que, por moito que preguntemos e por moita iniciativa que presentemos, non se nos responde. Polo tanto, hoxe a ver se conseguimos, minimamente, saír de aquí con algunha información; e a ver se a Xunta de Galicia, polo menos, ten esa información e a pon á disposición dos grupos parlamentarios, que, xustamente, —como vostede ben sabe—, o que nos corresponde aquí, nesta Cámara, é fiscalizar o labor do Goberno e, polo tanto, fiscalizar o seu labor como conselleiro de Educación da Xunta de Galicia.

Vostede, no día de onte, fixo unha comparativa... Rectifico, vostede sempre fai unha comparativa co ano 2009; sempre que ten que facer unha valoración, faina co ano 2009. Parece que se creou o mundo no ano 2009; para vostede, sen dúbida, pero para os centros educativos, por desgraza, non. Non se crearon no ano 2009, e, polo tanto, levan anos e anos sen que a Xunta de Galicia faga as rehabilitacións que son necesarias e urxentes. Facendo esa comparativa que vostede adoita facer, a pregunta que nos temos que facer é: señor conselleiro, ¿os centros educativos no ano 2026 están mellor que no ano 2009? Non, ¿verdade? *(Aplausos.)* Dígoo, porque —xa que lle gusta tanto a comparativa—, dende o Bipartito ata hoxe, despois de dezasete anos gobernando na Xunta de Galicia, vemos que houbo un deixamento absoluto nas súas competencias. *(Aplausos.)* E empezo xa puntualizando o tema das competencias da Xunta de Galicia porque é unha das cuestións importantes. Claro que si, no que ten que ver coas rehabilitacións e coas cuestións estruturais dos centros educativos, a Xunta de Galicia ten competencias para facelo.

Nós consideramos que o que fai falla é unha boa planificación. Por iso, a pregunta vai no marco de se existe unha avaliación. Todo o mundo entende —os centros educativos entenden, a comunidade educativa entende e este grupo parlamentario tamén entende— que non se poden facer nun ano todas as obras precisas —iso é algo lóxico; podemos entendelo—, e por iso entendemos que ten que haber unha planificación plurianual que ten que levar que se prioricen as cuestións máis urxentes e que se vaia poñendo data a cada unha das cuestións que fan falla nos centros educativos.

E ¿por que digo isto? Porque de nada serve que o único que teñamos da Xunta de Galicia sexan anuncios; anuncios que vai facendo o conselleiro alí dependendo de onde gobernen. Iso é certo, porque xa vimos o que pasou en Ribeira: tivo que cambiar o goberno para que a Xunta de Galicia se comprometea a facer unhas melloras nun centro educativo. Iso é o que non pode ser, señor conselleiro: non pode depender de quen governe ou non se poden facer promesas electorais dependendo do que lle conveña ou non lle conveña ao Partido Popular. As obras son necesarias para o alumnado, para o profesorado e para toda a comunidade educativa, e non para un partido político ou para unha formación política.

Por iso mire, señor conselleiro, vostede sabe ben que o outro día, cando foi visitar un centro, *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha fotografía.)* recibírono así, con esta imaxe. Así foi como o recibiron o outro día, ¿verdade? ¡Ben!

¡Claro!, é que esta é a mostra da realidade, do que vemos. Nós si fixemos esa pequena avaliación. Seguramente fáltannos moitos centros e moita información, pero o que si fixemos



foi un traballo de campo. Levamos meses traballando nesta cuestión, escoitando a comunidade educativa, escoitando as ANPA, escoitando as direccións dos centros e escoitando todas e cada unha das persoas que interveñen no ámbito educativo, porque é realmente o que debería facer a Consellaría. O que pasa é que non lle gusta tanto isto de negociar e de falar coa comunidade educativa... É un trámite, que realmente non é moi positivo, señor conselleiro.

Xa falando de cuestións concretas, a situación que temos nos centros educativos é a que agora podemos mostrar. *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha outra fotografía.)* Temos aquí imaxes inxentes. O que vemos, en resumo, é que hai unha falta de rehabilitación evidente, *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento que contén distintas fotografías.)* que vemos foto tras foto —estas fotos son de Galicia, ¿eh?; dígoo porque non son creadas por IA— dos centros educativos da nosa comunidade autónoma. *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa outra fotografía.)* Esas deficiencias que vostede ve son coas cales ten que convivir o alumnado —que hoxe mesmo nos acompaña—, por culpa de que a Xunta de Galicia non fai o seu traballo.

Esa é a realidade, señor conselleiro; e por iso é moi urxente que se faga este plan plurianual de detección de cales son as necesidades reais de cada un dos centros educativos. *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha outra fotografía.)* Vemos que non só entra auga —isto xa é algo común—. Á parte, neste inverno que, por desgraza, foi bastante chuvioso, vimos como os centros educativos se convertían en piscinas. *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa outra fotografía.)* Está moi ben promover a Educación Física, señor conselleiro, pero é mellor que a Educación Física, no ámbito da natación, se produza nas piscinas e non nos centros educativos. Ademais, vemos como, dentro de todas estas fotografías que eu lle podo seguir ensinando... *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha outra fotografía.)* De feito, podemos entregarlle o dossier con todas estas fotografías, pero, por desgraza, señor conselleiro, seguro que vostede con nada novo vai dar nestas fotos porque xa o coñece, e o que pasa é que non se toman medidas para poder solucionaralo.

Insisto en que non pretendemos hoxe que se solucionen dun día para o outro todas estas deficiencias que se poden comunicar, *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa outra fotografía.)* pero, polo menos, planifiquen vostedes como facer esta avaliación, *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha outra fotografía.)* e vexan como cada unha das obras que se teñen que facer non son de mantemento, senón rehabilitacións integrais que precisan os centros educativos. Son xustamente esas aulas que quedan pequenas polos desdobres que se fan; son xustamente eses ximnasiaos que están sen rehabilitar; esas pistas educativas que están sen cubrir e que vostede coñece perfectamente polas demandas que fan, dende as propias ANPA e dende as propias comunidades educativas.

Chegamos ao punto en que hai que rehabilitar o centro educativo para que os nenos e as nenas poidan beber a auga das billas. ¿Vostede é consciente de que hai moitos centros educativos, na nosa comunidade autónoma, nos cales non se pode beber auga da billa? ¿Teñen unha avaliación de cal é o estado da auga en moitísimos dos centros que, por mor da tubaxe, non se pode empregar? Vostede é consciente diso, ¿verdade? A situación é tan surrealista que, no día de hoxe, os nenos e as nenas teñen que ir coa súa propia botella da casa porque non poden beber auga da billa; incluso en moitos dos casos e en



moitos dos centros non poden nin lavar os dentes. ¡Claro!, fálolle desa auga que ten que saír pola billa para poder empregala, non da auga que está polo chan —que xa vemos que desa sobra—; (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa outra fotografía.*) entón, unha sobra e a outra falta. Fagamos a rehabilitación correcta, señor conselleiro, para que poídamos ter a docencia en condicións óptimas.

Todas estas fotos que eu lle estou ensinando aquí ou este carrusel de fotografías —que parece que fixemos de Willy Fog nos centros educativos—, o que demostran é que hai unha falta evidente de deixamento de funcións da Xunta de Galicia no que ten que ver coa planificación. Insisto nesta palabra, porque o máis importante é que se faga esta avaliación, esta planificación e, polo tanto, se estructure.

Ademais, señor conselleiro, chegamos á fotografía na cal vemos os problemas de accesibilidade. (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha outra fotografía.*) Vostede vén aquí e dinos, día si e día tamén, o ben que o fai a Xunta de Galicia en materia de inclusión, pero a inclusión tamén depende da accesibilidade. Como vostede xa sabe, a normativa —que tanto lle gusta cumprir ao Partido Popular— recoñece que teñen que ser centros accesibles. No día de hoxe non o son, ¿verdade?; non se cumpren os parámetros de accesibilidade para que calquera persoa que teña unha discapacidade física poida ter igualdade de condicións nun centro educativo. (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa unha outra fotografía.*) Só hai que ver a peripecia que hai que facer, en Santiago de Compostela, para poder acceder a un centro educativo, ¿verdade? Todas estas cuestións, señor conselleiro, son importantes, porque son importantes para o alumnado, non para nós. Polo tanto, (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa outra fotografía.*) nós ao que o cominamos é a que se faga ese plan e esa avaliación de todas estas cuestións porque son importantes.

Señor conselleiro, ademais de todas estas fotografías que podemos ver, que o único que demostran son os estados en que se atopan estas infraestruturas escolares, eu creo que vostede recoñece esta foto. (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) É vostede. Onte recoñeceume que vostede era Román Rodríguez e —entendo—, nesta foto, saberá que Román Rodríguez é o da foto e, polo tanto, é vostede. ¿Sabe ao que se comprometeu vostede en campaña electoral? Este é un dos compromisos electorais e podémolo sacar aquí. Eu xa sei que —e recoñezo a parte— esta cuestión xa foi abordada neste Parlamento e, dentro do mago do escapismo que é vostede, dixo que habería que priorizar, pero, mire, é que para vostede, xustamente en campaña electoral, a priorización era, o 9 de decembro de 2023, que se fixese no IES Concepción Arenal unha pista cuberta e no Ferrol Vello un pavillón polideportivo, en Ferrol. (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un outro documento.*) ¿Sabe o que hai, no día de hoxe, no ano 2026? ¿Está feito isto? Non, ¿verdade? Vostede dixo que xa ía estar de maneira inmediata. Está moi ben presentarse a unhas eleccións e prometer moito, pero despois o importante é cumprir coa súa palabra, señor conselleiro.

Temos aquí un *dossier* —sobre o cal, a continuación, procederéi á súa lectura—, co que remato esta primeira intervención, presidenta, dicíndolle, señor conselleiro, que nós entendemos que, aínda que vostede considere —que xa mo indicou no día de onte— que non todo é unha cuestión dos cartos..., cartos pode habelos, señor conselleiro. É unha cuestión de modelo; non soamente de orzamentos.



O modelo do Partido Popular é condonarlles aos ricos os seus impostos e, despois, quen o paga é a comunidade educativa, con centros educativos con instalacións en absoluto decaemento. Iso é o que hoxe queremos combater, propositivos e positivos, para intentar que a Xunta de Galicia faga un plan integral e unha avaliación que, por certo, evidentemente, poñamos coñecer todos e todas. De nada serve, señor conselleiro, que vostede me veña aquí dicir que xa teñen a avaliación e que xa coñecen cales son as deficiencias. Non soamente as coñezan vostedes; compártanas e permítannos fiscalizar a súa acción de goberno e, polo tanto, completemos o círculo da democracia —desa vella democracia que tanto lle gusta ao Partido Popular, e a vostede mesmo, vir aquí defender—. Permítanos ao resto facer a nosa función de fiscalización, entregándonos a documentación e os informes que vostedes teñan respecto a cal é a situación dos centros educativos de toda Galicia.

Traballemos conxuntamente, pero coa comunidade educativa, escoitando todos os que hoxe nos acompañan sobre cales son as melloras que se poden facer nos centros educativos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

AITOR BOUZA MANSO: ...para que todos eles e todas elas poidan ter unha educación de calidade e, sobre todo, unha educación na cal non teñan que estar cun chuvasqueiro na clase ou cun casco por se lles cae calquera teito enriba.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor deputado, agradezo o seu ton; sen embargo, detrás dun ton suave, hai unha serie de mentiras que —creo— poñerei encima da mesa para que todos os que nos están escoitando as poidan coñecer.

Primeiro, vostede falou dun caos —en absoluto hai caos— e, despois, vostede falou de que os anuncios se fan en partidos do Partido Popular e depende de quen governe. Aquí hai alumnos dun centro, dun colexio do Grove, do Rosalía de Castro, onde goberna o Partido Socialista; eles poderíanlle dicir que, no seu centro educativo, houbo un anuncio —efectivamente—, no seu momento, e agora se está facendo unha obra de ampliación e mellora de 2,5 millóns de euros, e é un concello do Partido Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E como este, despois poñeríelle moitos datos encima da mesa para que se dea conta de que está moi ben soltar milongas —se se me permite a expresión—, pero a realidade é a que é. *(Aplausos.)* Poñeríelle datos encima da mesa.

É obvio que —creo que tamén se dixo en moitas ocasións— Galicia ten un enorme parque inmobiliario no eido educativo: temos máis de mil seiscentos edificios cunha idade media



de entre corenta e moitos e cincuenta anos. Obviamente, no ano 2009, tiña dezaseis ou dezasete anos menos a inmensa maioría deles.

Non é unha tarefa sinxela nin fácil nin barata poder ter todos os centros educativos en perfecta orde de revista —xa digo, máis de mil seiscentos edificios—. Por certo, en Galicia, no noventa por cento dos concellos temos, polo menos, un centro de educación infantil e primaria. A media en España está nun cincuenta por cento, obviamente, pola dispersión territorial da poboación, pero temos —como xa digo— unha capacidade de poder actuar tremendamente significativa nos últimos anos e —creo— os datos están aí.

Vostede falou de que non hai planificación. ¡Bueno!, hai un Plan de nova arquitectura pedagóxica, do ano 2021, que guía as obras que se están facendo nos centros educativos; obras de diferente envergadura. Por desgraza, hai moi poucos centros educativos novos pola situación demográfica de Galicia —moi poucos—, pero si hai rehabilitacións, ampliacións e obras de diferente entidade e tamaño.

Quero dar un dato: dende o ano 2021, cando se puxo en marcha este plan, fixéronse máis de tres mil actuacións por un investimento superior a 331 millóns de euros. O noso obxectivo é chegar, no ano 2028, a 500 millóns de euros. Se me pregunta se o que hai chega, por suposto que non. ¿Que nos gustaría facer máis? Por suposto que si. Agora, cando se pon en marcha calquera tipo de acción non é unha acción arbitraria, non é unha acción —nin moito menos— caótica; é unha acción que se fundamenta nunha serie de criterios e principios, e sempre haberá centros que necesitan melloras, e, se non, vostede —que é do Partido Socialista— mire como está a rede viaria en España ou en Galicia. Colla vostede o coche un día —xa que fala de mantemento de infraestruturas, que lle corresponde ao Partido Socialista— e vaia pola autovía das Rías Baixas ata Benavente. A partir de aí dirá: «É que hai baches». ¡Pois si, hai baches!; ¡home, que cousa curiosa! Falou vostede tamén do casco e de que se caen as cousas; pois mire o que pasou en Pontevedra, que, afortunadamente, non pasou nada.

Tamén é certo que hai cuestións e momentos moi complexos e problemas puntuais. Aquí tivémolos cun tren de borrascas moi forte, e houbo unha reacción inmediata, con 5,2 millóns de euros, que, de xeito inmediato, se está desenvolvendo e se están xa investindo para poder corrixir as problemáticas derivadas do tren de borrascas.

Tamén hai que dicir unha cousa —vostede, que é do Partido Socialista creo que o dixo, pero dun xeito moi velado—: a responsabilidade do mantemento e da conservación dos centros educativos de primaria correspóndelles aos concellos. Unha gran parte dos concellos fai o seu traballo, pero outra non o fai. E estou seguro de que, nesas fotografías —moitas delas—, tería que avaliar se son obras de mantemento, de conservación ou se son obras estruturais; ou se non se fai a conservación cando se debe facer, porque se non se conserva, acaba sendo unha obra estrutural. Hai un baile de competencias que, quizais, non teña moito sentido. Deberían ser todos os centros, tanto os de infantil e primaria como os de secundaria, quizais, das comunidades autónomas. Eu estou de acordo, pero a lexislación orgánica está así.

En todo caso, hai unha corresponsabilidade dos concellos no mantemento e na conservación. Estou seguro, porque teño escoitado moitas veces, incluso responsables políticos de conce-



llos do Partido Socialista, facer reclamacións, sobre todo en colexios onde a responsabilidade do mantemento e da conservación é dos concellos; moito menos nos IES, onde o cento por cento do mantemento e da conservación é da Xunta de Galicia.

Claro, quen ten estas competencias son os concellos. Non é unha decisión política, é unha decisión legal, con base en sucesivas leis orgánicas e con base tamén na Lei de bases de réxime local. Hai un acordo asinado coa Fegamp. Cando non se fai unha obra de conservación e de mantemento no seu momento, acaba sendo unha obra estrutural, e o deixamento, en moitas ocasións, dalgúns concellos xera unha obra estrutural e un gasto público moito máis grande. E, claro, aí hai unha certa dobre moral. Voulle poñer dous exemplos para que se vexa que unha cousa é o que di o Partido Socialista e outra cousa é o que fai, nos dous concellos máis grandes que ten Galicia gobernados polo Partido Socialista.

Un é A Coruña. Vostede sabe que na Coruña hai moito movemento ao redor da cuestión do mantemento dos centros educativos. Pois mire vostede, dos 27 centros de educación infantil e primaria dos que puidemos ter información de se o concello fixera as tarefas de mantemento e conservación —basicamente unha, a máis importante, que é a limpeza dos canlóns— nos últimos catro anos, a resposta é a seguinte: non se fixo limpeza de canlóns en 16 centros, si se fixo en 5 e non fomos capaces de ter datos en 6. Se vostede non limpa os canlóns, aínda que pareza unha cousa moi menor, cando hai moita auga, esta encola, o vento mete esa auga cara a atrás, empapa o forxado e hai pingueiras. Pois miren, no concello da Coruña non se limpan os canlóns e non se fixo o mantemento nos tellados en 16 centros nos últimos catro anos.

O outro é o de Vigo. Pois mire vostede, en 44 centros de educación infantil e primaria non se fixo o mantemento nos últimos catro anos en 36. De 44 centros, nos últimos catro anos non se fixo conservación nin mantemento en 36; si se fixo en 8.

Vostede trae fotografías. Eu tamén traio fotografías. Fíxese vostede (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, amosa unha fotografía.*) no canlón dun colexio da Coruña, no que a limpeza e o mantemento lle corresponde ao concello. Pois mire, aquí hai ata un bote de silicona e case hai un xardín. Isto é o CEIP Rosalía de Castro. Outro máis. (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, amosa outra fotografía.*) Non sei se dende aí acerta a velo. ¿Isto verde que hai aquí que é? Isto é herba, porque en catro anos non foi ninguén do concello limpar os canlóns. Despois hai pingueiras —claro—, porque a auga encola, o vento trasládaa cara a atrás, empapa o forxado e acaba chovendo. Mire que sinxelo é o que estamos facendo.

Fíxese no Concepción Arenal, (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, amosa outras fotografías.*) tamén na Coruña, ou fíxese vostede no Fernández Flores, onde tamén os canlóns practicamente non se ven coa porcallada acumulada que hai nos mesmos.

Ben, eu agradezo o seu ton positivo e tamén agradecería que vostede, dentro das súas funcións, lles transmita a aqueles concellos —non digo todos— que non fan os labores de mantemento que os fagan. Seguramente se os fan, vailles ir mellor a todos e vailles ir moito mellor aos centros educativos.



E, claro, despois vostede dime algo do modelo do Partido Socialista. En Vigo, por exemplo, os fondos de educación reducíronse no ano 2025 un 25 por cento. A señora Espinosa di que non; entón, menten os documentos oficiais do concello. Na Coruña lévanse anos e anos e anos sen investir as partidas orzamentarias que hai para a educación. En concreto, só no ano 2024, non se investiron máis de 1,5 millóns de euros. Co cal, non me estraña, porque non se inviste e non se limpa o máis sinxelo: non se limpan os canlóns.

Despois fala vostede de que hai criterios políticos. As dúas obras máis importantes que está facendo a Xunta de Galicia no ámbito educativo son en dous concellos do Partido Socialista: en Ames e en Vigo, precisamente. Os criterios son criterios que se fundamentan na antigüidade, na urxencia, na entidade, na eficiencia enerxética e, por suposto, é unha actualización constante. Hai unhas unidades técnicas que se ocupan, constantemente, de estar en contacto cos centros e son os propios centros, a través dos equipos directivos, os que lles transmiten as necesidades de mantemento e de conservación aos seus responsables: aos concellos —e ás veces non lles fan moito caso— e á Xunta de Galicia.

Creo que, nese sentido, non se pode intentar dicir que se toman decisións con base en criterios puramente políticos, e acáboo de demostrar con estes dous exemplos. Se vostede ve as obras que sacamos por anticipado de gasto, hai moi poucos meses, e que estamos agora mesmo pechando, verá que unha inmensa maioría se fai en concellos non gobernados polo Partido Popular: en Narón, Boiro, Santiago, Lugo...; en moitos deles.

En todo caso, señores do Partido Socialista, vostedes votaron nesta Cámara, dúas veces votaron nesta Cámara, dúas veces, «non» a facer un plan nacional para mellorar as infraestruturas educativas no conxunto de España. Este é un problema de país, pasa no conxunto de España. Dúas veces votaron «non», e iso que se plantexaba que fosen recursos tanto para os concellos como para as comunidades autónomas; para os concellos, para que fagan o seu traballo no ámbito dos centros de infantil e primaria.

E tamén votaron «non» a que se rebaixe o IVE, co cal foi con moi boas palabras —eu agradecín, xa ao inicio, o seu ton, moi boas palabras—, pero realmente houbo malas accións, ou ningunha acción. Eu incluso recordo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...como —está nos anais das declaracións—, se se me permite a expresión, «chiripitifláuticas» as declaracións dunha portavoz do Goberno do señor Sánchez cando dixo que nos ía saír *el dinero por las orejas*. (Murmurios.) Pois a verdade é que ben podían ter dedicado unha parte dese diñeiro que nos ía «saír polas orellas» a facer un plan nacional para mellorar as infraestruturas educativas no conxunto de España.

Por iso digo que boas palabras, pero, no fondo, o que lle pediría tamén, nese afán de ser positivo e construtivo, é que intente trasladar esta mensaxe ao seu partido político: primeiro, aos concellos que non cumpren coas súas obrigas...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e que despois son obras estruturais, e, segundo, ao Goberno central.

Obviamente, vanos desautorizar a vostedes, porque vostedes votaron «non»...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...a, primeiro, que se faga un plan nacional e, segundo, a que se rebaixe o IVE das obras, dun 20 por cento a un 10 por cento. Iso posibilitaríanos facer moitas máis intervencións nos centros educativos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rolda de réplica, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: A verdade é que, señor conselleiro, de nada serve ser propositivo, positivo, porque vostede aínda non se deu conta de que é o conselleiro de Educación da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Cando caía da burra, señor conselleiro, non sei o que será deste Parlamento, cando vostede veña dar conta da súa actuación en vez de facer oposición a todo o resto de gobernos, sexan os locais, sexa o do Estado. Iso si, é o do Estado cando non gobernan vostedes, porque non lle escoitei a vostede dicir nada, e mira que leva tempo vostede de conselleiro, para poder recriminarlle ao Estado o que agora con tanto entusiasmo fai.

Pero mire, alégrome de que falemos do Plan de nova arquitectura pedagóxica. Eu pensei que estaba derogado dende o ano 2021. Como nós non paramos de preguntar respecto a iso e non se nos contesta nada, alégrome saber que segue vixente. Digo que segue vixente o plan, porque o desenvolvemento do plan non está. ¿Cando van facer vostedes unha avaliación? ¿Van presentar aquí os resultados magníficos que ten ese plan? ¿Vannos explicar que é o que fixo realmente a Xunta de Galicia coas súas competencias? Para iso gobernan, señor conselleiro.

É que vostede parece que o que quere realmente é ir ao Congreso dos Deputados ou formar parte da oposición dos concellos de Vigo ou da Coruña. Non hai problema, señor conselleiro. Eu pensei que a candidatura posible era en Santiago, non na Coruña, pero non hai ningún problema, señor conselleiro. Se vostede prefire ser o candidato do Partido Popular nos concellos de Vigo ou da Coruña, dígallo ao seu partido, preséntense e vaia alí, ao pleno, reivindicar todas esas cuestións. (*Aplausos.*) Hoxe vimos aquí fiscalizar a súa acción como conselleiro da Xunta de Galicia. E se considera que vostede non ten que ser un membro máis da Xunta de Galicia porque prefire facer oposición, pois non hai ningún problema. Dígao, e renuncien ás súas competencias, que xa o fan cada día.



Polo tanto, eu respecto a diferenza entre mantemento e rehabilitación. Eu creo que é bastante sinxelo, señor conselleiro.

Vostede dicíame a min que eu non fun limpar alí as follas que había nun canlón. Non sei a que se refire exactamente. ¿Refírese ao Eusebio da Guarda, na Coruña, onde se afunde o chan do *hall* de entrada? ¿Iso que é, mantemento tamén? ¿É polas follas? ¿Tamén é polas follas? ¿Vaino rehabilitar a Xunta de Galicia ou non? É o que ten vostede que responder aquí. É que vostede vén responder á oposición, non preguntarme a min, como membro do partido da oposición, o que vou facer ou deixar de facer. Se non quere facer as súas competencias, non pasa nada. Renuncie e encargámonos outros, (*Murmurios.*) pero, señor conselleiro, se vostede vén aquí render contas, é sobre as súas competencias.

Falaba vostede de Vigo. Pero mire, señor conselleiro, en Vigo, xustamente, falemos dun exemplo, xa que quere falar de exemplos, non pasa nada. Falemos de exemplos para poñer en contraposición o que facemos nós e o que fan vostedes. No Celso Emilio, por exemplo, o concello reparou as gretas, repuxo tellas e limpou e arranxou todos os canlóns. Tamén, nos últimos anos, fixo: substitución do pavimento da aula matinal, baños do aulario, pintado da aula de plástica, reparación da varanda dos patios de xogos, reparación das tubaxes do aulario, acondicionamento da zona axardinada, limpeza de tres terrazas, colocación das baixantes, pintado das paredes e do teito e pintado das portas dos vestiarios no pavillón.

¿Vostede cre que realmente isto non é, e que incluso non excede, o mantemento que vostede está exixindo? ¿Cambiar o tellado dos centros educativos é unha cuestión e unha competencia tamén dos propios concellos? ¿Vostede considera que vir aquí atacar os concellos que realizan as súas funcións en materia educativa con escaso orzamento é o modelo que ten que seguir a Xunta de Galicia?

Porque mire, falando de orzamentos, os concellos están afogados, xustamente porque a Xunta de Galicia o único que fai é derivar competencias sen dar recursos tamén económicos. ¿Cales son os orzamentos da Xunta de Galicia? Pois moi sinxelo, señor conselleiro; claro que hai que falar diso. ¿Sabe cal é o seu modelo? O seu modelo, que vostede representa hoxe aquí, da Xunta de Galicia, do señor Rueda e, polo tanto, do Partido Popular, que goberna en Galicia, é que no ano 2025, no programa xustamente de construcións e de reparacións, había 29,1 millóns. ¿Sabe canto hai no ano 2026? 28,1. É dicir, vostedes, en vez de aumentar a contía, reducírona. Iso si, para bonificar e para que os ricos non paguen os impostos, están rapidísimos, e para vir aquí facer política e atacar o resto dos gobernos, tamén están rapidísimos, pero, para aumentar o orzamento, non hai prioridade; non hai prioridade para poder apostar por isto.

E xa non é que vostedes non queiran facer os seus propios programas, é que os investimentos son importantes e téñense que facer acorde, xustamente, ás necesidades. E, polo tanto, non só é na educación infantil, na primaria e na ESO, tamén vemos como na secundaria e na FP, no programa 422M, baixaron vostedes de 34 millóns no 2025 a 24 millóns no 2026. Eses son os datos dos orzamentos que publicou a Xunta de Galicia, señor conselleiro, e vostede vén aquí sacar peito e dicirlles ao resto de administracións o que teñen que facer. Pero a pregunta é: vostede ¿que vai facer para exercer as súas propias competencias?



E non falemos da execución do terceiro trimestre, que está presentada neste orzamento. No ano 2025, no terceiro trimestre vimos como no programa 422A, correspondente a infantil e primaria, hai un 39,8 por cento, e en secundaria, un 41 por cento. Claro, virame dicir que son cursos escolares. Pois en curso escolar vostede baixou o importe, señor conselleiro. Vostede baixou o importe en 10 millóns de euros nunha partida e outro millón máis; 11 millóns de euros menos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: ...no ano 2026 para poder acometer as obras, tan necesarias, en todos os centros educativos de Galicia.

Non é exaxeración, señor conselleiro. Agora que imos ter que debater a continuación a moción, imos pedirlle que facilite toda esa información que vostede nos veu dicir aquí e que fale das actuacións, das grandes actuacións e dos grandes millóns que vostedes investiron. ¿Por que non nos responden? ¿Por que non permiten fiscalizar o seu labor, non só hoxe nesta interpelación, e o que fan é lanzar o balón a calquera outra administración pero non asumir as súas competencias?

Asuman as súas competencias, pero, sobre todo, señor conselleiro, eu pídolle que nos dea resposta ás preguntas que lle facemos, non só neste pleno, senón tamén por escrito, e o acceso á información que lle pedimos. Iso é a democracia, iso forma parte do traballo que nos corresponde a uns e aos outros. Nós temos claro cal é o noso traballo. Agardo, señor conselleiro, que vostede entenda cal é o seu traballo, que non é o de xefe da oposición.

Se prefire ser o que substitúa o señor Núñez Feijóo, nós non imos entrar nese debate, pero o que temos claro é que este é o Parlamento galego e vostede é o conselleiro de Educación. Asímao e, polo tanto, poderemos traer un debate ao Parlamento de Galicia para ter a fiscalización do Goberno.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor deputado, por suposto que me dou conta de que eu son o conselleiro de Educación, para o bo e para o malo, con acertos e erros, e lévoos sendo moito tempo. E durante ese tempo os indicadores educativos que miden a calidade, a equidade, a igualdade de oportunidades en Galicia, afortunadamente e grazas, en gran medida, ao traballo do profesorado, sempre foron a mellor, co cal creo que se está facendo o traballo razoablemente ben. *(Aplausos.)*

E eu tamén diría outra cousa. Vostede é obvio que non quere que se fale do Goberno central, como acaba de dicir aquí, diferente ao seu portavoz; ben, diferente. E eu voulle dicir unha razón: non me estraña que non queiran falar do Goberno central, por unha sinxela razón.



Imos coller datos do seu goberno, que se publicaron no barómetro do CIS hai moi poucos días. A educación para os galegos non é un problema; para o 0,2 por cento dos galegos a educación é un problema. ¿Sabe para cantos galegos o Goberno do Estado é un problema? O Goberno socialista do Estado é o segundo problema para os galegos; o primeiro é a vivenda, cun 20 e algo por cento, e o segundo, con case un 14 por cento, é o Goberno central. Por iso non me estraña que non se queira que se fale do Goberno central. Pero, ¿como non imos falar se nós vivimos tamén en España? Non sexa como o Bloque, que pensa que vivimos absolutamente illados.

Hai que falar do Goberno central, porque, en xeral, pero tamén nos centros educativos hai unha responsabilidade pola súa parte de non habilitar partidas específicas, e, pola súa, de non votar a favor dun plan nacional para mellorar estas infraestruturas ou non reducir o IVE para facer as obras.

Creo que diso hai que falar, igual que hai que falar dos concellos, porque, se falamos de mantemento e conservación dos centros educativos, os concellos teñen unha parte fundamental e moi importante. E está moi ben dicir aquí que hai que facer, pero non facer cando nos toca e actuar con certa frivolidade.

Falou vostede dos canlóns como se fose unha cuestión absolutamente menor. Pois é unha das cuestións máis importantes, máis vitais, máis centrais para a vida dun edificio: que os forxados, as placas dos tellados non se empapen de auga, porque, a partir de aí, pinga.

Entón, claro, a vostede non lle gusta que se lle diga que concellos que fan moito ruído neste asunto non fan os seus deberes. E volveu citar Vigo. ¡Home!, eu teño os datos de Vigo, os datos das unidades técnicas de Vigo. Dos 44 CEIP, en 36 non se fixo ningunha tarefa de mantemento, nin nos tellados nin nos canlóns; de 44, en 36 non se fixo absolutamente nada.

Despois, claro, xa lle ensinei fotos, neste caso da cidade da Coruña; había céspede nalgún dos canlóns. E vostede dirá: non, non me diga iso. Pero ¿como non llo vou dicir? ¿Como non lle vou dicir que unha cousa é predicar e outra é dar trigo e outra cousa é asumir a responsabilidade de cada un? ¿Verdade que nos institutos non pasa iso? Non, non. Aí hai un mantemento constante no noso ámbito.

E despois vostede fáleme de campaña electoral, de promesas electorais; tamén apuntei dúas. Á parte non só en campaña electoral do Partido Socialista senón cando se asina o pacto con Sumar, houbo dúas noticias estrela. Unha era que o Goberno do Estado ía dar axudas aos comedores escolares. ¿Sabe cantas axudas chegaron? Estas: cero, cero, cero. A Xunta pon 65 millóns; o Estado, pese á promesa electoral e o acordo de goberno, pon cero. Ou o mesmo nos libros de texto; tamén ía haber un incremento do libro de texto e houbo cero incremento nas axudas do Estado aos libros de texto; iso si, vendérono absolutamente en campaña electoral e ratificárono no acordo PSOE-Sumar. Unha cousa é predicar e outra cousa pois é dar trigo.

En todo caso, están moi ben os discursos, están moi ben as palabras, pero hai que acompañalo cos feitos, e os feitos son os datos que lle dixen antes. Dende o ano 2021, e ao amparo do Plan de nova arquitectura pedagóxica, temos máis de 331 millóns investidos, en 3.000



actuacións, e intervencións en practicamente o 52 por cento dos centros, de infantil, de primaria e de FP; falamos de 492.

Agora, nós facemos a nosa parte, a Xunta de Galicia fai a súa parte, e eu pido que todos seamos responsables e cada un faga a súa. Que os concellos, non digo todos pero moitos, teñen que cumprir co seu mandato legal, que é conservación e mantemento, e facelo en tempo, forma e prazo, porque, se non o fan, algo que comeza como unha pequena ferida pode infectarse, porque medra. Se vostede non limpa os canlóns, non limpa as baixantes, non prepara os espazos exteriores, ao final unha obra que era de mantemento e conservación acaba sendo unha obra estrutural, cun incremento do gasto público para o conxunto dos cidadáns. E iso é unha irresponsabilidade.

E tamén o que teño que reprocharlle é que en ningún momento apoiase neste caso o Grupo Parlamentario Popular para poñer en marcha un plan nacional de infraestruturas educativas e tamén para reducir o IVE das obras.

Por suposto que nos gustaría —e repítollo— facer máis, que nos gustaría ter máis recursos. E tamén, por suposto, creo que todos somos conscientes de que non se pode facer todo á vez e que os recursos son limitados, sempre son limitados.

A acción política é basicamente xestionar recursos limitados para necesidades absolutamente moito máis grandes, e o que hai que facer é facelo con sentidiño ou con responsabilidade, con criterios claros, planificar, priorizar e ter criterios técnicos.

Creo que xa demostrei que unha gran parte das intervencións se fan —as máis importantes están en marcha— en concellos que non son do Partido Popular. Non se pode acusar en ningún caso a Administración da Xunta de Galicia nin a Administración educativa de priorizar uns concellos sobre outros, porque nós pensamos nos cidadáns, pensamos neste caso nos nenos e nas nenas e no conxunto da comunidade educativa, e non pensamos na cor do alcalde.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): E niso realmente non sei se outros poden facer o mesmo. E tamén dar resposta ás urxencias. Facémolo nos temporais ou fixémoslo en Tenorio, cando ardeu por un accidente unha parte significativa do seu edificio.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): En todo caso, se volvemos falar de mantemento, eu invito a que traslade a aqueles concellos nos cales poida ter certa influencia pois que cumpramos todos a nosa responsabilidade: conservación e mantemento, fundamental; obras estruturais, tamén.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Uns son dos concellos e outros son da Administración autonómica. Se todos facemos o noso traballo e o facemos ben, seguramente nos irá mellor a todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Empezamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta dos deputados Paulo Ríos Santomé e Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de implementar unha tarxeta de transporte público intermodal con tarifa plana

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Ríos Santomé.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, hoxe traemos unha nova proposta ante esta situación de crise, de empobrecemento; unha situación que, para vostedes, moito «Galicia, Galicia, Galicia» e, despois, apoian e xustifican a quen nos empobrece, xustifican a quen nos pon en perigo, (*Aplausos.*) e que o fai a base de asasinar homes, mulleres, nenos e nenas. Vostedes apoian e xustifican todo isto. E, lonxe destes territorios que sofren as consecuencias directas, nós tamén as sufrimos, que son o aumento do prezo dos carburantes, o aumento do custo da vida e da cesta da compra e moitas outras cuestións.

Aínda que esta situación non comeza coa guerra de Irán. Levamos moito tempo soportando a clase traballadora galega, as clases populares galegas, os aumentos de prezos, os aumentos da cesta da compra, unha carestía da vida, unha subida da vivenda, a inaccesibilidade da vivenda, mentres os salarios non medran, señor conselleiro.

É por isto que esta proposta que traemos hoxe aquí nin é nova nin é novidosa; é unha proposta na que levamos tempo traballando e que ademais leva en funcionamento en moitos países europeos moitos moitos anos, como é facer do transporte público do noso país algo moito máis accesibles do punto de vista económico, cunha tarifa plana, unha tarxeta única, cunha tarifa plana de transporte, que o que fará será achegar aínda máis o transporte público para a cidadanía galega e tamén fomentalo, porque vemos como, cando se poñen medidas enriba da mesa en situacións moi concretas e especiais, como foi, por exemplo, a gratuidade ou os bonos dos trens, ou o que fai a Xunta de Galiza a día de hoxe coas bonificacións e gratuidade, esas cuestións axudan a que o noso transporte público medre en público.

E hoxe o BNG quería traer aquí esta iniciativa, porque é totalmente acaída coa situación que estamos vivindo e porque, fóra do noso labor de control, de fiscalización do Goberno, que sabe que o facemos e con moito fincapé, tamén nos toca, como oposición, traer propostas para que a cidadanía galega vexa cales son os diferentes modelos que uns e outros traemos a este Parlamento.



Hoxe, da boca da nosa portavoz nacional, da boca doutros deputados e deputadas do BNG, puidemos ver unha serie de iniciativas, unha serie de propostas que achega o BNG á cidadanía galega para axudar, para sumar, para engadir esforzos a que a cidadanía galega pase o mellor posible este trago que vostedes —como dicía antes— apoian e xustifican, as causas do noso sufrimento, do noso empobrecemento, tamén, loxicamente, do sufrimento de todas as persoas que o sofren en primeira persoa.

Hoxe nin os conselleiros e conselleiras nin mesmo o presidente Rueda foi quen de poñer unha soa medida enriba da mesa do que vai facer o Goberno galego. O BNG trouxo polo menos dez medidas hoxe aquí. Esta é unha delas. ¿Van vostedes implementala? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señorías, a verdade é que a situación que se vive a día de hoxe, con ese encarecemento, xa se ten producido anteriormente, e levamos moitos anos e vostedes aquí nesta Cámara se negaron a condenar a invasión de Rusia a Ucraína e ségueno facendo no día de hoxe. Polo tanto, unha proba máis do que veñen facendo sempre: dependendo de quen sexa, condenámolo ou non o condenamos. (*Aplausos.*)

Pero hoxe, ademais, cando fala vostede de sufrimento, debería de ter un pouco máis de coitado, porque hoxe tiñamos a noticia e viamos as fotos nas que se podía comprobar como unha etarra condenada por catorce asasinatos a máis de setecentos anos de cárcere saía do cárcere despois de seis anos, co apoio como reclamación dun partido político que é Bildu, que todos coñecen e que son socios de vostedes nas eleccións, porque van xuntos. (*Aplausos.*)

Polo tanto, falando de sufrimento, non sei se se refire ao sufrimento das catorce familias asasinadas por esta muller que xa foi condenada, pero a vostedes dálles igual estar con este partido. Iso é o que ten o Bloque Nacionalista Galego. Como é Bildu, aí poden estar, pero teñen a cara de vir falar vostedes así tan cheos.

A verdade é que non teñen remedio, señoría, non teñen remedio, porque incluso, cando veñen facer unha proposta, como vostede dicía, encárgase de facelo durante toda a súa intervención pois algún adxectivo como este. Pero agradézolle que veña facer unha proposta en todo caso. Agora ben, voulle contestar.

Nós neste momento non temos previsto adoptar unha tarifa plana, como vostede vén propoñer. Dicía vostede que non é unha proposta nin nova nin novidosa —anotei—; é certo. É demagóxica, é totalmente demagóxica, (*Aplausos.*) porque vostedes están a gobernar nalgún concello (*Murmurios.*) —espere que me dea tempo de explicarllo—. Vostedes están a gobernar en Santiago, levan anos para poder sacar a licitación do transporte público, anos, pero



son incapaces de sacala adiante, pero si que teñen un prego, ¿e nese prego que é o que propoñen? Pois propoñen que os veciños de Santiago poidan estar pagando 35 euros para poder usar o transporte público. Isto é curioso, porque, para trasladarse por toda Galicia, poden pagar 30 euros e, dentro do termo municipal de Santiago, hai que pagar 35. (*Aplausos.*) Isto é curioso.

Pero é que, ademais, neses pregos os menores de 21 teñen que pagar igual que o resto e os maiores de 65 teñen que pagar igual que o resto. Agora ben, a Xunta de Galicia, que poña menos cartos.

Esta é a súa ambigüidade e estas son as dúas varas de medir que teñen sempre en todas e cada unha das propostas, que sempre son enganos, sempre son enganos, señoría, porque isto xa sen falar de Pontevedra, onde o transporte urbano, que é competencia do concello, llo ten que facer a Xunta de Galicia. Pero onde vostedes gobernan, na capital de Galicia, propoñen unhas condicións...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...moito peores das que propoñen aquí. Eses son vostedes, señoría. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten unha segunda rolda.

Réplica, señor Ríos.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Señor conselleiro, é ben triste que os únicos que lamentan a desaparición de ETA sexan vostedes. Iso é ben triste, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) que o único partido político que lamenta que ETA non exista sexan vostedes, porque está claro que as vítimas sempre lle foron moi funcionais ao Partido Popular.

Mire, vaime comparar os recursos do Concello de Santiago cos recursos da Xunta de Galiza; é bastante demagóxico. Vostede falaba de demagogia. ¿O Concello de Santiago pono en 35? Vale, pois acéptoo, poñémolo en 35, señor conselleiro. ¿É ese o problema? Ou sexa, ¿vostede estame dicindo que non ten pensado introducir unha medida, que é positiva, que poida axudar as familias e as clases populares galegas a desprazarse porque Santiago ten cinco euros máis cara a iniciativa, a medida? ¿Ou porque no Concello de Santiago os menores de 21 e os maiores de 65 pagan o billete e cos da Xunta non? ¡Se iso non é demagogia, se iso non é unha falta total de argumentos e de criterio...! Porque eu fixen os meus deberes —loxicamente, o tempo é o que é—, pero vostedes teñen que pasar da maquillaxe, das propostas maquillaxe.

Nós estamos a favor —e xa llo dixen en moitas ocasións— da Tarxeta Xente Nova e da Tarxeta de +65. Nós estamos a favor sen ningún tipo de problema, son rangos de idade sensibles a moitos niveis e nós entendemos que é positivo que teñan gratuidade. Pero, segundo os seus propios documentos, neste caso a memoria da Estratexia galega de mobilidade, estes rangos de idade supoñen menos do 15 por cento das persoas que utilizan o servizo de trans-



porte público. Nós estamos traendo aquí unha medida que beneficia, que ten impacto en case o 90 por cento da poboación que utiliza o transporte público. *(Aplausos.)* Vostedes, igual que lle declaran a guerra ás persoas de Oriente Medio, decláranlle a guerra á ambición, decláranlle a guerra a realmente moverse, a mobilizar recursos polo pobo galego. *(Aplausos.)*

Deixen de facer propostas de maquillaxe e para a galería e póñanse a traballar realmente...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: ...no fomento do transporte público deste país. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Mire, no que nós temos vergoña é en poñernos nunha foto ou de aparecer nunha lista electoral con aquelas persoas ou con aqueles partidos que apoian aquelas persoas que mataron inocentes por toda España, case mil, por certo bastantes galegos. *(Aplausos.)* Niso si que temos vergoña, non coma vostedes, señoría.

Pero mire, grazas ao sistema tarifario que aplicamos en Galicia do transporte público, pois nós temos un sistema tarifario que é igual para todo o mundo, con independencia de onde viva, e que trata igualmente, xa haxa moita demanda nese territorio, nesa zona, ou non; e cunha ampla gama de abonos, señoría, ben utilizando a tarxeta ou ben sexan actualmente gratuítos.

Porque vostede esconde que nesa proposta os menores de 21 teñen que empezar a pagar e, hoxe, non teñen que pagar, e que os maiores de 65 teñen que empezar a pagar e, hoxe, en Galicia non pagan.

É máis, di vostede unha porcentaxe; non é certo; é preto do 40 por cento os viaxeiros que a día de hoxe en Galicia teñen a súa viaxe totalmente gratuíta entre os maiores de 65 e os menores de 21. Pero a vostede iso dálle igual. *(O deputado Paulo Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.)* A ver, escoite, por favor, que eu escoitei cando vostede falaba. Iso a vostede dálle igual, porque o que vén facer aquí é publicidade e demagogia, con medidas que non son certas.

Mire, en 2019 di que o sistema de transporte non vale para nada. En 2019, había 20,5 millóns viaxes ao ano; no 2025, 28,7 millóns de viaxes ao ano. Pero se contamos todos os modos de transporte —incluído o escolar, o integrado, etc.—, entón imos a 39 millóns de viaxes ao ano.

Hai unha parada a menos dun quilómetro do 97 por cento dos fogares de Galicia, máis de 3.600 liñas, 59.000 paradas, señoría, e 2,3 millóns de servizos ao ano. Pero a vostede iso dálle igual, porque di que todo non vale para nada, como fai na súa pregunta. Adicamos este ano 160 millóns de euros, señoría, para o transporte.



Di vostede que o comparo con Santiago. Non. Santiago non sei de memoria os quilómetros cadrados que ten; Galicia, moitos máis. Claro que non o comparo, pero comparo Santiago con calquera das outras cidades.

Pero, se quere, vaia vostede a Pontevedra, que nin sequera teñen servizo de transporte urbano, e goberna o Bloque dende hai vinte anos.

Pero ¿que me está contando? ¿Por que en Santiago, a piques de rematar a lexislatura, son incapaces de licitar o sistema de transporte urbano? Señoría, ¿onde está a capacidade de xestión do Bloque Nacionalista Galego? ¿Pero de que me está a falar? (*Murmurios.*)

8,25 millóns de euros para bonificar o transporte metropolitano, 17 millóns de euros para bonificar o desconto adicional que existe nestes momentos, 3,28 para a tarifa máis +65 e 7 millóns para a xente nova. Señoría, eses son os descontos que está a utilizar a Xunta de Galicia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...hoxe en Galicia, e sae moito mellor que a súa proposta. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

Continuamos coa seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do impacto nas actividades asentadas no litoral galego dos cambios introducidos no anteproxecto do Real decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de costas

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Hermelo.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, Galicia é mar. O noso litoral é economía, emprego e identidade. Miles de familias viven das actividades asentadas na nosa costa. Por iso, Galicia non pode quedar calada ante a reforma do Regulamento de costas impulsada polo Goberno central.

Non falamos dun cambio menor; falamos de limitar concesións, falamos de eliminar prórrogas, falamos de xerar inseguridade para actividades que levan décadas formando parte do noso litoral. E todo isto, ademais, tramitado con prisa, con prazos insuficientes e sen a documentación necesaria para poder analizar en profundidade unha reforma deste calado. E isto non o dicimos nós só, foi a consellería a que denunciou defectos de forma, foi a consellería a que advertiu da falta de información preceptiva e foi a consellería a que exixiu garantías para poder exercer con rigor o dereito a presentar alegacións. Tanto é así que o propio



Goberno central tivo que rectificar, tivo que ampliar o prazo de aportacións, tivo que adxuntar a documentación que por lei corresponde, e iso amosa que había razóns para alertar do que estaba a ocorrer. Porque, cando está en xogo o futuro do litoral galego, non valen as presións nin os atallos; precisábase diálogo, rigor e respecto institucional.

E nesa defensa do noso litoral, conselleira, a Xunta de Galicia estivo e está á altura, defendendo a nosa xente, defendendo as actividades que lle dan vida á costa e defendendo un xeito de vivir que forma parte da identidade de Galicia. Porque defender o litoral galego non é só defender un espazo, é defender emprego, é defender tradición e é defender futuro; en definitiva, é defender Galicia; e Galicia merece que defendamos o futuro do seu litoral e da súa xente.

E, por todo isto, formulo a seguinte pregunta: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia do anteproxecto de Regulamento de costas impulsado polo Goberno central e o seu impacto sobre as actividades asentadas no litoral galego?

Grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señora Hermelo, hai xustamente un mes eu vin a esta Cámara denunciar unha situación unha vez máis inédita e insólita. Naquel entón dicía que o Goberno central iniciaba un procedemento, con precedentes pero sen ningún tipo de transparencia, onde a través dun regulamento o que se pretendía facer era un cambio na Lei de costas. Pois fíxese, un mes despois, para aqueles que tivesen dúbidas, o tempo acabounos dando a razón. Tanto é así que tan só quince días despois saíu á luz pública xa o texto articulado, un texto articulado que poden ler todos aqueles que queiran. Non o estou inventando, en absoluto; téñeno na páxina web.

¿E que pretende o Goberno central a través deste texto articulado? Por un lado, limitar a duración das concesións; por outro lado, derrogar as prórrogas ordinarias e extraordinarias. E xa para colmo dos colmos, meten no mesmo saco pois as bateas, os bancos marisqueiros, as cocedoras, as depuradoras, os chiringuitos... Dálles absolutamente o mesmo.

Pois ben, visto isto, eu o día 13 de marzo diríxome á ministra e dígolle que, á parte de facer algo inaudito, ten un defecto de forma moi importante, e é que, unha vez máis, neste caso non hai memoria económica. Efectivamente, non había memoria económica e tan só cinco días despois téñennos que dar esa memoria económica. Pero, ¡ollo!, danos a memoria económica ás comunidades autónomas, porque os delatamos, porque os descubrimos, pero ao sector —como se non pintase nada— non se lle pasa a memoria económica, é dicir, non se fai pública. Nós enviámosla ao sector, pero era algo que tiñan que facer eles.



E, polo medio de todo isto, eu vou a Europa, estou o día 16 e o 17, reúnome con autoridades comunitarias, entrego un informe xurídico, porque hai cousas que non podemos permitir, sen dúbida, e créanme que en Europa quedaron moi preocupados. E non me estraña que estean preocupados; é que xa superamos os 100 expedientes que nos abriron por incumprimento, e este é un máis.

Poderíamos seguir falando unha e outra vez, pero hai algo que chama moito a atención. Comezaron con este proceso no ano 2018, continuaron no ano 2024, no ano 2023 denúnciannos a nós por inconstitucionalidade, pedimos conferencia sectorial, non nos dan conferencia sectorial, pero si nos acaba de chegar no día de onte como un grande insulto unha conferencia sectorial que, jollo!...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...nin sequera é temática...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...e cun regulamento pero que non ten nada que ver con este.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno despois.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Hermelo.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Grazas, presidenta.

Conselleira, permítame rematar cunha reflexión moi clara: Galicia precisa responsables públicos que defendan o que somos, que defendan a Galicia que vive o seu territorio cada día, a Galicia que sente á súa costa como parte da súa vida e da súa identidade. E por iso eu quero felicitala. Felicitala por defender o noso litoral, por defender a nosa xente, por defender con firmeza o xeito de vivir en Galicia. Grazas por exixir que se cumpra a legalidade, esa que non cumpre o Goberno central; grazas por non calar ante os defectos de forma, ante os prazos insuficientes e ante as omisións que se produciron nesta reforma, a mesma omisión pola que Europa quedou escandalizada; grazas, sobre todo, por non permitir que ninguén use o litoral galego para impor decisións sen contar co territorio.

Porque gobernar non é impor; gobernar é escoitar, gobernar é coñecer o territorio e gobernar é defender os intereses de todos. E cando un Goberno central actúa con nesgo e con demagogia, intentando impor reformas que prexudican un territorio, obsesionado con expulsar



calquera presenza da actividade humana, económica ou social do litoral, é obriga das institucións de Galicia levantar a voz, e iso é exactamente o que fixo vostede. E tanto é así que o único que foi capaz de facer o secretario de Estado foi recorrer á descualificación persoal.

Onte mesmo, fronte á iniciativa do meu grupo parlamentario, o Partido Socialista enxalzou ese insulto machista e clasista. Falar da falta de intelixencia dunha muller desde o púlpito do totalitarismo retrata o señor Morán e tamén retrata a quen o aplaude. *(Aplausos.)* Cando se chega a este punto, queda claro que os argumentos están do lado de Galicia, do seu lado, conselleira.

E, por iso, grazas por defender o noso litoral, por defender a nosa xente e por defender por riba de todo a Galicia que somos. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora Vázquez

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Ben, en primeiro lugar, a min gustaríame saber que lle pasa á bancada que temos en fronte, aos señores do PSOE e do BNG, para non estar xuntos e intentar parar esta desfeita que dende o ano 2018 pretenden na costa. *(Aplausos.)* Téñenos amordazados, sen dúbida, están totalmente amordazados. E eu dígolles: deixen de estar detrás da pancarta e, por unha vez, póñanse diante e póñanse a traballar. *(Aplausos.)*

Non será a primeira vez que recibo insultos do señor Hugo Morán, que, para min, desde logo, son eloxios. Pero non só dese señor, senón que hai escasos días tamén dun eurodeputado, o señor Casares. É un tufo tremendo a un machismo que intenta descualificar. E falando de intelixencia, eu dígolles: miren, eu non teño medida a miña intelixencia; a pouca ou moita que poida ter, igual que o Goberno, está ao servizo dos galegos e do traballo. *(Aplausos.) (Murmurios.)* A pouca ou moita que poida haber do outro lado está ao servizo da ideoloxía e, sobre todo, ao servizo do mal, *(Aplausos.)* que é o que pretenden facer dende o ano 2018.

Pero eu pregúntome: ¿e a que vén agora todo isto, despois dunha lei que foi amparada polo Constitucional, onde o señor Hugo Morán dicía que queríamos ser independentistas? Este señor é que nos ten que pagar por vir a Galicia, porque, cada vez que vén, mente, e, cada vez que veño eu aquí, digo a verdade, e encima non é capaz de rebatelo e, por riba, nin sequera nos recibe —que iso é o peor—.

Eu, sen dúbida ningunha, creo que segue escocendo —e moito— no ministerio a nosa lei, *(Aplausos.)* e, cando escoce, hai ardores. Talvez sexa que non lles importa a costa; o que si lles importa é a senda que están seguindo o resto das comunidades autónomas: seguen a senda de Galicia e, seguindo a senda de Galicia, descubrimos que tiñan as concesións nun caixón dende antes do ano 2020 —esa é a realidade—, igual que descubrimos que trataban desigualmente as distintas provincias —esa tamén é a realidade—. ¡Pois logo que lles deixe de escocher, que deixen de ter ese problema de indixestión, que se poñan a traballar, que nos



remitan a conferencia sectorial e que nos vexan cara a cara, non a través dun correo electrónico! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vostedes poden imaxinar cales serían os cualificativos se nós fixésemos iso por correo electrónico e non sentásemos con ninguén?

Estas son as auténticas realidades e, polo menos, teñan dignidade e non poñan a desculpa en Europa. A Europa preocúpalle moito o que está pasando agora mesmo en España, e pónlles un exemplo: en Italia —que é o exemplo que poñen eles— ...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...dende hai dezasete anos abriuse expediente...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...e non houbo nin unha soa sanción.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): O problema é que España e Galicia non teñen... (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a apertura dun diálogo formal coa representación das persoas residentes e co persoal técnico da residencia das Gándaras, de Lugo, verbo do seu proxecto de reforma

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi bos días, conselleira.

Gustaríame iniciar saudando usuarios que hoxe se desprazaron ata aquí, traballadores e veciños da cidade de Lugo, que acompañan tamén os usuarios e os traballadores nesta demanda.

Creo que está claro que nós defendemos sempre un envellecemento activo e unha máxima autonomía, pero, chegado o momento e cando se precisa, a Xunta de Galicia ten que garantir os servizos públicos.



Lugo é unha cidade na que o 30 por cento da poboación supera os 64 anos, onde durante máis de corenta anos non houbo nin unha soa praza pública, a pesar da alta demanda que hai das mesmas —ata que chegou o señor Amancio Ortega e fixo unha nova residencia, que, como teño dito en moitas ocasións, ten máis investido Amancio Ortega na cidade de Lugo que a propia Xunta de Galicia—. ¿E o PP que amosa? Desidia, intolerancia e abandono.

Agora a Xunta está a facer aí unha obra, na residencia das Gándaras, por un importe de case 8 millóns de euros. Pero ¿faino porque ten unha preocupación real? Non. Faino porque viñeron eses fondos europeos. Xa que viñeron, puideron aproveitar para facer unha boa obra, con diálogo e consenso, pero tampouco esa é a vontade do Partido Popular. Esas obras que se están a facer, de case 8 millóns de euros, non garanten as condicións adecuadas de intimidade, conselleira, nin garanten espazos propios. Ademais, a pesar da gran demanda de prazas, hai unha perda de case trinta prazas.

Durante o noso ciclo vital temos distintos fogares, empezando polo paterno e materno, despois o que creamos —o propio— e moitas veces as residencias convértense nese último fogar. Chámolle «fogar», señora conselleira, porque é o que teñen que ser eses espazos públicos, e non un apeadeiro onde esperar o último tren, o que é moitas veces polo modelo que practican e predicán e poñen en marcha, e non ese fogar onde un poida estar cómodo e disfrutando dun espazo e dunha intimidade.

Hai xente que non quere compartir espazos, señora conselleira, pero hai xente que, ademais, non pode compartir espazos por unha cuestión de saúde, e é ao que están obrigando na residencia das Gándaras. Estamos a falar de pais e de avós. Iso si, ante a presión dos usuarios, traballadores, familiares e veciños que, sábado tras sábado, saen alí nun caudal de dignidade a pedir e reclamar esa dignidade, ¿que fixo a consellería? Tivo unha reunión; iso si, unha reunión de trámite. ¿E para que? ¿Que lles dixeron? Que ían colocar biombos, que ían facer modificacións...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Méndez. Ten un segundo turno.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...e colocar biombos; esa foi a resposta, señora conselleira.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ¿Vai atender as reclamacións... (A deputada Lara Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.



Deputadas e deputados, moi bos días a todos.

Mire, señora Méndez, a atención e o coidado das persoas maiores e das persoas dependentes —como vostede ben sabe— é unha das prioridades para a Xunta de Galicia. De feito, no que vai de lexislatura levamos investidos máis de 40 —¡40!— millóns de euros en obras nas residencias da rede pública autonómica. E todo este investimento ten un único obxectivo, que é, como dicía vostede, converter todos eses centros residenciais en verdadeiros fogares, na casa de todas as persoas maiores que viven alí.

É certamente importante o investimento previsto para a cidade de Lugo, con máis de 10 millóns de euros de investimentos en obras, que se farán non soamente na residencia pública das Gándaras, senón tamén na residencia da Milagrosa, cun investimento de máis de 1,7 millóns de euros.

Mire, no caso das Gándaras, imos investir máis de 8 millóns de euros, que teñen dous obxectivos moi concretos e innegociables. En primeiro lugar, aumentar a seguridade en situacións de emerxencia na propia residencia pública e incrementar —por suposto— o confort tanto dos usuarios como de todo o persoal do centro. Polo tanto, imos facer unha importante reforma tanto interior como exterior, grazas á cal as habitacións serán máis amplas e terán baño propio, e vanse mellorar as zonas comúns, creando salas de convivencia e comedores en cada planta para evitar desprazamentos innecesarios dos propios usuarios, e todo isto sen reducir —insisto— en ningún caso o número de habitacións individuais.

Ademais —vostede tamén o dicía—, mantivéronse reunións cos usuarios, pero tamén coas familias para informalas con claridade das obras que estaban previstas neste centro residencial. Polo tanto, este diálogo tivo resultados moi concretos, coa incorporación de melloras específicas para garantir a privacidade nunhas habitacións que recordo que xa eran dobres pero que non estaba garantida, neste caso, a accesibilidade.

Señora Méndez, o que non imos tolerar é que a atención aos maiores se use novamente, unha vez máis, como arma política neste Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)* Non o imos sentir, señora Méndez.

Pero, mire, fronte á desinformación que vostedes practican —e fano diariamente, fano reiteradamente—, nós, dende a Xunta de Galicia, imos responder con feitos, con responsabilidade e sempre —¿sabe con que?— con verdades.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Señora conselleira, corenta anos sen prazas públicas en Lugo, ¡corenta anos! *(Aplausos.)* Aínda case non nacera vostede e non había ningunha nova praza pública en Lugo. E agora si; di 10 millóns, 8 aquí e case 2 na residencia da Milagrosa. ¿Por que?



—xa llo dixen—: porque hai fondos públicos, non porque haxa vontade política da Xunta de Galicia. Se non tivesen eses fondos públicos, posiblemente non se acordarían de Lugo e posiblemente non estarían facendo ningunha actuación na cidade de Lugo, como é habitual, señora conselleira. *(Aplausos.)*

Eu voulle facer unha pregunta, señora conselleira: ¿vostede ampliaría o pasillo da súa casa suprimíndolle a habitación ao seu fillo ou filla e que o seu fillo ou filla pasase a durmir con vostede? ¿Faríao ou manterían as habitacións individuais? ¡Se son familia!, ¡se vos teñen moito cariño!, pero non, ¿verdade? Cada un ten que ter a súa intimidade, cada un ten que ter o seu espazo propio e cada un ten que ter a súa dignidade, que é o que reclaman os usuarios das residencias, señora conselleira, ¡dignidade! *(Aplausos.)* Iso na súa casa non o faría, pero no «fogar» dos maiores pois tanto lle dá, ¿verdade? No fogar dos maiores, pois ben, ¡que aguanten!, que xa teñen aguantado moito e teñen experiencia en aguantar; que aguanten un pouquiño máis. Esa é a realidade.

E fala vostede de desinformación. Cando eu fun acompañalos a primeira vez o sábado, eles xa levaban moitos sábados saíndo. ¿Sabe cal é a maior información que teñen os usuarios e os traballadores da residencia? As obras que están facendo alí, ao seu carón, e están vendo como perden espazo e como perden intimidade, señora conselleira; están vendo como non se lles atendeu despois de moitas peticións e, grazas á presión —xa digo—, foi alí o delegado da Xunta de Galicia —o seu delegado— a dicirlles que non se preocupen e que ían facer modificacións. ¿En que ían consistir esas modificacións? En colocar biombos, señora conselleira —¡biombos!—; iso lles dixo o delegado da Xunta que ían facer nesa residencia. E non é desinformación; é a información que lles trasladou o seu delegado alí e é o que están vendo día si e día tamén os usuarios da residencia das Gándaras.

Así que, por favor, señora conselleira, se realmente queremos converter iso nun fogar, atenda as súas demandas, non faga que perdan espazo, non faga que perdan lugares para convivir e, sobre todo, non lles faga perder a súa dignidade. Por favor, señora conselleira. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Méndez, non tenten enganar a xente dende o Partido Socialista de Galicia, non tenten dende o Partido Socialista enganar os residentes das Gándaras e non tenten tampouco enganar as súas familias nin os veciños nin as veciñas da súa cidade de Lugo. *(Aplausos.)* Non o fagan, señora Méndez.

Mire, señora deputada, vostede acompañou o señor Besteiro nas protestas, exixindo habitacións individuais, ¿verdade? O señor Besteiro, cando era presidente da Deputación de Lugo, fartouse de inaugurar residencias, todas elas —todas— con habitacións dobres; polo tanto, señora deputada, a hipocrisía do Partido Socialista, non, ¿eh? *(Aplausos.)*



Gustaríame que hoxe lles quedase moi claro, dunha vez por todas, despois de tanta desinformación interesada do Partido Socialista, a residentes, a traballadores e a veciños, que non se reducen o número de habitacións individuais e que todas as habitacións do centro residencial das Gándaras van contar cun baño propio. O que fixo a Xunta de Galicia foi ofrecer unha solución para unhas habitacións que —insisto— xa eran dobres e que, tras a reforma, van ser habitacións máis accesibles e máis confortables. Porque, por exemplo, se vostede falou cos residentes e cos traballadores, nalgúns habitacións non se podían utilizar grúas para levantar os residentes que tiñan problemas de mobilidade.

Entendo que vostede non me está pedindo que non cumpra a lei e que non garanta a seguridade e a accesibilidade, ¿ou si? Eu entendo que non me pide que pare unhas obras que van mellorar a calidade de vida de todos os residentes e tamén facer máis sinxelo o traballo dos propios traballadores. Mire, o que lle pido, señora Méndez, é que deixen de utilizar politicamente as persoas maiores que viven no centro residencial das Gándaras, porque é lamentable; (*Aplausos.*) é lamentable que os utilicen.

Mire, ¿sabe o que podería facer vostede se quere facer algo proveitoso por Galicia, como defensores da calidade de vida das persoas maiores? Reclamarlle ao Goberno do señor Pedro Sánchez, do Partido Socialista, que cumpra con todas as persoas maiores e dependentes e que nos ingrese de forma inmediata os 3.000 millóns de euros que nos debe da factura de dependencia, (*Aplausos.*) que irían parar directamente ao peto de toda esa xente maior e dependente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta do deputado Moisés Rodríguez Pérez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as consecuencias do atraso na aprobación do Plan estatal de vivenda 2026-2030

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rodríguez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Señorías.

Señora conselleira, como vostede ben sabe, a política de vivenda constitúe unha das principais preocupacións da sociedade actual e require colaboración leal e coordinada entre as distintas administracións públicas. Todos somos conscientes en Galicia dos notables compromisos e esforzos que está a desenvolver o Goberno galego en materia de vivenda, que se complementan en ocasións con dotación financeira dos plans estatais. O atraso, a non aprobación e publicación do Plan estatal de vivenda 2026-2030 está a xerar unha situación de incerteza que pode comprometer a continuidade e o financiamento de numerosas



convocatorias xa en marcha pola Xunta de Galicia, afectando tanto a cidadanía beneficiaria como a planificación orzamentaria da nosa comunidade autónoma.

En Galicia, señorías, apróbanse orzamentos en tempo e forma; en España, non están nin se esperan. Obrigación constitucional, tres anos, e o que toca esperar. Agora, todo é a culpa da guerra ou das guerras: o incremento do prezo da luz, da gasolina, dos alquileres, da vivenda. ¿Sabem, señorías, en que país hai orzamentos aprobados en tempo e forma? En Ucraína, señorías, en Ucraína. O problema aquí en España é non ter os votos necesarios para aprobalos, ese é o problema. Non nos tomen por parvos, señorías socialistas e nacionalistas. *(Aplausos.)*

O Plan estatal de vivenda ata agora vixente caducou, está caducado, sen que os actuais responsables do Goberno que preside actualmente o señor Sánchez digan data nin nada concreto. De feito, dende o Ministerio dicían, señorías, que chegaría neste primeiro trimestre, un trimestre que xa pasou. ¿Trimestre de que ano, señorías socialistas? É unha escusa de malos pagadores. A situación descrita resulta especialmente preocupante ao ser o inicio dun novo período de programación que hai que consensuar e que ten que ser claro e operativo, sendo a Xunta a responsable de aplicar estas políticas de vivenda.

Nós o que queremos saber é como valora o Goberno galego o atraso na aprobación do Plan estatal de vivenda 2026-2030.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle a resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señor Rodríguez, efectivamente, a verdade é que é unha mágoa ter que voltar a esta Cámara para falar outra vez da incomprendible ineficacia dun Goberno central, dunha ministra de Vivenda no que é hoxe a principal preocupación da cidadanía. Xa pasaron tres meses deste ano 2026 e aínda non temos plan estatal. Teño que recordar que o artigo 149 da Constitución establece cal é a competencia do Estado en materia de vivenda, e establece que a competencia do Estado en materia de vivenda é fixar un marco normativo común que estableza a planificación económica en materia de vivenda e o seu financiamento. É dicir, a competencia do Estado é aprobar ese plan estatal de vivenda, onde se fixan esas axudas en materia de vivenda e ese financiamento para as comunidades autónomas. E o Goberno central e un ministerio exclusivo de vivenda non é quen de ter aprobado aínda ese plan estatal de vivenda, e xa levamos un trimestre deste ano 2026.

E isto é moi grave, porque isto supón que as comunidades autónomas non poidamos convocar as liñas de axudas que van cofinanciadas ao abeiro deste plan estatal. É dicir, as comunidades autónomas non podemos convocar as axudas do alugueiro, as axudas de



eficiencia enerxética, a rehabilitación edificatoria, a compra de vivenda para menores de 36 anos. E, no escenario máis optimista, se aproba xa ese plan estatal de vivenda, aínda así, non poderemos convocar esas liñas de axudas ata ben entrado o segundo semestre do ano 2026. Porque non se trata simplemente de publicar no *Boletín Oficial do Estado* ese real decreto, non; o Estado ten que facer a repartición dos fondos entre as comunidades autónomas, o Estado ten que formalizar os convenios e redactar o texto deses convenios coas distintas comunidades autónomas para que nós poidamos convocar esas liñas de axudas, e iso é unha vergoña.

Teño que recordar que xa en decembro do ano 2024 o Executivo galego remitiu as nosas aportacións a un xa futuro plan estatal de vivenda, e esperemos que sexan atendidas. Teño que recordar tamén que este Executivo galego dixo «si» a ese cofinanciamento imposto polo Goberno central do 40 por cento. De feito, témolo recollido nos nosos orzamentos, porque aquí en Galicia temos orzamentos aplicados e recollen ese cofinanciamento obrigatorio que impón o Estado.

Mire, a ministra está a xogar ao gato e ao rato coas datas. Primeiro, dixo antes de 2025; despois, dixo no primeiro trimestre deste ano 2026, e, agora, di en abril. Isto non é serio. Señorías do Ministerio de Vivenda, señora ministra, traballe, exerza as súas competencias, déixese de propaganda barata, dese bluf de Casa 47, e faga o que ten que facer, que é aprobar ese plan estatal de vivenda do que aínda non temos nin calendario, nin data, nin comunicación ningunha.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica. Señor Rodríguez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, conselleira.

En todas as comisións, en todos os plenos, en declaracións, os representantes de Pedro Sánchez na Terra (*Risos.*) defenden o que non se pode defender, e deféndeno, señorías, sen pñense colorados —bueno, ultimamente, si; ultimamente pñense colorados—. Defenden as políticas de vivenda do Goberno central, ¡manda truco na Habana! Señorías, ¿existe un Ministerio de Vivenda?, ¿existe unha ministra? O misterio é saber onde está o Plan estatal de vivenda, onde están as miles de vivendas protexidas en Galicia. En fin, o de sempre. Como vostede sempre di, fume e máis fume. (*Aplausos.*)

Conselleira, os galegos e galegas, que de parvos non temos un pelo, (*Risos.*) exiximos alto e claro o que nos pertence. Non é un regalo do Goberno central e moito menos de Pedro Sánchez. En Galicia tomámonos moi en serio a situación da vivenda: vivendas reais facilmente localizables. A política de vivenda é algo fundamental, a política de vivenda necesita diálogo, a política de vivenda non é un tuit, a política de vivenda non son frases que quedan ben. Por exemplo, no último encontro da Conferencia sectorial de Vivenda, o señor Sánchez —tomen nota—: «*invito a todos los presidentes autonómicos a debatir sobre un nuevo acuerdo estatal para*



la vivienda. *Tripliquemos la financiación y blindemos la vivienda pública de por vida*». Moi bonito, pero o resultado: non se falou do tema. Fume e máis fume, outra mentira máis do señor Sánchez.

Señora conselleira, siga traballando, siga defendendo Galicia. E, por favor, se pode, explique como Galicia está axudando co sufrir pola non aprobación do Plan estatal de vivienda por parte do Goberno central. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señor Rodríguez, preguntaba na súa primeira pregunta a valoración que facemos dende o Executivo galego deste atraso. A valoración é clara: é preocupación, é unha fonda preocupación. Penso que xa é hora de dicir «basta» polas comunidades autónomas. Basta xa deste ninguneo que está a facer o Ministerio de Vivenda.

Mire, efectivamente, a pesar de que non temos o Plan estatal, o cal nos impide convocar esas liñas de axuda que antes comentaba, nós dende o Executivo galego temos xa feitos todos os deberes e convocadas xa neste primeiro trimestre todas as liñas de axudas que corresponden á nosa comunidade autónoma porque non están cofinanciadas con fondos estatais. Isto é, temos xa convocado o noso programa Fogar Vivo para mobilizar vivendas baleiras, temos xa convocado o noso programa de avais para que os menores de 36 anos poidan comprar vivenda, temos xa convocadas as axudas para rehabilitación de vivendas nos concellos de menos de 5.000 habitantes, temos xa convocadas as axudas de rehabilitación para as vivendas de titularidade municipal, temos xa convocadas as axudas de infravivenda e temos xa convocadas as axudas para a reparación de comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública. Hoxe mesmo sae publicado no DOG, no *Diario Oficial de Galicia*, ese fondo de cooperación para axudar ao financiamento dos concellos en actuacións de rexeneración urbana e tamén de promoción de vivenda. En poucos días convocaremos as liñas de axudas para a compra de vivenda en centros históricos e para a compra de vivenda protexida, porque iso é competencia da Comunidade Autónoma e está excluído do Plan estatal, pero temos 80 millóns de euros no noso orzamento que aínda non podemos convocar porque o Estado non aprobou o seu plan estatal de vivenda. ¡É unha mágoa e unha tomadura de pelo! *(Aplausos.)*

Eu, dende esta tribuna, fago unha pregunta sinxela: señora ministra, ¿cando imos ter ese novo plan estatal de vivenda? Señora ministra, ¿cando vai exercer a competencia que ten o Estado, que é aprobar o Plan estatal de vivenda? Recordo que a última conferencia foi o 3 de outubro do ano 2025, e, daquela, a ministra dixera dúas cousas: *(Murmurios.)* unha primeira, que iamos ter aprobado o Plan estatal antes de que remate o ano 2025 —está claro que iso foi unha mentira, estarán de acordo comigo—, e unha segunda, que ían ser valoradas e tidas en conta as aportacións que fixemos as comunidades autónomas. Espero que esta si sexa unha realidade e teña en conta as aportacións que lle fixemos, porque necesitamos un plan estatal que palíe ese problema



estrutural que temos a nivel de país, que palíe esa falta de vivenda que existe, que axude a incrementar o número de vivendas, que axude os promotores a construír vivenda protexida, que axude a mobilizar vivenda baleira, que axude a mobilizar solo, que axude a urbanizar.

Polo tanto, señora ministra, en nome de todos os galegos e galegas, déixese de perder o tempo, déixese de propaganda barata, póñase a traballar e aprobe dunha vez o Plan estatal de vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a calidade das actuais condicións asistenciais do Servizo de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Bos días, conselleiro.

En primeiro lugar, quero saudar o persoal da Unidade de Paliativos que hoxe nos acompaña na tribuna de invitados e tamén os representantes da Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública e da comisión do centro.

Imos falar dalgo moi serio, de dignidade, de como trata o Sergas as persoas no momento máis vulnerable das súas vidas. O que está pasando coa Unidade de Coidados Paliativos do CHOU en Ourense é sinxelamente inaceptable, conselleiro, porque nos atopamos cun desmantelamento progresivo e consciente dun servizo esencial. E todo isto, ademais, vén precedido dunha decisión que coñecemos ben nesta Cámara: o traslado da unidade ao Hospital de Piñor polos problemas estruturais do hospital maternoinfantil; unha cuestión que xa temos debatido nesta Cámara pola necesidade dun novo hospital.

Falamos dunha unidade que foi pioneira en Galicia, unha unidade que chegou a contar con catorce camas —seis individuais—, equipo propio, persoal especializado e atención integral. Falamos de médico asignado á unidade, con sete enfermeiras e sete auxiliares, con celador propio e con apoio psicolóxico estable para pacientes, para familias e tamén para o persoal. Iso si que era un modelo de coidados paliativos digno.

¿E que temos hoxe? Temos unha unidade reducida a cinco habitacións dobres e unha individual, sen recursos suficientes, sen apoio integral. Pero, ademais, o persoal denuncia ca-



rencias moi graves que afectan directamente a calidade asistencial. Non hai acceso a servizos básicos como radioloxía, laboratorio ou transfusións; non se poden realizar procedementos minimamente invasivos imprescindibles; non existe soporte psicolóxico estruturado nin para pacientes nin, por suposto, para familias; non hai espazos adecuados para o acompañamento nin para o dó, e nin sequera se garanten condicións básicas de confort e intimidade. Mire que só teñen dous diváns, dous sillóns para familiares en todas as habitacións.

Isto é unha cuestión organizativa, conselleiro, é unha decisión política, porque o que está en xogo non só é esta unidade; está en xogo como se atende as persoas. E a realidade é clara: os pacientes están sendo dispersados por todo o hospital sen estes coidados dignos. Iso non son coidados paliativos; iso é degradar un servizo esencial. Estase convertendo nunha unidade ponte de Medicina Interna.

Por iso, preguntolle se vai rectificar, conselleiro, e recuperar unha unidade de paliativos digna, con recursos, con equipo e con planificación, ou vai seguir permitindo o seu desmantelamento. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Sáudos tamén a toda a xente que nos acompaña da Área Sanitaria de Ourense.

Señora deputada, creo que un dos labores fundamentais desta Cámara, deste Parlamento, ademais de fiscalizar o que é a acción do Goberno, é contribuír a trasladar o que é unha información verídica e fiable á poboación, especialmente nun tema tan sensible como poden ser os coidados paliativos. Asistimos con demasiada frecuencia por parte do seu grupo a discursos que alimentan a incerteza, que dramatizan e que contribúen, sen ningunha dúbida, a xerar desconfianza —insisto— nun ámbito tan delicado como é a sanidade pública e, neste caso concreto, os coidados paliativos.

O Hospital de Piñor é un centro hospitalario como outro calquera dentro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Acolle a hospitalización psiquiátrica, acolle as consultas externas de rehabilitación e acolle tamén gabinetes de fisioterapia. Pero a flexibilidade do centro e o seu espazo permite habilitar espazos para establecer novas prestacións, como xa se fixo na época da pandemia da covid.

Desde abril do ano 2025, debido ás obras de renovación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, decidiuse dotar no Hospital de Piñor unha planta para hospitalización de coidados mínimos de medicina interna e tamén de hospitalización para coidados paliativos. Esta medida tamén supuxo unha resposta a unha demanda asistencial, coa intención de ofrecer unha mellor atención e aliviar o servizo de pacientes que non precisan coidados agudos. Este centro ten unha contorna adecuada para esta tipoloxía de pacientes: relaxada, tranquila, con amplos espazos e allea ao vórtice dun hospital de agudos, insisto. Por iso non é certo que existan carencias nin estruturais nin funcionais que supoñan prexuízo ningún aos pacientes.



Señora Dacosta, todos os ingresos no Hospital de Piñor realízanse baixo estritos protocolos de derivación de pacientes, polo que todas as persoas alí ingresadas contan coas máximas garantías médicas. A dotación establecida na nova planta de hospitalización é de 29 camas para coidados mínimos de medicina interna e 9 camas para coidados paliativos. Hai habitacións tanto individuais como dobres, segundo o requiran as necesidades dos pacientes. Obviamente a derivación de pacientes a Piñor faise sempre baixo criterios médicos. Estes criterios son, entre outros: diagnóstico pechado e coidados de enfermería, sen previsible empeoramento clínico e sen solicitude de probas ou exploracións complementarias —co que o Servizo de Radioloxía non pinta nada neste caso—, ou sen tratamento oncolóxico.

Resulta obvio ter que dicir isto, pero estas unidades están dotadas de persoal sanitario e non sanitario específico, dun ou máis médicos internistas e —o que é máis importante— de atención médica e presenza física as 24 horas do día, polo que este centro hospitalario conta, como non podería ser doutro xeito, con todos os recursos para garantir unha adecuada asistencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Conselleiro, só concordo nunha cousa que dixo: que o tema é moi delicado. No resto, nada é certo, nada é como di vostede. (*Aplausos.*)

Mire, pídolle que reciba despois desta pregunta o persoal da Unidade que está aí escoitando, (*Aplausos.*) porque presentaron múltiples escritos para que a Dirección e a Xerencia os atendese e recibiron resposta cero. Entón, están aí; explíquelles esta cuestión.

Mire, o que non existe en Ourense é a curación espontánea nin os milagres, iso non existe. Pasamos de ter listas de espera a semanas con pacientes cero na Unidade de Paliativos. ¿Onde estaban os enfermos en estadio 4, os enfermos terminais que necesitaban esas axudas? ¿Existe a curación espontánea, conselleiro?

Mire, voulle dar lectura ás palabras do persoal e dos sindicatos: «Os profesionais da sanidade pública de Ourense alzamos a voz ante a situación crítica que atravesamos a nosa Unidade de Coidados Paliativos. O dereito a non sufrir e a recibir unha atención humanizada no tramo final da súa vida non é un privilexio; é unha obriga ética e legal do sistema sanitario». Pénseo, señor conselleiro.

Denunciamos o risco real de desmantelamento dunha unidade que é o único refuxio para centos de familias ourensás e que obriga os pacientes a situacións de desamparo ou a traslados innecesarios, e a discriminación que sofre Ourense respecto a outras áreas sanitarias de Galicia —por exemplo, Vigo, 14 camas— en canto a recursos para enfermidades avanzadas. Exiximos garantía de permanencia, que a Xerencia da Área Sanitaria, conselleiro, certifique por escrito que a unidade non se pechará nin verá reducida a súa capacidade; tamén persoal estable e a cobertura inmediata de todas as vacantes de medicina e psicoloxía espe-



cializadas, e dignidade territorial, conselleiro: que vivir en Ourense non signifique morrer con menos recursos que en calquera outra cidade.

Coidar cando se non se pode curar é a máxima expresión dunha sociedade civilizada. Non imos permitir, conselleiro, que Ourense dea un paso atrás en humanidade. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Dacosta, compara Ourense con Vigo. Existe unha cousa que se chama «densidade de poboación» —non sei se o sabe— á hora de contabilizar as cousas. Ben, pois nove camas en Ourense e doce en Vigo. Acaba de dicilo vostede, ese dato acaba de dicilo vostede.

Temos os dispositivos ordenados e preparados segundo as necesidades e as demandas asistenciais. Por iso, cando foi preciso, dispuxéronse todos os recursos para manter a mesma atención coa mesma calidade. Os pacientes do Hospital de Piñor están perfectamente atendidos por profesionais comprometidos que realizan un magnífico labor, prestando servizo nun centro que dispón de servizo de farmacia, servizos de hostalaría e transporte sanitario, tanto para a Unidade de Medicina Interna e de Coidados Mínimos como para a Unidade de Coidados Paliativos.

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense funciona en conxunto cos diferentes edificios que o conforman. O Hospital de Piñor separase 13 minutos en coche do resto do complexo. Esta distancia non ten nada que ver coa perda de calidade —iso cae de caixón— e coa falta de atención. Por iso, dicir iso é faltar á verdade.

Como lle dixen na miña primeira intervención, o traslado de parte dos servizos paliativos e de medicina interna non é máis que unha reorganización puntual que responde a unha demanda asistencial, á vez que se levan a cabo as obras de mellora do CHOU.

Unha das cousas das que vostede non fala é do investimento que realiza a Xunta de Galicia na remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Falamos de 35,6 millóns de euros de investimento nos orzamentos deste ano. Podo asegurarlle que o compromiso da Xunta de Galicia coa provincia e a cidade de Ourense é firme. Non hai mellor exemplo que o que son os datos, eses datos que, ás veces, non lles gusta que lles digan: novo edificio de hospitalización, 52,6 millóns de euros; reforma do Hospital de Santa María Nai, 1 millón de euros; reforma e equipamento da UCI, 10 millóns de euros; equipamento tecnolóxico, preto de 20 millóns de euros; nova Unidade de Medicina Nuclear, 2,8 millóns de euros, e a construción dun novo hospital maternoinfantil.

A aposta da Xunta de Galicia por mellorar a atención sanitaria en todos os niveis asistenciais da provincia de Ourense é un obxectivo constante que se atopa, ademais, entre as prioridades deste Goberno. Máis de 703 millóns de euros destinamos neste ano á sanidade pública desta



provincia, cun incremento do 4,60 por cento en relación co ano anterior. Por iso, todas as medidas que tomamos son no único beneficio dos pacientes e dos profesionais sanitarios.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a postura do Goberno galego no que concirne ao papel que deben asumir as institucións galegas na recuperación, reparación e restauración da memoria democrática

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleiro.

O pasado 12 de marzo coñeciamos a noticia de confirmación por parte do Tribunal Supremo da sentenza ditada pola Audiencia Provincial da Coruña en relación co Pazo de Meirás. En resumo, viña confirmar que o Pazo de Meirás era propiedade do Estado, que os irmáns Martínez Bordiu debían devolver a súa posesión e que tiñan dereito a ser indemnizados polos gastos necesarios e útiles realizados no inmovible durante o tempo da súa posesión, por seren posuidores de boa fe.

Os socialistas cremos que esta confirmación supón unha moi boa noticia. É un fito relevante no proceso de recuperación da memoria democrática e na restitución do patrimonio público que fora apropiado durante o período de represión franquista, e é, sobre todo, un claro exemplo de que cando hai vontade política, se escoita o pobo e se actúa de forma conxunta entre as administracións, as cousas se conseguen.

Galicia non foi campo de batalla na Guerra Civil, pero si vítima da represión franquista que chegou coa ditadura. E, no día de hoxe, cincuenta anos despois da morte do ditador, quedan moitas feridas que pechar e moitas vidas que recoñecer; persoas que defendían liberdades das que gozamos agora e que, polo tanto, é de xustiza coñecer e recoñecer.

Dende o Grupo Socialista, insistimos xa de forma reiterada na obriga do cumprimento por parte da Xunta da Lei de memoria democrática. Non poden manter vostedes unha postura de pasividade asumindo os programas que chegan do Estado de recoñecemento e exhumación de fosas pero sen ningunha medida activa pola súa parte; e, o peor, cun orzamento de cero euros dende hai quince anos.

Queda moito por facer, tamén na nosa terra; moitas historias que contar e moitos lugares que recoñecer. O Estado promoveu o expediente de Meirás, San Simón e a cidade de Ferrol,



pero temos que seguir proxectando lugares de referencia, como o cárcere de Lugo ou de Tui; o Museo Marco de Vigo; o Camposanto de San Breixo, en Celanova, o Campo de Aragón en Ourense, e moitos máis. Temos que eliminar simboloxía e nomes franquistas dos rúes das nosas cidades e, con maiúsculas —digo, e aquí quero pararme—, recoñecer o papel das mulleres, que somos as grandes esquecidas do relato histórico e sufrimos unha dobre represión.

O pasado venres en Madrid houbo un acto de recoñecemento e reparación ao mal chamado «Padroado de protección á muller». O Goberno de España anunciou que a Comisión da Verdade sobre o Franquismo creará unha comisión específica para investigar as violacións de dereitos humanos levadas alí a cabo dende o ano 1941 ata o ano 1985. En Galicia chegou a haber ata unha ducia de institucións deste tipo. A principal, o reformatorio da Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, pero tamén moitas instalacións das congregacións: as Oblatas en Ferrol, Bouzas e Compostela; as Adoratrices de Ourense e a Coruña; o Bo Pastor de Tui, ou as Trinitarias de Vigo. Eran lugares onde as mulleres alí recluídas eran consideradas criaturas inmorais e onde as congregacións relixiosas que lles facían de carcereiras as explotaban como man de obra gratuíta e as sometían a un trato vexatorio.

Maila ser unhas das expresións máis terribles e crueis da ditadura, aínda seguen...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PALOMA CASTRO REY: ...cun gran recoñecemento. *(Aplausos.)* Por iso eu preguntolle...:

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno. Moitas grazas.

PALOMA CASTRO REY: ...¿van impulsar políticas de memoria democrática para recoñecer...? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, o señor López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señora Castro, moi bo día de novo.

A verdade é que creo que vén bastante acaída esta pregunta en relación coa memoria democrática, e eu creo que o primeiro que temos que trasladar é a dispoñibilidade, a disposición que o Goberno da Xunta de Galicia sempre tivo de lealdade máxima e absoluta, a lealdade institucional que temos co Goberno central.

Creo que temos unha colaboración extraordinaria. Temos unha liña de apoio á exhumación de fosas, e creo que, ademais, dende o Goberno, estamos impulsando e permitindo, colaborando co Goberno central, localizar e buscar, desde logo, eses espazos, eses terribles espazos



nos que debemos de seguir poñendo en valor esa memoria colectiva que nos axude a entender e a mellorar como sociedade.

E teño que dicirlle que esa mesma lealdade institucional que ten o Goberno da Xunta de Galicia tamén nos gustaría que fose recíproca e que o Goberno central a tivese tamén co Goberno de Galicia. Non é así en moitas ocasións. De feito, nas visitas realizadas hai poucas datas por parte do secretario de Estado a Galicia, non tivo nin a ben sequera comunicar ao Goberno da Xunta de Galicia a súa presenza para poder participar dos actos, como puido ser o anuncio da declaración como lugar de memoria da illa de San Simón —na que, ademais, quero recordarlle que a Xunta de Galicia algo tería que dicir, porque somos os xestores dese espazo— ou outras decisións que se tomaron en territorio galego e que, dende logo, coñecemos a través dos medios de comunicación.

Creo que se queremos poñer en valor todo o que se está facendo, se queremos traballar de forma conxunta, esa lealdade é importante nun asunto no que, sinceramente, teño que trasladarlle que non existe unha discrepancia real entre as accións do Goberno e as accións que adopta tamén a propia Xunta de Galicia.

E, como ben apuntaba vostede, traendo a colación o asunto de Meirás, creo que hoxe temos unha boa oportunidade para demostrar esa sintonía, para acreditar que realmente as diferenzas non son de fondo en ningún caso. Pode haber algunha cuestión de forma que haxa que perfilar, pero creo que ese é o camiño, esa é a dirección. E o único que lle podo dicir é que dende a Xunta de Galicia sempre terán, igual que tiveron ata agora, unha colaboración, unha lealdade institucional para, dende logo, poñer en valor todo o traballo que se está facendo en relación coa memoria democrática e situala no espazo que corresponde. Eu creo que, nesa liña, podemos chegar a acordos.

Eu agradezo o seu ton nesta intervención, e esperemos que tamén esta cuestión veña axudarnos reconducir —eu creo— esa lealdade, que sempre é importante nestas cuestións. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica da señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, a pesar de falar vostedes de «plena colaboración», a realidade é que, dende o Goberno galego, non se cumpriron, durante todo este tempo, as recomendacións que a Lei de memoria impón ás administracións autonómicas e limitáronse vostedes a colaborar co Estado no Programa de exhumación de fosas, coma se iso fose suficiente; pero non o é. Xa se abordou demasiado tempo, e non podemos seguir deixando atrás a reparación, e, se seguimos adiando decisións, chegará un momento en que non quede ningunha vítima viva que reparar.

No caso de Meirás, espero unha plena colaboración, como non foi así no inicio, pero non nos imos retrotraer no tempo, senón que imos falar da actualidade. Imos falar dunha plena



colaboración, que é necesaria, neste plan de usos, por exemplo, agora que esa propiedade xa é recoñecida do Estado, porque é necesario que exista un consenso; un consenso para abordar os temas que se deben planificar en relación cos usos deste espazo: o tema do franquismo, para que sexa un lugar de memoria resignificado, dende un punto de vista democrático; e como non —e nós ímolo recoñecer—, a necesidade tamén da figura de Emilia Pardo Bazán porque é un referente da loita e da historia da loita feminista: unha muller avanzada no seu tempo, que, no século XIX, xa falaba de liberdade sexual das mulleres e de liberdade e de igualdade de dereitos e oportunidades.

O fundamental para avanzar é investir en políticas de memoria. Para iso nós propoñemos a creación dun Consello da Memoria de Galicia ou a planificación e a dotación orzamentaria de políticas de memoria propias neste ámbito —algo que non hai ata agora—. É unha cuestión de democracia —e tamén de urxencia—, vendo como a ultradereita está a medrar noutros lugares e vendo como a ultradereita está a arrasar con todas as políticas de memoria, sendo o último exemplo na Comunidade Balear.

Nese sentido, pois é positivo: é positivo que Rueda e mais vostede se sumen a ese discurso de apoio ás políticas de memoria. Sería máis positivo, se, coa outra man, non nomeasen delegado territorial, por exemplo, de educación, unha persoa que enxalzou o golpe de Estado do 1936...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PALOMA CASTRO REY: ...—¡pero bueno!—..., porque o obxectivo fronte ao avance...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo, moitas grazas.

(A deputada Paloma Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)

Sabedes que nas preguntas o tempo é estrito.

(A deputada Paloma Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos)

Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, presidenta.

Señora Castro —insisto—, grazas polo ton empregado. Creo que hai varios matices que —eu creo— é importante destacar.

En primeiro lugar, falou vostede da ultradereita. Algo estaremos facendo en Galicia —algo distinto ao resto do territorio—, cando Galicia é a única comunidade autónoma —xa sei que



a vostede lle dá tempo... A vostede gustaríalle (*A deputada Paloma Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.*) que, ao mellor, Vox tivese que contraponer as súas políticas co Partido Popular de Galicia—... Teño que dicirlle que algo se estará facendo —algún sentido común, algún equilibrio ou algunhas políticas con certo sentido común se estarán facendo— en Galicia para que a ultradereita..., non é que non teña representación no Parlamento galego, é que non a ten en ningunha institución de Galicia. (*Aplausos.*) Eu creo que este é un tema que debemos poñer en valor e, seguramente, nos axude o ton que vostede e mais eu estamos empregando hoxe nesta pregunta porque —creo— é bo transmitir que —como dicía antes—, pese a que teñamos algunhas diferenzas nas formas, seguramente no fondo —na inmensa maioría do fondo— esteamos totalmente de acordo e poidamos chegar a moitos consensos neste tema e noutros moitos.

Falaba vostede tamén doutra apreciación, que é que a Xunta de Galicia se sumou tarde ao proceso de Meirás. A Xunta de Galicia —como ben sabe—, despois dun acordo deste Parlamento, no ano 2017, foi a que iniciou, con ese Informe da Comisión de Expertos, este proceso, o cal, finalmente, vemos con certa ilusión que rematou esa primeira parte do procedemento xudicial neste ano 2026.

Esa Comisión de Expertos —que vostede, ademais, coñece perfectamente— foi validada polo Parlamento galego e, polo tanto, lexitimou non só a Xunta de Galicia, senón tamén o Goberno central, para que iniciase a reclamación xudicial que agora vemos rematada. Polo tanto, creo que podemos parabenizarnos por este resultado, que —creo— é axeitado; eu creo que pode ser incluso valorado, de forma moi positiva, por todas as forzas políticas con representación no Parlamento.

E agora, por suposto, eu coincido con vostede en que temos que poñer en valor ese plan de usos que debe recoller todo o proceso da memoria histórica do Pazo de Meirás. Sabe vostede que ese pazo pasou por moitas etapas na súa vida. Houbo etapas tremendamente grises e escuras e houbo etapas tamén nas cales figuras como Emilia Pardo Bazán non poden pasar de refilón no recoñecemento da historia deste emblemático espazo que se recupera para toda a sociedade galega.

Por iso mostramos a nosa disposición. Hai un Plan de usos do ano 2020. Nós comunicamos ao Ministerio a nosa dispoñibilidade para colaborar e traballar, pero aquí, primeiro, o Ministerio ten que facer o seu traballo, que é acondicionar e abrir ao público o Pazo de Meirás e, posteriormente...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): asumiré o compromiso este Parlamento.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta do deputado Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia no que concirne á sentenza do Tribunal Supremo sobre o pazo de Meirás e ao recoñecemento do dereito da familia Franco a unha indemnización

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas presidenta.

Teño que discrepar con vostede, señor López, porque, no BNG, si que cremos que a extrema dereita ou a ultradereita está representada neste Parlamento galego; (*Murmurios.*) está representada nas bancadas do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non fai falta Vox; xa está aquí, no Partido Popular. (*Aplausos.*)

E quérolles tamén facer unha petición ao Grupo Popular e a vostede, que é que apoiem esta declaración institucional presentada, hai unha semana, (*O deputado Xosé Luís Bará Torres mostra un documento.*) polo BNG, que leva por título: «En defensa da cesión a Galiza do Pazo de Meirás e do seu uso como lugar de memoria». Recollemos varias achegas do Partido Popular; polo tanto, deixen claro de que lado están e apoiem esta declaración institucional, que, ademais, ten unha idea que se pode resumir en seis palabras: «Nin un euro para os Franco»; nin un euro para os Franco. Señorías do Partido Popular: non hai que indemnizar os Franco, teñen que pagar eles polo roubo (*Aplausos.*) sistemático que levaron a cabo en Meirás e en moitos outros lugares durante 40 anos de franquismo e tamén durante 45 anos de democracia (*O deputado Xosé Luís Bará Torres representa o signo das aspas coas mans.*)

Miren, o pobo galego conseguiu algo histórico, que foi recuperar o Pazo de Meirás para o patrimonio público. Fíxoo grazas á mobilización —já mobilización!—. É moi importante a mobilización do pobo. Fíxoo grazas a unha investigación rigorosa dos investigadores; e fíxoo tamén grazas ao traballo institucional, ao cal se sumou a Xunta a última hora, ao final de todo, e tamén o Goberno central, pero cometendo algúns erros que estamos pagando ou que podemos pagar caros. Vostedes, nese famoso Informe da Comisión de Expertos, (*O deputado Xosé Luís Bará Torres mostra un documento.*) recoñecéronlles aos Franco a boa fe posesoria e, polo tanto, o dereito de dinamización. Desde logo, nós non estamos de acordo con iso. Nós dicimos que hai que facer valer o acordo parlamentario, de xullo de 2018, que dicía que: «O Parlamento declara a súa vontade de que a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galiza». O BNG é coherente e consecuente con este acordo; o Partido Popular non o é, señor Campos.

Outra das propostas desta declaración institucional é a transferencia do Pazo de Meirás para Galiza. O BNG defende a súa transferencia para Galiza, baixo a fórmula da cesión modal para convertelo nun lugar de memoria, e vostedes defenden todo o contrario. Vostedes dixérono e puxérono por escrito no Plan de usos, do ano 2020 —ao cal se referiu vostede—, é dicir, queren que desapareza de Meirás calquera referencia á memoria histórica democrática. Xa o practicaron en San Simón; xa sabemos o que fixeron alí.



Polo tanto, eu pregúntolle, señor conselleiro: ¿defenden vostedes...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, moitas grazas.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...Meirás como lugar de memoria? ¿Defenden vostedes que non se lle paguen...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo.

(O deputado Xosé Luís Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moi ben, moitas grazas.

Pódese observar a diferenza de ton entre a pregunta do Partido Socialista e a pregunta do señor Bará. Creo que aquí volvemos entrar, outra vez, neses debates que tanto lle gustan ao Bloque Nacionalista Galego e nos cales tan cómodo se encontra.

Ese debate da crispación; un debate cun partido —como dixen— co cal non podemos esperar absolutamente ningún acordo, nin sequera naquilo que nos une —o cal é realmente complexo—. Sempre encontrarán vostedes un matiz ao que darlle unha volta ou ao que darlle unha reviravolta máis (*Murmurios.*) para, ao final, ter que poñer na tesitura as demais forzas políticas, levando os acordos aos extremos para que o resto das formacións políticas, que temos un certo sentido de Estado e entendemos, ademais, que ten que haber unha certa responsabilidade na hora de separar os poderes... —que vostedes tan borrosos encontran eses límites de separación de poderes—... e entendemos que este Parlamento debe ser respectuoso, cando menos, coas resolucións xudiciais; nós entendémolo así. Posiblemente no Bloque Nacionalista Galego non, e se declaren insubmisos á hora de poder aceptar algún tipo de resolución xudicial.

Eu só lle recordo unha cousa, señor Bará: vostede sabe que no Parlamento galego se aprobou, no seu momento, a remisión urxente do Informe da Comisión de Expertos. Non sei se vostede coñece as determinacións desa comisión, pero, nese informe, deixábase aberta a posibilidade de que houboese unha posible indemnización. ¿Sábeo vostede? Pois o BNG, o Bloque Nacionalista Galego, votou a favor desa resolución; polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego, coñecía perfectamente cal era o contido. Espero, entendo e desexo que así o fixesen, que tivesen a posibilidade de poder acceder a el e poder lelo antes de votalo —e entendo— e que tamén, tivesen, ao mellor, un proceso de amnesia, como cando foi o tema de Altri —no cal parece que non coñecían os informes e o expediente—. Aquí espero que tivesen a capacidade de poder enténdelo, lelo, analízalo e saber que esa posibilidade existía e xa se recoñecía nese propio informe. Polo tanto, non entendo a que vén agora esa posición —digamos— do Bloque Nacionalista Galego.



Eu respóndolle ás súas preguntas. ¿Nós estamos de acordo coa indemnización á familia Franco por Meirás? Díxoo o presidente alto e claro neste pasado luns: non, non estamos de acordo e poñerémonos ao lado do Goberno para iniciar a reclamación correspondente, unha reclamación xudicial, para intentar evitar a indemnización á familia Franco. Alto e claro: ¡non! ¿Imos ser insubmisos no caso de que a Xustiza lle recoñeza unha indemnización? Non. Nós respectamos a separación de poderes e entendemos que este Parlamento non pode entrar en ningún caso a cuestionar unha sentenza xudicial firme.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): O que faremos é defender escrupulosamente...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...os dereitos de Galicia, para que esa indemnización non se produza. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno.

Réplica do señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Señor conselleiro, o da separación de poderes xa o vimos hoxe *(Aplausos.)* no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. *(Aplausos.)* ¡Separación de poderes!, é dicir, decapitar todos os que se opoñen ás políticas depredadoras do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E mire, o matiz é tan matiz que estamos falando de pagarlles aos Franco ou non. E, por certo, sobre este informe, *(O deputado Xosé Luís Bará Torres mostra un documento.)* —ao cal fixo referencia—, que teño aquí, do ano 2018, xa mencionamos daquela os riscos que tiña aparelados e, por iso, forzamos a que no acordo parlamentario se puxese, precisamente, iso que lle lin antes: que non se pague aos Franco.

A sentenza xudicial, señor conselleiro, veu como consecuencia deste informe, recoñecerlles a boa fe posesoria aos Franco e o dereito á súa indemnización. Estaba posto no Informe desa Comisión de Expertos. Dixémosllelo daquela. ¿Que pasa?; que vostedes si son favorables a indemnizar os Franco e, de feito, non é a primeira vez; é que vostedes xa lles pagaron aos Franco nada máis e nada menos que 43.200 euros por abrir o Pazo de Meirás nos anos 2011 e 2012. Isto é algo que tiñan que facer obrigatoriamente por ser declarado BIC. Vostedes pagáronlles aos Franco e non lles importa volverlles pagar porque ¡vai no seu!; ¡é a súa ideoloxía!

En fin, sobre a sentenza que recoñece a boa fe posesoria, ¿sabe de onde vén isto, ademais deste informe, sobre o cal nós advertimos, no seu momento, dos riscos que tiña? Veu da conivencia do Estado —empezando pola monarquía franquista e corrupta— coa familia Franco durante 45 anos; veu de fotografías coma esta, señor conselleiro, *(O deputado Xosé Luís Bará Torres mos-*



tra unha fotografía.) veraneando en Meirás. Polo tanto, daqueles pós, esta lameira, efectivamente. E, polo tanto, nós témolo claro. Non é unha cuestión xurídica e non é unha cuestión técnica, senón unha cuestión de decencia democrática; polo tanto, que non se lles pague un só euro aos Franco, que sexan os Franco quen paguen por roubar, por espoliar e por [...]

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...e beneficiarse durante décadas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...dun ben do pobo galego. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, señor Bará. Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Señor Bará, como comprenderá vostede, é materialmente imposible, fisicamente, sorber e soprar á vez. Eu creo que é unha máxima que —creo— todos temos perfectamente clara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vostede... ¡Bueno!, á parte de que xa lle imos perdoar eses exabruptos que fai vostede de..., a súa frase fantástica de que a nosa ideoloxía é «pagar aos Franco»; con iso xa define perfectamente cal é a súa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A nosa ideoloxía é pagar aos Franco —eu creo— resume perfectamente cal é o seu posicionamento e a forma que ten de entender vostede o respecto e a política.

Dígolle máis, *(Murmurios.)* vostedes votaron a favor dun ditame dunha comisión de expertos; votaron a favor dun ditame dunha comisión de expertos, no cal se falaba da posibilidade de indemnizar a familia. Vostedes votaron a favor dun acordo e de remitir ese informe á Avogacía do Estado. E agora, como por arte de maxia, pretenden vostedes desaparecer da ecuación e dicir que o BNG —si—, efectivamente, votou a favor, pero, a cambio, propuxo indemnizar ou solicitar que o Parlamento de Galicia ou que a Xunta de Galicia, ou que o Estado, non lles pagase un euro máis á familia Franco.

¡Iso é sorber e soprar!, señor Bará. *(O deputado Xosé Luís Bará Torres nega coa cabeza.)* Vostedes votaron, remitiron e solicitaron, dende o Parlamento, que se remitise un informe á Avogacía do Estado nunhas condicións determinadas; e ese informe deu pé ao inicio do proceso —¡punto!—. Póñase vostede como queira e pínteo como queira. O certo é que o único que está dicindo vostede aquí é que o BNG, unha vez máis, se declara insumiso, no caso de que exista unha sentenza xudicial. Dígaos abertamente e claramente: que o BNG, unha vez máis, se pon fóra do marco legal, *(Aplausos.)* do marco que nos damos todos os galegos para, dende logo, poder ter unha convivencia harmónica, *(Aplausos.)* que é respectar as sentenzas xudiciais.

E dígolle máis: non lle dea voltas, señor Bará, non lle dea voltas; non o pinte da cor que queira vostede. ¿Estamos de acordo coa indemnización á familia Franco? ¡Non! ¿Poñeremos



todos os medios necesarios para acompañar o Goberno do Estado na reclamación para que non se produza esa indemnización? ¡Si!, na mesma liña en que o levamos facendo ata agora.

E quero deixarlle unha cousa xa para o final. Falaba de que... Eu creo que intentaba facer unha chiscadela co tema da extrema dereita en Galicia, ¿non? Creo que a vostedes tamén lles gustaría moito que estivese a extrema dereita en Galicia; gustaríalles moito. Sentaríalle moi ben ao Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E cando fala —cando fala—, o único que temos claro é que si existe unha representación de forzas antisistema no Parlamento de Galicia, que son vostedes; *(O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, sinala para a bancada da oposición.)* vostedes si que son a representación *(Aplausos.)* das forzas antisistema deste país. E acábao de declarar vostede agora mesmo con esa posición *(Aplausos.)* irreverente ante unha sentenza xudicial.

O que hai aquí, ¿sabe que é?; o que hai aquí, é o «gue» ou a «ga», de Galicia, é dicir, o partido que se parece a Galicia, o partido que consegue as maiorías absolutas en Galicia e o partido que se preocupa por estar ao lado dos galegos. E ao igual que está ao lado dos galegos, vai estar ao lado de Galicia para recuperar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...a propiedade...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José López Campos): ...do Pazo de Meirás [...]... *(O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta da deputada Ariadna Fernández González e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as accións previstas pola Consellería do Medio Rural para evitar a forte baixada dos prezos do leite en orixe que se prevé na sinatura dos contratos de finais de marzo

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Fernández.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Señorías.

Señora conselleira, bos días. Mire, recórdame vostede moito a un rapaz que había na miña clase, de pequenos, que sempre que era «be», poñía «uve» e sempre que era «uve», poñía «be». E un día, a mestra díxolle: «Mira, ti o que penses, fai ao contrario», porque non



acertaba unha; pois vostede, señora conselleira, ¡por favor!, pedímoslle que o que pense do medio rural, faga ao contrario, porque non acerta unha, e imos ter que lle chamar de «conselleira do Antirural». (Aplausos.)

Puxéronlle nas mans —puxéronlle nas mans—, de maneira moi irresponsable, por certo, un sector lácteo, que é un sector maduro, un sector profesionalizado, e que vai só á velocidade dun avión; pero, lamentablemente, vostede non sabe pilotar avións —iso queda claro—, e, sempre que se pon aos mandos, fai tres cousas: (A deputada Ariadna Fernández González representa o número 3 coa man.) unha, poñerlle os mandos a outro, a responsabilidade e o mollo para que llo resolvan; a segunda cousa que fai é manterse inmóbil e non facer absolutamente nada —iso si: boa cara para a foto—; e a terceira e última (A deputada Ariadna Fernández González ri.) —pois mire—, o que fai é dar bandazos, que é o que está facendo agora.

E mentres vostede elude as súas responsabilidades ou as responsabilidades do seu cargo, o mes que vén os gandeiros e as gandeiras galegos pagarán máis pola factura do seu combustible, pagarán máis pola factura dos seus fertilizantes, pagarán máis polos servizos externalizados para segar, para recoller, para sementar, para arar..., e todo iso, cobrando oito céntimos menos polo seu litro de leite. As marxes reduciranse drasticamente dentro de sete días; as marxes de beneficios non van dar para comer. Pero vostedes, coa votación que vimos antes, pois, evidentemente, quedou clarificado que non lles importa moito.

De todas as maneiras, o que máis caro nos sae, agora mesmo, aos gandeiros e ás gandeiras, é a súa incapacidade para xestionar este sector. Temos unha situación de forza; producimos o 42 por cento do leite do Estado; temos oferta en cantidade e calidade..., pero, habendo demanda no Estado, porque somos deficitarios, e sabendo a industria que seremos os futuros provedores do leite do Estado, permitímoslle, ou permítenlle vostedes que nos paguen menos polo leite que ao resto do Estado. Os galegos cobramos, sempre, menos de media que o resto do Estado polo noso leite.

Entón a pregunta é: ¿que vai facer vostede, señora conselleira, a este respecto? ¿Vai seguir apelando á responsabilidade da industria? Porque eu recórdolle que parte desa industria está agora mesmo nos tribunais polo cártel do leite, é dicir, por pactar durante anos os prezos á baixa. ¿Vai poñer o zorro a gardar das galiñas? A responsabilidade non é da industria, conselleira; a responsabilidade é súa: a de blindar este sector, e o que está facendo é permitir que o saqueen. ¿Vai sentar na mesa a industria, os gandeiros e a distribución para negociar ou vai permitir que sigamos sen ter capacidade negociadora e isto siga sendo unha feira onde se releen os prezos?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Está diante dun sector potente; actúe... (A deputada Ariadna Fernández González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural.



A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Señorías do BNG, somos plenamente conscientes da preocupación dos gandeiros e das gandeiras pola baixada de prezos do leite. Nin a entendemos nin a xustificamos, todo o contrario. A Xunta de Galicia está totalmente en contra da baixada de prezos da industria aos produtores. *(Aplausos.)*

Agora ben, vostedes aproveitan esta circunstancia para construír un relato que non se axusta á realidade e, de paso, culpabilizar, por suposto, a Xunta de Galicia e a conselleira do Medio Rural de chegar a esta situación.

A actual situación de extrema complexidade xeopolítica fai preciso que todos arrimemos o ombreiro para defender o sector produtor, que é esencial en Galicia. Falaban dunha forte volatilidade dos prezos, na súa exposición de motivos, nos últimos anos en Galicia. Non é certo, non o din os datos. Dende mediados do ano 2022 están nos niveis máis altos da serie histórica, e isto non significa que non haxa tensións puntuais. Esta estabilidade queremos defender entre todos. Falaban tamén da desaparición de explotacións e presentaban isto como un fracaso. Miren, non. É unha transformación, a mesma que se produciu en toda Europa; un proceso que sitúa Galicia como líder indiscutible deste sector. *(Aplausos.)*

A pesar do complexo contexto global, non estamos dispostos a que isto sexa unha escusa para provocar un descenso dos prezos que poña en serio perigo as explotacións galegas; e por iso, dentro das nosas competencias, estamos a tomar medidas —por suposto—: reforzamos os controis sobre os contratos que se están a renovar agora; imos revisalos escrupulosamente para garantir que cumpran a Lei da cadea: que se paguen os custos de produción é innegociable e, ao contrario, é ilegal. Ademais, intensificamos os controis sobre a trazabilidade do leite, ante as denuncias de que está entrando leite doutros países; imos comprobar escrupulosamente, en todas e cada unha das industrias, de onde vén ese leite e como se está comercializando —sen excepcións—. Calquera incumprimento será sancionado ou, de ser o caso, posto en coñecemento das autoridades competentes. E estamos a traballar con todos os axentes da cadea, con reunións continuas dende o 14 de marzo, é dicir, cos produtores, cos sindicatos, coas industrias e coa distribución para trasladarlles unha mensaxe moi clara: non se poden aplicar baixadas inxustificadas mentres o mercado segue demandando un produto nun país que é deficitario.

Por outra parte, exiximos ao Goberno central que actúe onde nós non podemos, coa AICA e coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para analizar esas posibles prácticas desleais. Reclamamos medidas fiscais e alegrámonos de que o Goberno as puxese en marcha...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...aínda que consideramos que son insuficientes. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten unha segunda parte.

Réplica da señora Fernández.



ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Falaba vostede, señora conselleira, de «estabilidade» dende 2022. ¡Vaia chea que teñen os gandeiros e as gandeiras! ¡Levan tres anos sabendo que non van fundir o mes que vén!: ¡que chea que levaron!

Mire, nós non lle temos unha billa: non abrimos e sae leite e pechamos e deixa de saír. (*A deputada Ariadna Fernández González fai, coa man, o xesto de abrir e pechar.*) Temos vacas, as vacas comen todos os días e, se non producimos todos os días, isto rebenta nun mes —rebenta nun mes—. E agora imos vender o leite oito céntimos máis barato.

Dixo un día o presidente da Xunta que este sector era un tesouro e que o había que coidar. Imos poñer exemplos do coidado do Partido Popular ao sector gandeiro: non temos análises de custos, polo que non sabemos se producimos a perdas; non garanten que se cumpra a Lei da cadea alimentaria; non fixeron a Resolución das incorporacións do ano 2025; denegaron o setenta por cento dos plans de mellora de 2024; temos a superficie agraria útil máis baixa do Estado; teñen o noventa por cento do Plan estratéxico do leite sen facer; e permiten que a industria pague sempre menos e nos saquee. Vostedes son o antirural feito política, señora conselleira.

Mire, fállolle de datos: no ano 2015, en Galiza, vendiamos o leite a 30 céntimos, no resto do Estado, a 32; no ano 2018, vendiamos o leite a 31 céntimos, no resto do Estado, ¡a 39!; no ano 2024, vendiamos o leite a 49 céntimos, no resto do Estado, a 51. E mentres nós perdemos millóns, vostedes calan, señora conselleira. Isto non é unha situación nova, isto vén de hai moitos anos. Pecharon máis de trescentas explotacións o ano pasado. O 75 por cento dos gandeiros di que non ten capacidade negociadora.

Déixese de sécolas, señora conselleira, e póñase do lado dos gandeiros nas negociacións, ¡xa!, e loite para que se fixe o prezo do leite onde se produce, que é aquí (*A deputada Ariadna Fernández González sinala para o chan co dedo indicador.*) e non en Madrid; porque as vacas ándanlle por Galiza e non pola Castellana. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Réplica do Goberno.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Señora Fernández, creo que non hai gandeiro que lle poida crer que a conselleira do Medio Rural non está do lado deles. Pode poñer vostede o TikTok (*Aplausos.*) que queira para mentir, que é o que fai habitualmente. (*Aplausos.*)

Mire, a vostedes écheselles a boca instando, pedindo, exixindo, criticando o Goberno da Xunta de Galicia, e, por suposto, a conselleira do Medio Rural. Non hai palabras que lles gusten máis ca esas, ¡pero facer exactamente, ¿que fan?! Xa llo digo eu: ¡nada!; absolutamente nada. ¿Pediron ao Ministerio aló, en Madrid, que modifique a Lei da cadea alimentaria para facela realmente efectiva? ¡Por suposto que non!, porque son moi bravos aquí e moi mansos en Madrid. (*Aplausos.*)



Mentres vostedes preparaban intervencións que lles desen esas visitas a TikTok que tanto lles gustan, dende a Consellería do Medio Rural... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Moléstame...! *(Interrupcións.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moléstame que mintan e que enganen; *(Un deputado ou unha deputada: ¡Bueno!...)* iso é o que me molesta, señorías; *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡iso é o que me molesta!: o engano.

Dende o día 14 reunímonos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* con representantes dos gandeiros e das gandeiras para escoitalos. *(Pausa breve.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Estamos rematando o pleno. Se é importante gardar silencio cando se fala desde a tribuna, moito máis importante é cando teñen a persoa, que está respondendo, a escasos centímetros; *(Murmurios.)* entón, pídolles, por favor, que garden silencio. Só queda unha pregunta. O pleno está rematando. Se non, eu terei que cortar o tempo, co cal, o tema complicarase.

Así que, moitas grazas. A verdade é que levamos unha sesión de preguntas con moito respecto; non nos alteremos agora. *(Murmurios.)*

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Dende o día 14 reunímonos cos representantes de gandeiros e de gandeiras para escoitalos e para saber o que precisaban, de primeira man. Mantivemos reunións —como lles volvín dicir— coa industria, coa distribución, cos sindicatos. Hoxe mesmo sentamos coa distribución e o mércores pasado coa industria. Deixeilles moi claro que as baixadas inxustificadas non son aceptables e que imos revisar cada contrato para garantir que se cumpra a Lei da cadea alimentaria. Imos reforzar os controis sobre o leite que entra doutros países e imos facer inspeccións específicas para evitar prácticas que prexudiquen os nosos produtores, sen concesións. E se vemos incumprimentos, por suposto que aplicaremos a lei coa máxima contundencia, como corresponde.

Vostedes seguen instalados na comodidade da crítica e, ademais, volven demostrar un descoñecemento preocupante. De verdade, señorías do BNG, ¿pensan que a Xunta de Galicia pode definir o prezo do leite? De momento, en España, hai unha democracia e non o comunismo que vostedes apoian. *(Aplausos.)* Vivimos nunha economía de mercado e nunha democracia. De feito, dende o Goberno da Xunta de Galicia, *(Aplausos.)* o que facemos é defender o sector coas ferramentas legais que temos ao noso alcance.

Os gandeiros e as gandeiras saben como traballamos. Levamos anos construíndo un sector máis forte. Hai máis de trescentos cincuenta millóns de euros anuais en axudas, dende o ano 2020 ata o ano 2025. Creamos ferramentas como a Conta Láctea para coñecer, con rigor, os custos de produción; instamos o Goberno a que asumise eses datos como oficiais —sen éxito, por suposto—.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, rematou o seu tempo.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa última pregunta ao Goberno.



Pregunta da deputada María Nazaret Cendán Gayoso e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as axudas postas en marcha coas ordes do 16 e 18 de decembro de 2025 para os proxectos colectivos de restauración da biodiversidade e recuperación de hábitats mariños e costeiros

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Cendán.

MARÍA NAZARET CENDÁN GAYOSO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

Galicia é un referente internacional na xestión pesqueira sostible. Á idiosincrasia da nosa terra únese a longa tradición da actividade do mar; unha actividade que nos permitiu desenvolver un coñecemento profundo sobre os ecosistemas mariños das nosas rías e das especies que neles habitan. A nosa comunidade marisqueira é unha comunidade responsable no eido ambiental e concienciada no eido socioeconómico, que soubo e está a xestionar os recursos mariños cun enfoque respectuoso co cal garantir a sustentabilidade da actividade a longo prazo; sustentabilidade pola cal a tradición se adaptou aos retos actuais e o fixo dunha forma pioneira co desenvolvemento de proxectos que procuran solucións científicas e prácticas adaptadas a realidades sociais. É unha forma de facer, unha política que non é casual, unha política —a da Xunta de Galicia— que, baixo o seu compromiso coa ciencia e cun enfoque integrador, permitiu que, hoxe, Galicia sexa considerada un referente na xestión pesqueira sostible e responsable.

É no marco desta política de xestión que os proxectos dirixidos á rexeneración dos bancos marisqueiros e á restauración da biodiversidade dos ecosistemas buscan recuperar a súa capacidade produtiva para, cara ao sector, sustentar a actividade e a estabilidade económica, cara ao medio, fornecer a resiliencia dos ecosistemas fronte aos desafíos climáticos e, cara ao consumidor, subministrar, de forma constante, os mellores recursos saudables e de calidade.

Polo tanto, señora conselleira, son uns proxectos esenciais para lograr o equilibrio entre a explotación e a conservación dos recursos, cos cales asegurar que, o día de mañá, as novas xeracións poidan seguir aproveitando os recursos mariños de maneira equitativa. É por iso que, e tendo en conta que estes proxectos contribúen para a saúde do noso mar e para o benestar socioeconómico da nosa comunidade marisqueira, hoxe lle preguntamos polas dúas últimas ordes de axudas publicadas e destinadas para este cometido. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Mar, dona Marta Villaverde.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Cendán.



Efectivamente, o pasado 2 de xaneiro o *Diario Oficial de Galicia* publicaba dúas ordes de axudas da Consellería do Mar. A primeira delas referíase a proxectos colectivos cofinanciados polo FEMPA para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables. O importe desta orde ten un crédito total de 1,9 millóns de euros, en dúas anualidades. A segunda orde de axudas destinarase para proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan para unha mellora da súa xestión e da conservación sustentable dos recursos mariños. O importe máximo desta segunda orde é de 300.000 euros, nunha única anualidade.

É importante indicar que o prazo para presentar as solicitudes destas ordes acabou o día 2 de febreiro e que se recibiron un número significativo de solicitudes. Para a primeira, recibíronse 39 solicitudes. Así, os proxectos presentados suporán máis de 6 millóns de metros cadrados de superficie rexenerada, máis de 90.000 metros cadrados de aportes de áridos e máis de 16,5 millóns de unidades de semente. E en canto á segunda orde de axudas, recibíronse 22 solicitudes, que suporán máis de 370.000 metros cadrados de superficie rexenerada e máis de 15 millóns de unidades de semente.

Se facemos un balance, dende o ano 2014 ata o 2025, da Orde de axudas de restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, podemos dicir que se aprobaron, en total, 409 proxectos, por un importe total de 15,6 millóns de euros. Todo isto permitiu actuar sobre máis de 16,6 millóns de metros cadrados de bancos marisqueiros e facer unha sementeira de preto de 236 millóns de unidades de ameixa. Ademais, achegáronse áridos nunha superficie de 531.321 metros cadrados. En canto ao balance da outra orde, da Orde de proxectos de rexeneración, quero destacar que, entre os anos 2020 e 2025, se produciu un investimento de preto de 1,4 millóns de euros; aprobáronse en total 124 proxectos que permitiron actuar sobre 665.000 metros cadrados de bancos marisqueiros e sementar máis de 48,7 millóns de unidades de semente. Todos estes traballos de rexeneración beneficiaron innumerables confrarías.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica da señora Cendán.

MARÍA NAZARET CENDÁN GAYOSO: Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, señora conselleira. Sen dúbida é unha exposición que permite reafirmar que Galicia é un referente na xestión pesqueira responsable e sostible, aínda que algúns se forcen en negar a evidencia.

Vaime permitir que agora introduza o concepto de gobernanza; un modelo de colaboración que implica compartir responsabilidades na toma de decisións sobre os recursos marisqueiros, o cal garante e facilita unha xestión máis eficiente, xusta e sustentable; un modelo que permite tomar decisións informadas e compartidas para que todos traballen xuntos na interpretación dos datos e no acondicionamento de cada práctica; en definitiva, unha xestión



adaptativa que é esencial, como estivemos a comprobar nos últimos anos, para afrontar os retos dun sector nun contexto de dureza meteorolóxica e constante cambio climático, e que nos se exige dun proceso continuo de avaliación e axuste aos resultados obtidos. É así como, dende Galicia, se fomenta un ciclo de retroalimentación entre o coñecemento científico, a experiencia do sector e as decisións políticas. Isto foi, precisamente, o que estivo a realizar xunto co seu equipo nas últimas semanas, en consecuencia dos incesantes temporais: identificar o grao de afectación dos bancos marisqueiros para agora pór en marcha unha serie de medidas encamiñadas á súa recuperación e rexeneración.

Mentres que o Partido Popular coida do seu mar e das súas xentes, o PSOE segue a desprezar Galicia co aplauso teimudo e silencioso do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) É por este coidar polo cal pregunto agora á nosa conselleira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Cendán.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas de novo, señora presidenta.

Tal como se anunciou no Consello da Xunta do pasado luns, o Goberno galego vai mobilizar 22,7 millóns de euros en medidas a curto, a medio e a longo prazo. Todo isto para recuperar e rexenerar os bancos marisqueiros. Deles, 19,2 millóns de euros destinaranse para ofrecer, ás confrarías ou ás entidades titulares dos plans de xestión, a posibilidade de asinar convenios bilaterais de colaboración coa Consellería do Mar. Estes convenios deben incluír, entre outros extremos, un proxecto de rexeneración específico, que será elaborado polas propias confrarías ou entidades, que son as titulares das autorizacións e, ademais, son as que mellor coñecen as circunstancias de cada banco marisqueiro en que traballan. Incluirán actuacións como a limpeza e o acondicionamento do substrato, a vixilancia, as sementeiras ou o control de depredadores.

Deste xeito, a sinatura dos convenios por parte das entidades posibilitará que se remuneren os traballos ás persoas mariscadoras que os realicen. A remuneración destes labores terá carácter retroactivo dende o día en que conste, na resolución, que se suspendeu a actividade extractiva. Consideramos que esta fórmula escollida, que require dun compromiso decidido tamén das confrarías, é a mellor maneira de poder axudar o sector a realizar os traballos de rexeneración dos bancos e poder así garantir o futuro da actividade marisqueira.

Tamén, á parte destes convenios, recóllense outras actuacións, como o feito de destinar 1,5 millóns de euros para a repoboación de especies ou 2 millóns para proxectos de conservación e de restauración da biodiversidade mariña. Xunto a estas actuacións, haberá outras actuacións, de carácter normativo ou de carácter social, e, deste xeito, a Consellería do Mar prevé a prórroga dos plans de xestión marisqueira ata o ano 2029 e propondrá tamén unha modificación da normativa estatal para mellorar a protección social das persoas mariscadoras. Así mesmo, tamén iniciamos xa outras actuacións, como a solicitude da exención das cotas da Seguridade Social para as profesionais afectadas pola suspensión da actividade; a



posta en marcha da elaboración do Plan de acción do marisqueo 2026-2031; o desenvolvemento dun xemelgo dixital; o impulso de sistemas de preengorda de semente e a posta en funcionamento da *hatchery* do Vicedo, que, tal como anunciei neste Parlamento, comezará a funcionar xa no mes de abril.

En definitiva, a Xunta de Galicia reafirma así o seu compromiso co sector marisqueiro. Estamos seguros de que será un compromiso mutuo por parte tamén do sector, que permitirá dar unha resposta integral que combine medidas ambientais, económicas e sociais cun obxectivo claro: acelerar a recuperación da produtividade dos bancos marisqueiros e, deste xeito, garantir a sustentabilidade e a estabilidade das persoas mariscadoras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.


Con esta intervención, dabamos resposta á última pregunta que figuraba na orde do día.

Remata a sesión plenaria.

Boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás tres horas e catorce minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

